33 xulio
agosto
setembre 1971

GRIAL



E. GONZALEZ LÓPEZ: A Guerra da Independencia en Galicia

SALVADOR LORENZANA: Leendo a Kafka

J. VILLA-AMIL CASTRO: Cuadro histórico de las costumbres de la nobleza gallega en el siglo XIII

XAVIER ALCALÁ: O Estudante. Apuntes pra un romance

FÉLIX PITA: Un rosto pra François Villon

MARINO DÓNEGA: Un home, unha aventura, un tempo. Fernando *Osorio do Campo*

M.ª DO CARMEN GARCÍA: "O Porviso"

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA
N.º 33 — XULIO, AGOSTO, SETEMBRE 1971

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

A Guerra da Independencia en Galicia: A insurrección rexional galega e as Xuntas do Reino de Galicia, por EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ 257
Leendo a Kafka, por SALVADOR LORENZANA 264
Rodrigo Gómez: Cuadro histórico de las costumbres de la nobleza gallega en el siglo XIII, por JOSÉ VILLA-AMIL Y CASTRO 273

ESCOLMA

O Estudante. Apuntes pra un romance, por XAVIER ALCALÁ 303
Un rosto pra François Villon, por FÉLIX PITA, trad. de S. L. 323

PENEIRA DOS DIAS

Un home, unha aventura, un tempo: Fernando Osorio do Campo, por MARINO DÓNEGA 333
Unha nota de leitura: "Os vellos non deben de namorarse", de Castelao, por CARMEN CANEDA 339
Contribución á bibliografía de Valle-Inclán. Data do seu segundo viaxe a Madrid, por ANTONIO E. MALLO 343
Compostela, por ÁLVARO CUNQUEIRO 351
"O Porviso", por M.ª DO CARMEN GARCÍA RODRÍGUEZ 355
Arredor de "Merlín e familia", por MATILDE FELPETO LAGOA 358
LIBROS, por *R. Piñeiro, Salvador Lorenzana, Xavier Carro, Basilio Losada Castro, V. A. L., e G.* 363
O REGO DA CULTURA 380

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: Anxel Sevillano García. — Codirectores: Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego. — Consello de Redacción: R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.

A GUERRA DA INDEPENDENCIA EN GALICIA: A INSURRECCION REXIONAL GALEGA E AS XUNTAS DO REINO DE GALICIA

A Guerra da Independencia española contra os franceses é de certo a xesta nacional máis importante da historia da España moderna; e Galicia tivo nela unha participación sinalada, pois foi a primeira rexión que se viu libre de franceses, gracias ás súas propias forzas e esforzos. O dominio francés de Galicia foi o máis breve de toda España; e esta brevedade debéuse á resistencia organizada do pobo galego que rexeitóu do territorio de Galicia dous dos corpos de exército franceses máis famosos, o 2.º, do mariscal Soult, e o 6º do mariscal Ney.

Na xesta nacional española hai unha profunda diferencia entre a resistencia de Galicia contra o invasor e a que houbo noutras rexións españolas: nestas foron o exército e máis as guerrillas os que levaron case todo o peso da acción militar, mentres que en Galicia foi a poboación enteira, nunha insurreción rexional xeral, incruindo na poboación ao exército e ás guerrillas.

En xeral os historiadores españóis da Guerra da Independencia non adoitan a percibir o singular carácter da resistencia galega; e son parcos tamén no relato da gran insurrección rexional de Galicia contra os franceses. A razón desta incomprensión e parquedade procede de que aplican ao seu relato desta guerra en Galicia os mesmos puntos de vista e perspectivas da loita noutras rexións. Un dos poucos historiadores españóis desa guerra que percibíu de maneira crara o carácter da insurrección rexional galega foi o conde de Toreno, testigo e partícipe de algúns destes sucedos, na súa *Historia del levantamiento, guerra y revolución de España* (Madrid, 1835). En cambio espresóuse de novo esta incomprensión da Guerra da Independencia en Galicia na recente obra de Miguel Artola Ga-

llego, *La España de Fernando VII* (Madrid, 1968), que constitúe o XXVI volume da *Historia de España* que comenzóu a dirixir D. Ramón Menéndez Pidal.

O historiador estranxeiro que caletróu máis a fondo no carácter desta epopeia galega é o norteamericán Gabriel H. Lovett, na súa obra *Napoleón e o nacemento da España Moderna* (New York, 1965, en inglés). Ao estudar Lovett a actividade dos grandes guerrilleiros españóis, especialmente nas rexións do norte, dende Navarra a León, advirte que a resistencia galega contra o invasor tivo un carácter moi distinto ao das guerrillas, e seguíu (a comenzos de 1809) máis o modelo de unha insurrección rexional xeral que o das guerrillas españolas. Lovett sinala que esta insurrección rexional galega tivo o mesmo carácter que outros dous movementos ocurridos nesta época en dúas rexións europeas moi alonxadas de Galicia: o da Vendée, contra a Primeira República Francesa, e o alzamento, nese mesmo ano 1809, do Tirol contra Francia e o seu satélite Baviera, á que se lle tiña dado o goberno desta rexión austríaca, despóis do final da guerra entre Francia e Austria.

Contra os invasores franceses, que ocuparon só partes de Galicia, de mediados de xaneiro a fins de xuño de 1809, erguéronse en masa as provincias galegas do sul, sobor de todo as de Ourense e Tui, e partes das de Lugo e Santiago. Os dirixentes dese alzamento xeral da poboación galega pertencían a todas as crases sociáis, uns era civís, outros militares e eclesiásticos, pero non eran guerrilleiros no sentido que se lle dá xeralmente a esta palabra nas historias españolas senón os verdadeiros e lexítimos cabezaleiros das xentes da comarca alzada, por razón do cárrego político, administrativo, militar ou eclesiástico que tiñan, ou polo seu prestixio social.

Neste tempo de grave crisis nacional, en que se afundiron os organismos es os resortes do poder central, tanto os civís como os militares, púxose en movemento a auténtica estrutura administrativo-social do noso país, na que as parroquias eran o organismo máis vivo do campo galego. E foron as parroquias as que, unhas veces encabezadas polos seus propios abades e outras por algún cabezaleiro elexido por elas, organizaron as milicias paramilitares, o que non tén parangón no resto de España, pois as que se organizaron noutras rexións foron as das grandes vilas e cidades, sobre todo as sitiadas; e a estas milicias fóronse acoplando continxentes militares.

Foron as milicias paramilitares galegas as que, dende o primeiro intre da insurrección, atacaron en campo aberto aos invasores franceses, comenzando polas primeiras accións na zona fronteiriza —entre Ourense e Tui— de Crecente, e seguindo

pola de Ribadavia, xa en febreiro de 1809, contra o 2.º exército do mariscal Soult, que marchaba cara Portugal para reducir o reino veciño. Foron estas milicias as que, dirixidas polos seus improvisados dirixentes, atacaron e conquistaron a fortificada e ben guarnecida praza de Vigo (o 23 de marzo do 1809), capturando a súa enteira guarnición, estrevéndose aínda a sitiar a praza de Tui, onde había unha brigada francesa gardando o depósito de artillería pesada do seu 2.º corpo de exército, baténdose dediante de aquela praza con outra brigada enviada polos franceses dende Compostela para romper o cerco; e forzaron aos franceses a evacuar Tui, axudados por unha división chegada urxentemente de O Porto (13 de abril de 1809) e internarse en Portugal.

Os guerrilleiros españóis operaron no campo, sobor de todo nas comarcas montañosas, e atacaban por sorpresa aos franceses en campo aberto ou en vilas non fortificadas; e o asedio das prazas guarnecidas e fortificadas corréu a cárrego, nas outras rexións de España, do exército regular español ou do inglés. As prazas de Vigo e Tui foron conqueridas en loita sistemática, sin solpresa, pero con grande tesón, polas milicias paramilitares galegas.

Estas milicias, formadas en Trasdeza, no Ribeiro, no Carballiño, en Valdeorras, en Cotobade, en Ponteareas, en Quiroga, en Monforte de Lemos e en tantos outros lugares da nosa terra, foron as que formaron de seu, sin axuda allea —salvo a de algúns militares, sobor de todo oficiáis do Batallón literario compostelán—, a famosa *División do Miño,* columna vertebral do exército galego, que derrotóu na Ponte de Sampaio ao 6.º corpo de exército francés de Ney, pondo con esta batalla fin ao dominio francés en Galicia.

Unha vez libre Galicia de invasores, as milicias paramilitares galegas, convertidas xa en auténticos reximentos de liña, saíron da súa terra para librar de franceses ás outras rexións de España, sofrindo o seu primeiro bautismo da sangue fora de Galicia na batalla de Tamames (18 de outubre de 1809), en terras de Salamanca, na que de novo derrotaron ás tropas do 6.º corpo de exército francés. Estas forzas galegas continuaron combatindo durante os varios anos que durou a Guerra da Independencia, xa fora da súa terra, dende Andalucía a León, pasando por Extremadura, pertenecendo unhas veces ao Exército da Esquerda, outras ao 5.º exército de Extremadura e outras ao 4.º, co que tomaron parte na batalla de San Marcial, case na fronteira española con Francia, que foi a derradeira acción importante desta guerra librada en chan español.

Un dos principáis elementos aglutinantes da resistencia galega, convertida en insurrección rexional, foi a súa organización comarcal, seguindo o sistema tradicional da vida galega, unida á súa xeografía, á súa historia e os máis vellos costumes. No momento en que esborrallóu o aparato político-administrativo central e deixaron de funcionar os seus resortes, comenzaron a operar os máis unidos á realidade viva da nosa terra, e foron estes os que lle deron alma e corpo á resistencia galega contra o invasor, que tiña atemorizada a Europa enteira, pero que non chegóu a desmoralizar ao pobo galego.

Unha das entidades máis vivas que funcionóu entón foi a parroquia, sobor de todo naquelas comarcas que teñen unha unidade natural, chamadas "terras" na nosa língua, coma se foran a espresión máis entrañable do noso pobo, da súa xeografía e historia.

As Xuntas de Defensa locáis e comarcáis xurdiron espontáneamente nas distintas partes de Galicia, coma si foran a espresión máis viva do seu ser nos momentos de crisis, para organizar a resistencia contra o invasor. Conservánse as actas das xuntanzas de unha desas Xuntas comarcáis, a de Trasdeza, na entón provincia de Santiago e hoxe na de Pontevedra. Estas actas, de unha das Xuntas máis activas na loita contra os invasores franceses, son un dos documentos máis valiosos da moderna historia de Galicia, da historia colectiva do pobo galego, pois nela reaparecen como unha realidade viva, consustancial coa nosa terra, os delegados parroquiáis coma se foran unha versión moderna dos vellos clans celtas.

Estas Xuntas comarcáis, ao organizaren a resistencia galega nos seus distritos, asociaron a ela unha serie de militares profesionáis, uns de alta graduación, como o xeral Martinengo, que mandaba unha divisón do exército galego, e que ao comenzar a insurrección xeral de Galicia aparece asociado á Xunta de Monforte; e outros de menor graduación, como o capitán Bernardo González, máis conocido polo seu nome de guerra de *Cachamuíña,* ourensán, que tomóu unha parte moi activa na organización das milicias paramilitares nos distritos ourensáns do Ribeiro e Carballiño; e outros só tenientes, como os irmáns Martínez, do batallón literario compostelán, que foron a alma das milicias da terra de Trasdeza e que combatiron con singular heroísmo contra os franceses nas terras da súa comarca.

Tan importante coma o esprito de organización local e comarcal, que xurdíu espontáneamente para encauzar a resistencia galega, foi a arela de que todas as Xuntas locáis e comarcáis reconoceran a autoridade de unha Xunta Suprema de

Defensa do Reino de Galicia, como lexítima encarnación e representación do seu pobo. Esta arela manifestóuse dende o primeiro intre da Guerra da Independencia cando a Xunta de Defensa e Armamento da Cruña, formada na capital galega nos derradeiros días de maio de 1808, transformóuse na Xunta Suprema do Reino de Galicia con representantes elexidos polas sete provincias galegas. Pero esta Xunta presidida polo Capitán xeral da rexión, suprema autoridade do poder central na nosa terra, que tiña organizado o primeiro exército galego (que loitóu máis fora de Galicia que dentro dela —en Vizcaya, Castilla la Vieja, León—, para deter o avance francés cara a nosa terra) deixóu de esistir ao tomar o mariscal Soult, co seu 2.º corpo de exército francés a praza da Cruña sede da Xunta, despois do embarque no porto herculino das tropas inglesas de Sir John Moore.

E xustamente cando desapareceu esa Xunta cívico-militar, coa conquista da Cruña por Soult, sentíuse con máis forza, en todas as partes de Galicia, a necesidade da súa esistencia, de que funcionara un organismo político-administrativo galego, en representación da nosa rexión, que encauzara a resistencia, a insurrección contra o invasor que palpitaba en todos os lugares, coma se fora un terremoto no chan e máis na poboación. E as xuntas comarcáis que se formaron en ausencia de unha Xunta Superior de Galicia só tiñan unha constante arela: formar unha Xunta Central Galega que unificara o esforzo común dentro dos límites naturáis da nosa rexión. Esta viva aspiración tomóu corpo cando se formóu, nas montañas ourensáns, a *Xunta de Lobeira*, presidida polo bispo de Ourense, D. Pedro Quevedo e da que formaban parte os representantes da Xunta Superior Central de Sevilla, D. Manuel Acuña, canónigo, o teniente coronel D. Manuel García del Barrio e o teniente D. Pablo Morillo, así como outros varios representantes das xuntas comarcáis galegas, sobre todo ourensáns.

A Xunta de Lobeira, que organizóu as milicias paramilitares que se integraron en gran parte na famosa *División do Miño,* foi pronto reconocida por todas as xuntas comarcáis como a Suprema Autoridade de Galicia. E só desapareceu cando, vencidos xa os franceses en Galicia, posesionóuse do mando da Capitanía Xeral de Galicia o marqués de la Romana, que non tiña contribuido persoalmente á victoria contra o francés, inda que sí a maior parte dos xeneráis do seu exército, algúns dos cales estiveron presentes na batalla de Sampaio.

Terminado o mandato do marqués de la Romana e do seu sucesor o conde de Noroña ao frente da Capitanía Xeral de Galicia, volvéu reaparecer a Xunta Suprema de Galicia como

representación do noso pobo; e con ela as xuntas comarcáis que tiñan sido disoltas polo marqués. Esa nova Xunta de Galicia, radicada na Cruña, foi a única rexional que funcionóu en todo o tempo que duróu aínda a Guerra da Independencia (1810-1814), sendo reconocida a súa autoridade non só en toda a rexión senón polos organismos do poder central que eran entón a Rexencia e as Cortes de Cádiz.

EMILIO GONZALEZ LÓPEZ
New York

kafka

LEENDO A KAFKA

UN ESCRITOR SIGULAR

Ao longo de moitos días andivemos a lér e a relér as obras de Franz Kafka. Mesmamente por ser Kafka o escritor moderno máis comentado e espricado, pouco se pode decir del que non se teña xa dito. Nembargante, tendo en conta algunhas das opinións reiteradamente espresadas, e amecéndolles a impresión personal que a ún lle poida espertar a produción kafkiana, cabe amosar a presencia dun mundo singularizado que tanto leva influido na literatura dos nosos días.

Denantes de nos mergullar na vida e máis na obra do orixinal escritor, evocamos a *Descrición dunha forma;* un ensaio no que Martin Walser tencionóu demostrar que "todo Kafka" está contido na súa obra. Pero prácenos lembrar aínda millor. *A vida dun escritor* de Claus Wagembach. Porque eiquí, nestas páxinas, ollamos a un home común; a un home que apenas se revela sicolóxicamente máis compricado que calisquera outro escritor. Reconoce, xa que logo, Wagembach o "complexo do pai" que Kafka padecéu. Porén engade que sería moito millor falar dun "complexo de entorno".

Imos informándonos nestas páxinas de que Kafka foi o produto dunha nenez descoidada; de que a súa educación estivo librada a tres ou catro mulleres do servicio doméstico. E tamén de que, na súa posterior vida de adulto, sofríu a imposibilidade de se adicar de cheo ao único que desexaba: a literatura.

A conciencia de que andaba a queimar a súa vida nun emprego burocrático torturóuno fondamente. De tal xeito que si —como suxire Kagembach— a tisis non foi "voluntaria", o escritor acolléu, en troques, a doenza, como unha especie de salvación: Era o que, ao cabo, lle permitiría —sin necesidade de recurrir a outras escusas— entregárese á súa pasión dominante. Mesmamente por eso, e non por unha suposta impodencia, rompéu o seu noivado con Felice Bauer; e todas as súas outras relacións con mulleres están siñadas pola mesma precariedade.

Si Kafka ademiraba a forza física —e algúns dos seus relatos adícanse a esaltala— foi por mor do seu propio delicado orgaísmo. Si a *Carta ao pai* é un "documento autobiográfico doorosísimo e escurísimo", é, ao mesmo tempo, "unha imaxe

moi desformada de moitas circunstancias" da vida do escritor. Si o estilo déste enceta na literatura un "xeito" de desapoderamento estremo, ven ser soio por motivos sicolóxicos: "A emancipación que do fogar paterno non acadóu endexamáis, atinguíuna, ao menos, do mundo que o arrodeaba".

Foi Franz Kafka un home metafísico; un home que, ao marxe das circunstancias da súa vida —inda que éstas poideran ter influído nela— creóu unha das obras máis singulares de todos os tempos; un home que chegóu a cifrar a súa época, que é tamén en boa medida a nosa, en libros perdurábeles.

Praga: o escenario

Era o 3 de xulio do 1833 cando Kafka xurdíu á vida na vedraia e siñoril cidade de Praga. A casa onde nacéu daba canto a dúas rúas. O pai viña sendo un sinxelo tendeiro de artigos de fantasía. Os Kafka cambearan moito de fogar. Viviron frente do peirao, ou nunha ochava da praza do Bairro Vello, outravolta de cara ao río; nalgún intre, nun edificio onde pola fiestra do coarto de Franz dexergábase a capela dunha eirexa cun anxo barroco de tamaño natural.

O rapaz leva unha doble vida. Por de fora é o fillo, o primoxénito facareño que ha rezar o prego resgatador dos difuntos polo seu coruscante pai; porque el sentira moi pouca cousa dediante do autor dos seus días; pero quen ha pedir por "papá", polo seu destino no outro mundo, é el... Por outra banda, e tamén por de fora, é o funcionario que chega a ocupar un cárrego semioficial; e é, asemade, un espectador, un paseante ruador da súa cidade. Cara o outono abouraba ás raparigas. A unha delas escríbelle unha carta da que se arrepinte non ben a bota no buzón.

Como paseante non é un soedoso, e cando alguén se lle achega non o desacouga. Escóitao máis ben doadamente, con esa sobexada atención da xente envisa; coas témeras orellas un algo tesas, a raia no meio partíndolle o cabelo, os pómulos aguzados polo esforzo da marcha, e o desexo de ouvir deica o fin: un gato misterioso, non de luxo, que quererría ser de cote un bo gato.

No tocante ás rapazas, Franz amábaas, e algunhas amábano tamén a el; pero "tiña" que as deixar, e sucedía sempre algo polo que, ao cabo, acadaba o seu segredo espasmo. Despóis choraba, porque por de fora quería casárese e lle non importaba, como casado, "trocarse nun parvo". E cando, andando o tempo, elas falábanlle de que casaran con outro, Franz sentíase ditoso outravolta no seu coarto, na casa do seu pai; e alí ouvía polas noites, a traveso das habitacións, o

seu alentar de trunfador na estancia matrimoñal quente e sagra.

Ás veces tencionaba sustraguérese, medrar, medrar, vivir aparte na pousada; ou subalugando un piso nalgún pazo, na rúa dos Alquimistas, onde aínda ensinan a súa gaiola aos que visitan Praga. Daquela, soio, o Kafka de por dedentro esleíase aínda máis pra se refacer, na precura dun orde que andivo decote a catear. Loitaba, porque se lle ocurrían todas as cousas, non dende a raizame senón en certo xeito dende a mitade.

Son os anos madurecidos, cando se vai alonxando aquela infancia súa tan peculiar; unha infancia que se desenvolve baixo da ollada dun pai "en estado permanente de carraxe e ameaza". Como escolar, esta ollada persígueo tras das facianas dos seus profesores. Dela deixóu lembranzas inesquecíbeles nos seus escritos. E deixóunas tamén da súa vida toda Xa se chame Xosé K. Raban, Gregorio Samsa, O Agrimensor, Xurxo Bendemann, Xosefina a Cantante, o Campeón do Xudo ou o Trapecista, o héroi dos seus libros non é outro que Kafka mesmo.

A VOCACIÓN LITERARIA

Escribir, Franz Kafka quixo escribir sempre. E tamén falar, el que tatexaba dediante do seu pai. E chegóu mesmo a lér algunha obra súa en público, e anacos doutros autores. Enteiramente, leu nunha velada o seu estudo encol do *Miguel Kolhaas o tratante de cabalos,* de Kleist.

Dende o 1910 deica o 1923, Kafka levóu diferentes *Xornáis.* Tratábase de eidos dunha loita atroz, de mundos lucidíos enganchándose os unos aos outros como as anelas do prestidixitador. "Abonda que me teña comportado humanamente durante algunhas horas —dí—, como hoxe na cas de Max e logo en cas de Baien, pra me sentir cheo de orgullo no intre de me deitar".

A súa sensibilidade de escritor faille compaña na vida. Impídelle non sofrir, non se conmocionar ate dunha escadeira, a baranda de pedra dos degraus que levan ao peirao na *Ponte Checa,* "moi costenta —ouserva sotilmente— como si somente ofrecera unha rápida insinuación". E outro día descobre, na banda de enfrente do río, unha nova escaleiriña; porque xa é outono e esbandallaron a vranceira escola de natación, e velahí está a escaleiriña baixo dos albres ateixados decíndolle que se achega o inverno.

"No intre de escribir —analízase a sí mesmo— é doado ouservar en min unha grande concentración de forzas únicamente ao servicio da literatura. Cando se fixo evidente no meu orgaísmo que a literatura era a posibilidade máis pro-

dutiva do meu ser, todo se encamiñóu nesa direción e deixóu valeiras aquelas aptitús que corresponden ás ledicias do sexo, do xantar, da bebida, da reflesión filosófica e, sobre todo, da música. Atrofiéime en todas esas direcións".

É tan literato Kafka, que todo o controla en sí mesmo ao servicio da súa literatura. E eso deica o punto de se non permitir beneficiarse da pureza de calisquera sensación, deixándoa espandírese polo seu ser. E así amorea rápidamente sobre dela, outras imprevistas, de menor forza, insinificantes, espilidas, que o obrigan a un máis arrebasado casamento de ideas; o cal, xa que logo, rematará por enfeblecelo físicamente. Era alguén que estaba a guindar arreo sobre de sí unha pedra na súa auga interior, pra ver que pasa; pra mirar cantas ondas concéntricas e escéntricas provoca o croio. O esforzo era grande, e o resultado conocémolo.

Como todo bon literato, desexaba escribir sin interrucións. Unhas interrucións ás que o obrigaba a súa outra vida e que —ben o sabía el— condenábano a esa inferioridade que supón o non poder escribir ao longo de toda a noite, moitas noites arreo. Arrepiábao alonxárese do que tanto lle costaba conseguir: a continuidade, esa reclusión, esa inspiración en cadea, pola que o escritor dáo todo.

Abalante, Franz Kafka botáballe as culpas á oficiña, á súa vida diurna, a ter que ir ao café a conocer un tal. Culpaba tamén aos bruídos, ao chirrar do tranvía dobrando o canto da súa casa. O escritor chegaba a creer que a súa casa, o seu propio coarto, era o coartel xeneral do bruído. Feríao todo. O luído da "robe de chambre" do seu pai tocando a alfombra, cómo rañaban na estufa pra lle tirar as cinzas. E cando a casa ficaba silandeira e emprincipiaba esoutro barullo do rechouchío dos canarios, máis delicado, millor distribuído, pero, polo mesmo, máis desesperante, sentía un algo novo: daquela pensaba que podería abrir unha regandixa na porta, e por alí, arrastándose como unha cobra, chegar a outra habitación e pregarlle á súa irmá e máis á gobernanta que calasen.

Tampouco a noite era lene pra el, nin a poesía, nin o entusasmo. Andaba a soñar moito e anotaba os seus soños. Ás veces sentíase tan feble, tan furricos, que chegaba a lle contar ao seu xefe, na oficiña, o que soñara. E mentras o facía íanselle crarexando algúns símbolos: que os anteollos do soño eran os da súa nai, quen adoitaba sentárase á beira del nas noites que xogaban ás cartas, e mirábao por debaixo dos anteollos. E cando coidaba durmírese xa, perto do meiodía, decatábase de que non estaba durmido e que, por derriba del, xacía unha muller de cera.

Escribía Kafka dende as seis da mañá, durante todo o día, deica a outra mañá. De súpeto chegaba un intre no que

descobría que a súa man esquerda aferraba á dereita polos dedos, "por compasión".

O TEMA DA "METAMORFOSE" ANIMAL

Aló no ano 1911, Franz Kafka escribe de primeiras un conto coherente, co tíduo de *O Veredicto*. Redacta tamén o capítulo que enceta *América*, e que aparez no 1913 baixo do rubro de *O Fogoneiro*. No mesmo ano publica as *Meditacións*. Algo denantes, no 1912, emprincipia *A metamorfose*, e no mesmo 1913 escomeza a escribir *O Proceso*. Semella que nunha soia noite fixo Kafka *O Veredicto*. Trátase dun conto fascinante, moi ben artellado, que ven ser un drama sicolóxico. A bondade, tan rara no escritor, domina as páxinas de *O fogoneiro*. Con un conto e máis co outro, o seu autor adeprendéu a escribir e a impoñer os seus mitos.

Kafka non ha ter outra posteridade máis que a da súa obra. Tiña renunciado ao casamento pra preservar a súa parte criadora. Deixóu o seu emprego polas mesmas razóns, cando adequiríu conciencia do carácter escrusivo da súa vocación literaria. Sitúase e afúndese nos seus temas, como un animal se afunde na súa toveira. A súa fascinación baséase adoito no seu arte pra se pechar; e pecha a súa narrativa nun xeito de galería do sochán da vida pecha e amurada. Pois denantes de espresar a soedade do home dediante dun ceo valeiro, apreixa a soedade do home en sí mismo. Neste senso, *A toveira* é representativa da estructura e da inspiración de abondosos contos: ao longo de páxinas e páxinas, os cálculos dun animal senlleiro que vive baixo da terra, cava galerías e constrúe unha cidade soterrá.

Antre 1912 a 1914 xurden *A metamorfose* e máis *A colonia penitenciaria*. Todo sigue a ser sombrizo e trivial naquéla. E é, sin o menor efeitismo, sin a máis miuda advertencia ao leitor, como se desenvolve a historia de Gregorio Samsa, que: "nunha mañá, ao se espertar dun soño abritado, atópase riba do seu leito trocado nun verdadeiro insecto".

A partir de Poe, o misterio do fantástico compartillará —con Stevenson, con Hawthorne, con Melville, con James, e, ao cabo, con Kafka— a trascendencia inmanente á vida mesma. Corresponde, nefeito, ao autor de *A metamorfose* a redención do ouxeto fantástico no plano dunha realidade cotiá que, ao esaltalo por contraste confírmao na súa minoridade. A curiosa trasformación que informa o relato, se non destaca do héroe mesmo. Pola contra, Gregorio Samsa e o insecto no que cai son inafastábeles deica o cabo da historia: aturan unha esistencia promiscua. O feito de que aquél perviva no insecto, reborda así o hachado literario, pra encetar unha etapa decisiva no papel de ouxeto fantástico. De agora en

diante, éste ha abandoar a súa trivialidade orixinal; e faráo pra servir ao drama dunha vida apreixada nas redes ausurdas do cotián.

O outro conto ten, asemade, un feitío moi de seu. Soio un arte fondamente sombrizo e fondamente preciso fai aturábel o sadismo de *A colonia penitenciaria*: un campo de represalias, onde os condanados son ríspidamente castigados pola menor falla.

Albéres e Boisdeffre estudaron asisadamente os contos de Kafka. Repasaron aos hérois do escritor neses contos: Un home trasformado en cempés, un axunador profesional, un trapecista, un viaxante de comercio, unha teipa, o fantasma dun cazador en *O cazador Grachus*. Cada quen deles é unha conciencia, a conciencia apricada que leva o relato; pero unha conciencia apreixada nun corpo anormal, que se troca en conciencia maníaca.

Engadamos un rato, en *Xosefina a cantante ou o pobo dos ratos*. Amezamos un can, en *Percura dun can*. E un mono tro-o tema da "metamorfose" animal. En relatos que teñen todos eles a forma ousesionante e precisa de memorias, Kafka recomeza decote —e raramente remata— as "memorias" dunha conciencia "degradada".

Na *Muralla china* atopamos o mundo de Babel. Un mundo que os homes non saben construir e que Deus abandoa. Trátase dun lugar anónimo, perdido no espacio asiático, onde as distancias son inmensurábeles. Os chinos de Kafka obedecen a orden cunha autoridade que quezáis xa non esista. *A muralla china* difunde darredor do home a relatividade do tempo e máis do espacio. Ao tema dun mundo sin comunicacións superpón o tema da grande costrución inacabada. Neste universo é onde o home anda a traballar denodadamente, onde erra e se desvía.

As obras inacabadas

Con Kafka, o acto de escribir e máis a conquista da linguaxe, non coinciden co dominio dunha esistencia. A obra conduce ao autor ao beiril do suicidio. O problema de Kafka non consiste en saber cómo ha espresar o mundo que o arrodea, sinón cómo vai chegar el mesmo a se espresar. "A meta esiste, o que falla é o camiño". ¿Cómo sobardar esas dúas imposibilidades vitáis: a de escribir e a de se manter silandeiro? Kafka vivíunas deica o ausurdo. "Algúns negan a miseria sinalando o sol; el nega o sol amosando a miseria". Ese xudeu de língua alemá, illado na comunidade checa, prantexa por vez primeira o problema da validez da linguaxe.

O novelista conta menos que o profeta ousesionado polas súas visións que cava na escuridade o "pozo de Babel" e prediz

a morte do humanismo ocidental. Ese Kafka que, dende o balcón dun hotel de Berlín, mira desfiar aos "spartakistas" e marmura: "¡Son donos da rúa e cóidanse donos do mundo! Engánanse. Tras deles avantan xa os segredarios, os burócratas, os políticos profesionáis. A revolución evapóraše e soio queda o sedimento dunha nova burocracia. As cadeas da humanidade torturada están feitas de papel de ministerio".

A mesma anguria dediante da vida e a mesma "dificultade de ser" vólvense atopar hoxe nas obras-clave da literatura europea; como si os nosos escritores tiveran feito súa a misión de Kafka, como si, nefeito, fora posíbel calar e fora tamén vano escribir.

Kafka deixóunos relatos inesquecíbeles. Deixóu tamén sin rematar as súas dúas grandes obras: *O Proceso* e *O Castelo*; e pedíu que foran queimadas, porque non as consideraba merecentes das súas percuras.

Pero ¿qué é o que estas dúas obras inacabadas nos din? Un home chega a unha aldea pra ir a un castelo prósimo, onde desempeñar as súas funcións de agrimensor. Por unha serie de equívocos e de misterios, de ocasións aparentemente fallidas e de prohibicións incomprensíbeles, non chega endexamáis a ese castelo. No outro caso, a Joseph K. infórmano de que é acusado; pero non atopa xueces, nin instrutores, nin abogados.

Ambas obras responden á necesidade de traducir a termos artísticos certo número de medos e de enigmas fundamentáis da condición humá: a ausencia dunha Lei ou dunha Xusticia que determinen o senso da vida, e o sentimento de culpabilidade que resulta delo no home. Kafka voltóu atopar o segredo que tiñan perdido os aficionados aos enigmas: que a presentación dun enigma debe ser —ela mesma— enigmática, ambigua.

O castelo perfíase na craridade amortecida dunha lúa poente. A distancia aumenta o engado e acende a imaxinación. De súpeto, atribuímoslle unha espresión e un aceno que nos sobrecollen. Polo día, amagallando os seus xardíns animados polos hóspedes ledos, o edificio suscita a nosa acougada ademiración. Pero agora provócanos un estraño e enlabiado malestar. ¿Qué ten pasado con aquela mestura de materiáis e de arquitectura, capaz de nos producir, en certas condicións, unha vivencia fantástica?

Aludimos á noite, á lúa, á lonxanía. Dos tres elementos, o derradeiro non semella —a primeira ollada— convincente demáis, si se pensa que, aínda achegándonos, é posíbel que o castelo manteña o seu raro prestixio. Pero a caron da verxa que o custodia, decatámonos de que a desfeita e asolación o alagan, e daquela un vago receio sustitúe ao noso primitivo e desinteresado sentimento estético. E si apuramos o coraxe

deica franquear a porta que xeme ao noso empuxe, a impresión é outra: a soia imaxe dun fantasma, ou a ilusoria presencia dun berro, abondan pra afastar do noso ánimo o máis levián vestixio de contemplación.

¿Qué pasaba, pois, cando fitabamos o castelo de lonxe? De primeiras ollabámolo recuado. Insensibelmente, o espacio transíase de tempo; e, así como a casa remedaba unha estraña humanidade, semellaba tamén fixárese nun pasado. E, dende alí, andaba a nos facer as siñás dunha vaga eternidade.

Todos temos feito algunha vez a esperiencia de invertir o emprego dunha lente de aumento. E ben, a pouco que analicemos a orixe dun feitizo que emprincipia pola lonxanía, decatámonos de que o ouxeto dexergado tórnase paisaxe; e, con ésta, pretérito, como si aquéla lle escamoteara a actualidade. A distancia condiciona, pois, de certo xeito, o fantástico.

Non é de estrañar que, por un proceso tan primitivo coma o que nos permite aduviñar figuras nas manchas dunha vella parede, o contemplador do castelo imaxine —coa axuda dalgún teito empinado— o corpo da bruxa. Pola súa natureza reflexante, aquel vencello enxendra fisonomías. É antropomórfico e, polo tanto, *regresivo*. A segreda comunidade que estabelecemos co ouxeto fantástico, provoca vivencias; unhas vivencias que nos devolven á claustra materna e á nenez perdida.

Un castelo onde o tempo e máis a incuria fixeron o seu estrago, esperta imaxes estrañas, que, flamante, non suscitaría. As variacións que a desfeita lle impón —nas que obra o irrumpimento dun pasado capaz de nos suspender co paso misterioso do tempo— estimulan a imaxinación criadora.

Do sanatorio ao cemiterio

Pra se sentir máis ceibe, Franz Kafka entregóulle os seus cadernos de apuntes a Milena. Xa non ten necesidade de levar un *Xornal*, é "unha memoria vivinte": "de ahí o insomnio". O seu corpo está deleirado. Dende o vran do 1917 sabe que está tísico.

Levando a súa tolería metida na testa "coma nun cadaleito", Kafka, paseante senlleiro, envexa a dita das parexas que pasan dediante del. Sistemáticamente, ano tras ano, tense destruído. O dique está moi perto de se crebar. ¿Qué vai suceder? Agora sábeo. Compríalle morrer pra descobrir a terra de Canaán. Na agarda deste derradeiro acto, adónase del un sentimento de ausoluta miseria.

Kafka síntese condenado a errar de praia en sanatorio, a mercede da doenza e das súas recaídas. Dos montes Tatra a Praga e de Spindelmühle a Müritz, dende 1921 a 1922, reparte

cado en home, en *Informe pra unha academia.* Esprícase así o seu tempo antre a capital checa e a montaña. Tenciona con Dora Dymant unha esperiencia de vida en común que refugara con Milena. Instálase con ela en Steglitz e despóis en Zahlendorf. Anda a reconcomelo a frebe, e recólleno os seus pais en Praga. Despóis todo foi rápido. O sanatorio onde o vela Dora. Xa non pode falar. Cada serán aparez un moucho, siño de morte, na fiestra do que está nas últimas. Arrinca o seu neumotórax e guíndao na habitación. Uns intres despóis estaba morto.

Foi soterrado Franz Kafka un día de nubes moi tristentas no cemiterio xudeu de Praga, a cidade pola que tanto pasear; a cidade a cuios suburbios entraba "cunha confusa sensación de ansiedade, de abandono, de mágoa, de curiosidade, de orgullo, de ledicia, de rexedume, de barileza".

A rapaza que daquela lle facía compaña, Dora Dymant, ao mirar abrírese a cova —afirmóu un testigo— caíu no chan como morta...

SALVADOR LORENZANA
Vigo

RODRIGO GÓMEZ: CUADRO HISTÓRICO DE LAS COSTUMBRES DE LA NOBLEZA GALLEGA EN EL SIGLO XIII *

Con el nombre que encabeza estas líneas habrán tropezado a menudo, seguramente, cuantos hayan manejado el *Nobiliario, armas y triunfos de Galicia,* escrito por el P. la Gándara; las *Excelencias del Apóstol Santiago,* compuestas por el P. Pardo; el *Memorial de la casa de Saavedra,* publicado en Granada por un individuo de esta familia; la *Crónica* de San Fernando; el curioso *Nobiliario del Conde de Barcelos Don Pedro Hijo del Rey Don Dionis de Portugal;* la muy conocida obra de Salazar de Mendoza *Origen de las dignidades seglares de Castilla y León,* y las demás, de varios autores, en que más o menos de propósito se trata de la genealogía de las familias nobles de Galicia, o de los hechos notables ejecutados por sus hijos: así como quienes hayan examinado con alguna detención los documentos otorgados en ese mismo antiguo reino, o mejor en cierta parte de él, y los privilegios expedidos por los tiempos de Alfonso IX, San Fernando y Alfonso el *Sabio,* si se han fijado en las fechas personales puestas como dato cronológico para mayor firmeza de las del día, mes y año del otorgamiento de la escritura, o se han detenido a echar la vista sobre las columnas formadas con los nombres de los confirmantes.

Suena el nombre de Rodrigo Gómez, sin interrupción, desde los primeros años del siglo XIII hasta faltar pocos para llegar a su último decenio, y figura en memorables empresas y es mencionado en nada escaso número de documentos bajo múltiples y muy diversos conceptos: tan pronto designa valeroso guerrero, magnánimo otorgante de fueros municipales, prudente árbitro de enconados litigios, piadoso favorecedor de corporaciones religiosas, espléndido donante a iglesias y monasterios o devoto expedicionario a Tierra Santa; como ruín facineroso, azote de villanos y de eclesiásticos, detentador de propiedades eclesiásticas, robador de hombres, ladrón de cabalgaduras y ganados, exactor de impuestos indebidos, simoníaco codicioso, o desleal hasta la felonía y causante de tropelías y males sin cuento del género más bajo y repugnante.

Así, pues, la sencilla enumeración de los hechos en que aparece como actor Rodrigo Gómez, constituye por sí solo un cuadro, animado y expresivo, de las costumbres públicas y privadas, religiosas y laicales, civiles y militares, que predominaban durante los memorables tiempos en que eran vencidos los moros en las Navas y arroja-

* En diversos números de "La Ilustración Gallega y Asturiana" de los años 1879 y 1880 fue publicado por primera vez este importante estudio. Se trata, pues, de un ensayo histórico sólo conocido de unos pocos eruditos. Por su indudable interés lo reproducimos ahora en estas páginas, proporcionándole la proyección y reactualización que merece.

dos de Córdoba y Sevilla, mientras se erigían casi todas nuestras soberbias catedrales, se formaba nuestra lengua nacional, se creaba nuestro más famoso establecimiento de enseñanza, y se cultivaban con afán, y no sin fortuna, en la misma regia cámara, las ciencias exactas, la legislación, la historia y la poesía. A la par servirá este relato de significativa muestra de la riqueza encerrada en los viejos diplomas, que contienen contratos privados, procesos entre partes y sentencias judiciales y arbitrales, así como del copioso jugo que de tales documentos se puede sacar consagrándose con ardor y constancia a la penosa y poco lucida tarea de leer, uno tras otro, millares de pergaminos, cuando no borrosos, carcomidos, para encontrar alguno que recompense, por más que lo haga con exceso, todas las grandes fatigas empleadas.

El examen de las costumbres que adoptó y el relato de los hechos poco conocidos en que tomó parte Rodrigo Gómez (personaje no raro ni fenomenal, sino común y genérico, tomado casi al acaso del cuadro de su tiempo), en unión con la noticia de otros sucesos análogos, no más conocidos, coetáneos de ellos, y con tal cual observación y alguna que otra noticia mediata o inmediatamente relacionada con los mismos, forma el presente trabajo. Al cual, ya que no encierre importancia suma, no le creemos desprovisto totalmente de interés, puesto que contiene noticias directas del género de vida que nobles y plebeyos, legos y eclesiásticos, llevaban en una de las más brillantes épocas de nuestra historia; auténticos datos del sumo desprecio en que era tenido el respeto a la libertad individual y a la propiedad privada; ejemplos elocuentes de la horrible crueldad con que eran tratados los hombres tenidos como enemigos, y muestras abundantes de la impotencia, o, mejor dicho, de la completa ausencia de todo poder regulador para refrenar el desbordamiento de las malas pasiones dominantes en el siglo en que, precisamente, resplandeció con más viveza el ideal cristiano.

Necesario es advertir, ante todo, que el nombre de Rodrigo Gómez, encontrado con mucha frecuencia en libros y documentos, no se refiere a un solo individuo, sino que, por el contrario, son varios los personajes del mismo nombre que figuraron en Galicia durante el transcurso de dicho siglo y del anterior. Los PP. Gándara y Pardo, y el Dr. Salazar de Mendoza [1], hablan de un Rodrigo Gómez, supuesto progenitor de los Sarmientos, hijo del conde Gómez González, titulado de *Camp d'Espina* por haber muerto en la batalla librada allí, cerca de Sepúlveda, contra el rey de Aragón, y nieto del conde de Bureva, Gonzalo Salvadorez, del que se dice que tuvo en la reina doña Urraca a Hurtado, y vivía, con su padre Salvador González, en 1019. De otro Ruy Gómez, hijo del conde D. Vela, descendiente de los seis jueces del Cid, y poblador de Salamanca, hace mención el mismo Salazar [2], citándole como tronco de los Rodríguez de Salamanca. Y, por lo menos, otros tres personajes que llevaron también el nombre de Rodrigo Gómez ocupan buen espacio de la *Historia de Galicia* en los tres primeros cuartos del siglo XIII.

---

[1] *Armas y triunfos de Galicia*, pág. 521 y sig.: *Excelencias del Apóstol Santiago*, pág. 373, con referencia a Jerónimo de Aponte; y *Origen de las dignidades seglares de León y Castilla*, 20 v.º, 35 y 90 de la edición en folio, que es la que siempre citamos.

[2] *Origen de las dignidades*, fol. 28

Además, y con independencia de la confusión que resulta de la homonimia de tales personajes, nace otra no menor de la aparición por los mismos tiempos de otro, o de otros varios, con el nombre de Rodrigo González, sustituyente, por errata, en ciertos casos, según racionalmente se colige, del de Rodrigo Gómez. Que con tal nombre de Rodrigo González existieron personajes, y personajes gallegos, por esos mencionados tiempos, es indudable. El citado Salazar de Mendoza [3] habla del Conde D. Rodrigo González de Manzanedo, progenitor de los Girones y casado con doña Sancha, hija de Alfonso VI, que fue gran señor en Asturias y pasó a la conquista de la Tierra Santa, y también se ocupa de otro Rodrigo González, de Galicia y distinto del anterior, hijo de Gonzalo González y asistente a la conquista de Sevilla. Pero a veces, y aun cabe sospechar que con respecto a estas mismas personas ahora citadas, el llamado Rodrigo González en documentos publicados e inéditos, originales y copias, es el mismo a quien en otros se le designa con el de Rodrigo Gómez: variedad ocasionada de la facilidad con que amanuenses y copiantes pudieron confundir el Gómez con González, máxime si originariamente se escribieran tan sólo las dos letras *Gz*, como en el documento de 1251 de que después se dará noticia, y de cuya variedad ofrece singular ejemplo el privilegio de Sancho IV expedido en 1284, del que también en lugar oportuno se hablará, en el cual, al ser confirmado por Enrique II en las Cortes de Toro en 1371, se cambió el nombre de Rodrigo Gómez en el de Rodrigo González, como puede verse en ambos originales, conservados en el *Archivo Histórico Nacional*.

Esta sustitución de Gómez por González parece reconocerse principalmente en las confirmaciones de las cartas de 1202, 1206 y 1209, publicadas en los *Apéndices* a los tomos XVI y XVIII de la *España Sagrada*, porque el poseedor de los condados de Trastámara, Montenegro y Sarria que en ellos figura debe ser el mismo de que ahora vamos a ocuparnos.

El primero de los Rodrigo Gómez de que corresponde tratar, es el que fue biznieto del renombrado D. Rodrigo Velaz e hijo del conde D. Gómez de Trastámara, como este mismo D. Gómez lo dice terminantemente en una escritura de donación que en 18 de Mayo de 1201 otorgó a favor del monasterio de Villanueva de Lorenzana [4] de la mitad de la cercana iglesia de Santo Tomé, que le pertenecía por su abuelo el conde D. Rodrigo Velaz, y cuya donación hace en compañía de sus hijos Velasco Gómez y Rodrigo Gómez. —*Gometius comes de trastamar hoc scriptum facio... de donatione medietatis ecclesie sancti thome de lourenzana.. et cuiusdam ceruisalie.. que mihi atinent de part mej auj Comitis domnj Roderici uele... Sciant igitur.. quod ego Gomecius comes de trastamar, vna cum filiis meis velasco gomez et roderico gomez... do et concedo predictam medietatem ecclesie sancti thome... cum prenominata seruicialia... deo et ecclesie sancti salvatoris de uilla noua de laurenzana.*— Nieto del famoso conde D. Pedro Fernández de Trava, hace D. Fernando Saavedra [5] al Ruy Gómez, que el llama de Trastámara: lo que pudiera ser más admisible que no el que, como escribió el P. la

[3] Id. id., fols. 27 vuelto, 37 vuelto, 58 y 77 vuelto.
[4] *Cartulario* de este monasterio, y pergamino suelto en el *Archivo Histórico Nacional*.
[5] *Memorial de la casa de Saavedra*, 116.

Gándara [6], con el manifiesto error que atestiguan los términos del documento citado, hubiese sido biznieto del D. Pedro de Trava, tutor de Alfonso VII, nieto de Fernán Pérez de Trava e hijo de Gómez Pérez; sí bien pudo descender del valido de doña Urraca por línea femenina, a consecuencia del casamiento de doña Estefanía, hija de D. Pedro, con Vela Ponce.

Este conde D. Gómez aparece poseyendo los condados o tenencias de Trastámara, Montenegro y Sarria hasta 1199 [7], y es presumible que continuara en su disfrute mientras no le asaltó la muerte, ocurrida seguramente después del 18 de Mayo de 1201, en que otorgó el documento que acabamos de citar. Con esos mismos títulos de dominio o gobierno figura su hijo D. Rodrigo desde 1210, cuando menos; por lo cual resulta poco repugnante el admitir que el Rodrigo González, titulado conde de Trastámara, Montenegro y Sarria en 1202, 1206 y 1209, no sea otro que el mismo Rodrigo Gómez; en cuyo caso heredó a su padre ya en 1201, o a lo sumo en el año siguiente. En definitiva, poseía ya la tenencia de Montenegro en 1210, como consta de un diploma inédito del monasterio de Penamayor, que lleva la fecha equivocada a todas luces, de 1190 —era M CC XX. VIIJ— por haberse escrito XX en vez de XL, lo que daría el año 1210 que armoniza perfectamente con todas las noticias conservadas [8].

De poderse dar por tan seguro como puede tenerse por probable que sea este Rodrigo Gómez, el mismo que aparece nombrado *D. R. Gundisalui,* en un documento copiado en el cartulario del Monasterio de Villanueva, resultaría ser la más antigua circunstanciada noticia que se posee de este notable personaje, la de haber salido a campaña contra infieles en los primeros meses del año 1225. Pues que lo que en semejante documento se contiene es una donación hecha por el tal D. Rodrigo, en Febrero del mencionado año, tratando de irse en la hueste con el rey por tierra de moros, al Abad y a todo el convento del monasterio de Villanueva, de cuantas heredades tenía en el obispado de Mondoñedo, empeñadas y no empeñadas, para remedio de su alma y alcanzar el perdón de Dios, y por el gran servicio que del monasterio recibiera. —*Ego donno. R. gundisalui uolo ire in hostem cum domno Rege super terra de mauros, et do uel offero uobis abbate donno. G. et omnis* (sic) *conuentus sancti saluatoris et sancte marie villenoue de laurentiana omnes meas hereditates quas habeo uel habere debeo per episcopatum mindoniensem suppignoratas et non suppignoratas... pro remedinum* (sic) *anime mee et parentum meorum et propter magnum seruitium quod accepi de uestro monasterio ut deus dimitat mihi.*

En 1218 aparece casado ya con doña Mayor Alfonso, llamada doña María Alfonso Tellez por Saavedra [9] y doña Mayor de Meneses

---

[6] *Armas y Triunfos,* pág. 250.

[7] *Esp. Sagr.,* XVIIII. Apénd.

Pensándoo ben o servicio militar é o compás de espera que divide dúas etapas concisamente definidas no desenrolo do meu eu. Antes do servicio eu era estudante, despóis eu seréi profesional. Son estes dous eus moi diferentes que arreda o crítico intre en que me acho, cando no linde dos vintecatro anos, cansa xa de manter a miña costosa formación profesional, a sociedade venme pedir contas dos esforzos por ela en min empregados: pra enxeñeiro me formaron, para tecnólogo desenrolador das mecánicas productivas de bens de consumo tan necesarias no horroroso mundo en incontrolada —aínda— expansión demográfica no que a sorte quixo que me cadrara nacer...

A ver, ordeemos ideas. Non nos adiantemos en falar do mundo en que nacín, que desta circunstancia hai que falar despóis ao fixar a data do meu nacemento.

E... e comencemos a falar dun estudante, dun que ao longo de vinte, dos vintecatro anos, cuase, que leva vividos non tivo outro outro negocio máis grave ca o dos libros.

Eu nacín unha mañanciña de agosto do ano 46.

Nunca soupen cal é o meu símbolo zodiacal, mais o símbolo terrestre sob o cal nacín foi o Fungo —tremendo e arripiante, estupendísimo símbolo da bomba atómica. Baixo el a Terra tremara había un ano, ante el os homes tomaran concencia dun feito novo e horribelmente magnífico: dende aquela o fin do mundo podía chegar por vontade divina ou humá.

A miña patria, España, era toda ela unha inmensa ferida que

ninguén quería sandar: unha guerra longa antre os seus fillos rachárlle as entrañas había pouco, e dos de fora quen lle viraba as costas, quen se mofaba das súas miserias. Nunha España esgazada polos seus e desdeñada polos alleos nacín eu.

Raíz fonda, perdida, da razón de España, Galicia é a miña patria, nai abondosa de fillos estúpidamente amantes que só soñan con ila chorar dende lonxe. País belísimo e primitivo —neolítico— e probe, daquela aínda máis probe por estar a colleitar as miserias que a guerra sementara, dormitaba o seu sono tetrasecular cando berros de infante recén parido lle anunciaron o meu ingreso na comunidade dos galegos. Son galego —desgracia que comparto con varios millóns de persoas— porque nacín en Galicia, na provincia da Cruña, no concello de Cabanas, na parroquia de San Martiño do Porto, no lugar de Cardeita, nunha casa de xardín e galería con vidreiras, grande e decimonónica, que tende unha ollada saudosa de mar face á Marola misteriosa e escumante...

Os meus pais foron don Manuel, de profesión a menciña, e dona Fina, a súa esposa, de profesión os seus domésticos labores.

Don Manuel é de Chantada, de familia fidalga, con casa grande na ribeira do pai Miño e moradía na vila. É home intelixente e culto: aforrador de verbas, fondo nos pensamentos e respeitoso cas formas de ser alleas. Home moi humán, carregado de virtudes e defeitos, é admirábel pola prudencia que define a súa persoalidade, prudentemente virtuosa e prudentemente defeitosa.

A mamai era do Ferrol, ou millor dito de Xubia, onde nacera no paciño dos abós, todo arrodeado de magnolios e salgueiros románticos, tan románticos coma ela que —segundo me contóu a tía Carmiña de Betanzos— foi grande soñadora, bebedora de Rosalía e Bécquer, morta polas crueis realidades da súa esistencia: a guerra devoradora, a rude vida da aldea, os seis fillos que coidar... Eu non a coñecín porque o meu parto foi o seu derradeiro sagrificio e, por veces, cando penso nela coido que millor lle tería sido... Bó, respeitemos os mortos. Porén, il é certo, é certo: é unha burrada eso de facer fillos, quitar da nada seres felices na súa inesistencia para poñelos neste val de bágoas.

Mais hai unha razón superior ao individuo, razón de especie na idea de Schopenhauer, que nos impulsa ao crime procreativo. Por ela viñen eu ao mundo, por ela faréi que outros veñan após de min.

E, fora pedantismos filosóficos, sigamos co conto.

Remexendo, esgarabellando, furgando no rebumbio dos meus recordos á percura dos primeiros da miña vida, acho algúns curiosos e graciosos, un tanto desdibuxados polas brétemas da inconscencia infantil:

Pechando os ollos distingo, recortados contra unha parede branca, un abriguiño marrón con botós negros, unhas medias roxas e uns zapatiños de charol; do seu dono entrevexo, aínda, unhas manciñas gordechas e bermellas; na imaxe fallan o rosto e algunha relación da parede caida: eu identifico —adiviño— á miña irmá Carmucha,

un ano máis vella ca min, diante do valado do xardín da nosa casa na parte da porta principal, todos os anos rebranquexada.

No silencio, cando o silencio me deixa concentrar na volta ao pasado, podo escoitar unha voz cantareira e berrona, carregada de acentos —toda acentos— que aínda hoxe podo ouvir, inda que máis repousada, gasta do paso do tempo, e recoñezo como a da Rosalía, a criada amante e fidel que, morta dona Fita, me afillóu, a miña criada-nai.

Escoito aquela voz, ora autoritaria: "Pásalle o freganzo hastra que estea coma un espello", ora ferinte: "Vés ca roupa do río e fáiseche noite no camiño... xa te collería algún mozo polo camiño, pelexonal", tratando coas outras criadas. Ou sereamente maternal: "A ver cómo tés a cariña, nena, a ver; ven, que cha limpo eu, Carmucha, cativa", ou arroutadamente maternal antre bicos: "Meu caravel, miña rosiña, meu *reiniño;* meu meniño, o máis lindísimo do mundo, miña bostiña, —no estremo dos amores, enlouquecida, chamábame "bosta"— miña bostiña do meu corazón, ai! Que che vou mercar un avión...", tratando connosco, os seus pequenos.

Qué ben, qué ben lembro esa voz, ouh, Rosalía, miña criada-nai!

Alí, antre estas impresións primeiras da miña esistencia, hai unha que sempre me acompañará: don Manuel, cando á noite voltaba para a casa, enlamado e canso de repartir consolo por feroces corredoiras, ao abrir a porta facía soar as chaves e asubiaba unhas notas lixeiras ante a ledicia de nós, eu e máis a Carmeliña, que agardáramos polo seu bico e as súas paternáis boas noites para irnos deitar.

—Boas noites, meus rapaciños pequeniños. Foron bós esta tarde, Rosalía?

Moitas noites téñome eu dormido nun butacón, a agardar polo tintineo das chaves do meu vello e polo seu asubío; moitas noites, noites en que un parto difícil ou unha agunía longa detiñan a don Manuel nun casaluco, monte arriba ou monte abaixo.

Estas tres persoas —bó, dúas persoas e media, o papái, a Rosalía e a Carmeliña, constituían o grupo familiar de todos os días, grupo arredor do cal se movían dentro da casa a Maruxa e a Otilia, dúas criadiñas novas e volvoreteiras, e o Lourenzo que coidaba da horta e o xardín.

Os meus irmáns maiores, o Manoeliño, o Marcos e o Fuco, estaban internos nun colexio de Santiago; a outra cativa, a Lucía, vivía ca aboa do Ferrol, onde estudaba nun convento. No tempo das vacacións aparecían os rapaces na casa enchéndoa de ruidosa ledicia: entón eu sentíame felicísimo porque todos ollaban para min constantemente e chamábanme "nené" a tíduo de rei das súas vontades; así, facíanme galanos para o meu real gasallo: unha vegada traíame o Fuco a cría peludiña dun ferreiro-chás-chás atopado no niño, outra o Manelo púñame nas mans un preciosísimo *boliche de cristal* gañado aos amigos xogando ás bolas, outra era a Lucinca que me oferecía un dibuxo por ela feito e me decía:

—Esto é o Lourenzo ca vaquiña Careta. Toma, que tamén che dou o lápiz roxo, toma —E dábame o lápiz roxo... Amáis estes días

de vacacións eran para min motivo dunha grande distinción, gozosa distinción que a miña criada-nai me facía, deixándome sentar a xantar con todos na mesa da sá de xantar.

Despóis, cando os meus irmáns marchaban, voltabamos á tranquila rutina de todos os días, rota apenas os domingos ca chegada da Lucía, puntualmente antes de xantar, traída polo chófer dos abós e ás veces acompañada, noramá, pola horrorosísima señora dona Lucía, nai da miña nai.

Cómo vive un neno de aldea? Cómo vive, mellor dito, o fillo dun médico de aldea, picariño de tres ou catro anos?

Fagamos un pouco de arqueoloxía biográfica.

Podemos reconstruir un día calqueira da miña vida cando eu tiña esa edade; supoñamos un día *standard*, estadísticamente medio, alá por mes de marzal do ano 50.

Así vexo eu agora aquel día:

Despertóume o craror da alborada. Acordéi ás pouquiñas, lentamenet, e lentamente fun endereitando o corpo até ficar sentado na almofada; daquela, vagariño fun deitando a ollada sobor dos perfís das cousas que me arrodeaban no cuarto, perfís tímidamente contrastados pola luz do día nacente que entraba de fora encadrada no marco da xanela. Todo era inda repouso, sono, tranquilidade naquel reducido outono da aldea:

A Carmucha dormía sereamente embrullada nas sabas e o cobertor. Ao respirar, o bulto da sombra que era o seu corpiño curvábase e descurvábase rítmicamente na beira do lombo, revirado cara a min.

As camas, o almario, as mesiñas de noite, as sillas e as roupiñas nosas amontoadas nas sillas, a lámpada do teito e as lámpadas das mesiñas, o tapete do sobrado e o ouriñol ao pé da miña cama, todo, todos istes obxetos apenas matizados no ombre, durmían o silandeiro torpor das cousas inanimadas.

Sentín ganas de mexar, mais non me atrevín a abeirarme onda o ouriñol por medo de romper o silencio. Fiquéi quedo, alí sentado na almofada, sintindo a insistente presión da vexiga. Quería mexar, mais o silencio inmovilizábame —impedíame rompelo por simples medo de rompelo. Calado e inmóvil pensaba no gozo de ceibar o mexo e escoitar o seu lindo bater contra a sonora folladelata do ouriñol... Pousando o ollar aquí e alá entretíñame eu en observar as formas das cousas no cuarto, que gañaban en contraste ao gañar en intensidade a luz proxectada dende o cadro da fiestra; agardaba por algo que rompera o silencio e así poderme mover.

Ese algo chegóu súpetamente, violentamente: foi un golpe contra o vidro do mainel, un golpe forte máis apagado —o golpe dunha cousa mol lanzada a grande velocidade contra o vidro. Nun pulo esquecín a miña imperiosa necesidade fisiolóxica. Dun salto puxen pé no sobrado e precipitéime contra a xanela; rápidamente, ávidamente pescudéi a orixe do inesperado impacto. Acheina no peitoril da xanela donde xacía, as áas abertas e a cabeza revirada, un paxaro.

—Un paxaro, un paxaro —corrín xunto da Carmuchiña —un

paxaro, nena, un paxaro— turráballe eu pola man e desperteina —un paxaro...

—Un paxaro —esfregaba os ollos —un pa... pa... pa...— tatexaba, apampada pola morneza do sono —Cál paxaro? Ulo?

—Ven.

Achegámonos á xanela e alí, esmagando os rostos no vidro frío, observamos a inercia do probe animal.

—Por qué está parado, nena?

—Porque morréu.

—Morréu?

—Morréu —sentenciou a cativa.

Ficamos calados un bocadiño.

Ante os nosos ollos a linda paisaxe da ría de Ares abríase, primaveiral e limpa, toda enfeitada de montes verdes, en verde escuro de folla perenne e verde craro de folla caduca que de novo abrochaba; antre os verdes remendos brancos, das froles brancas que encintaban as hortas co anuncio da froita vindeira. O albo e lixeiro cotón da brétema matinal esfarrapábase sobor do azul calmo das augas. De Irines a San Pedro de Nos, da boca do Eume ao mar libre, estendíanse os vapores. Antre rachas de néboa outeamos lanchiñas voltando cara os portos, cara Pontesdeume e Sada dunha banda, cara Ares da outra...

E de novo mexar.

Crucéi a alcoba, enxoenlleime diante do ouriñol e, mentras a miña irmá se espreguizaba face ao mar, ceibéi unha longa e musical mexada.

Nesto facendo, o pecho da porta rolóu, a porta avantóu lentamente e tras ela a cara da Rosalía.

—Xa están despertos os meus parruliños?

—Estamos, estamos, estamos —cantamos dando choutadelas— estamos, estamos, estamos...

—Ai, San Antoniño dos porcos, qué cariñas de rosa tedes! A ver, vinde que vos dea un bico —e achegámonos a ela e nas fazulas rosadas, mornas e suaves estampóunos senllos bicos— *Bueno,* veña, ala, a poñerse as batiñas que hai que almorzar.

En movementos seguros, enérxicos e coidadosos púxonos as batas e amarróunolas.

—As chinelas, nenos... —Obedecemos.

—Rosa...

—Qué foi, nené?

—Hai un paxaro.

—Un paxaro morto —Puntualizóu, convencida, a Carmucha.

—Ulo?

—Ven —Levéi a Rosalía ao pé da xanela.

—Probiño —Doeuse. Subíu o mainel e colléu garimosamente o animaliño e garimosamente arrolouno no cunco das mans —probiño, despois ímolo enterrar no xardín, probiño.

—Probiño —coreamos nós, e no seu rosto esborrouse o tristeiro aceno que lle dibuxara a morte do paxaro.

—Ala, andade lixeiriños, cativos, que aínda tedes de ir ao cuarto de baño antes da cociña; movédevos —ordeaba, deixando o bicho morto nunha mesiña: aquél morrera mais nós, os seus fillos, estabamos vivos e a nosa vida tiña de seguir adiante, había que lavarse antes de almorzar.

Saímos da alcoba en procesión, gardando o orde de sempre: eu, a Carmiña, a Rosalía.

Pra irmos ao cuarto de baño tiñamos de andar un entapetado pasaxe con baranda e pasamáns que voa indiscreto sobor do vestíbulo da casa, frente por frente da porta, permitindo ver quen anda nela e, dende ela, quen transita por el. O pasaxe prolóngase en dúas escaleiras simétricas que cain até o nivel do vestíbulo; ao pé dunha delas fica o cuarto de baño.

No punto de pisarmos o pasaxe alguén timbróu e petóu frenéticamente na porta. A Rosalía desprendeuse de nós, rápida.

—Baixade amodiño. Carme, axuda ao neno —Aconsellóu, adiantándosenos escaleiras abaixo. Nós comezamos a descer.

No medio da descida unha folla da porta foi prudentemente separada da outra pola Rosalía e, ante o noso abraio, a folla xiróu de todo con violencia que fixo desapromar, recuar e cáxeque caer o rexo corpo da nosa criada-nai.

Un mozo espelufado e sin folgos, semivestido e semiabotoado, botóuse dentro da casa berrando:

—Don Manuel, don Manuel, don Manuel!

A muller cortóulle o paso, encaróuselle e botándolle as mans aos ombros paróuno.

—Toleaches, rapaz, toleaches? Acouga!

O mozo pechóu os ollos, rsspiróu fondo, forzadamente. A Rosalía ceibóuno. Nós sentámonos no degrou onde a súpeta escea nos detivera.

—Chama ao señor, muller —Pregóu choroso, xa calmado.

—O señor está deitado: mira qué horas che son, Tonucho —Razonóulle ela— Qué lle queres?

—É para a vella, tía.

—E qué lle pasóu, meu fillo?

O Antón ollóu furtivamente para min e máis para a miña irmaíña. Apagóu a voz: nós afinamos o ouvido, ávidos de coñecer o segredeado.

Mais non entendemos o que dixo. A Rosalía entendéu ben, e algo grave sería, que na súa face serea abrochóu a anguria.

—Mi madriña do ceo! —E dirixíuse á escaleira. Nesto soóu a voz do meu pai dende o pasaxe:

—Qué hai Rosalía?... Tonucho, a túa nai, non?

Para el ollamos todos: de pixama azul e bata gris e babuchas, apoiaba unha man na baranda e coa outra peiteaba o pelo branquicento, revolto.

—A vella, sí, señor.

—I é grave?

—Elle, don Manuel, está a morrer.

—Rosalía, déalle ao rapaz unha chaqueta —O rapaz viñera de camiseta— mentras me eu visto.

Desfíxose o cadro. O papái entróu no cuarto, o Tonucho sentóuse —derrubóuse— nun sillón, a Rosa marchóu pola chaqueta mandándonos entrar, aos pequenos, no cuarto de baño, cal fixemos de seguido.

O cuarto de baño, décimonónico coma toda a casa, feito en marbres brancos e louza froleada en tons rosa, con billas douradas e barrocas e espello ovalado, era para nós, os nenos, reboldóns miudiños, lugar onde pasabamos moito tempo ao día, onde gozabamos e sofriamos. Alí gozabamos o pracer do baño noiturno con dereito a regatas de barquiños de papel; alí sofriamos os lavados abrasivos de caras e orellas, de mans e xoenllos, que o noso xogo contino emporcaba arreo ante o desespero da criada-nai que nolos tiña de limpar.

Fumos facer caca, a Carmucha no retrete e eu nun ouriñol —como a hierarquía das edades impuña. A pouco chegóu a muller.

—Acabáchedes? Veña, que vos limpo —e limpóunos—. Agora agardade un pouquiño que vos vou lavar, que vou chamar ás mozas. Emborcóu o ouriñol no retrete, tiróu pola cadea e marchóu.

A miña irmá debéu sentir daquela grandes anceios maternáis, porque me veu con esta maternal leria:

—Queres que che lave a caruchiña? Sí? Queres tí, meu *reiniño?* —Imitaba á Rosalía.

—Non quero.

—Sí que queres —desouvíndome e agarrándome polo pescozo.

—Non quero, ceiba, ceiba —Ela non ceibaba e empurrábame cara o lavabo; alcéi a voz:

—Ceiba, ceiba! Rosa —Berréi afogado— mira para a Carmucha, Rosa! —Comecéi a coucear e a Carmiña empurroume con máis forza e apretóume máis e máis as mans no pescozo; e houbéramo esganar de non ter chegado a nosa criada-nai, centelleante e xusticieira, a poñer xusticia nas nádegas da miña maternal irmaíña...

Antre choros lavóunos as caras aos dous e, no orden estabelecido, marchamos todos cara a cociña.

Polo camiño, o cheiro cálido e doméstico da cotiá *cascarilla* do almorzo atopóu o meu narís, aguilloándome a fame. Aquel ulido simpático nos tempos de fame a tantas persoas, despertador de tantos estómagos, pai da alcuña dos cruñeses —*os cascarilleiros*—, puxo a paz antre os irmáns: a santa paz do esquecemento, e levounos mansamente ante a matinal mesa de todos os días; unha mesa de corpudas patas e larga táboa que, se agora cuberta de un mantel de cadros e tazas e culleres e anacos de bola e un zucreiro, mesmo servía para cortar carnes que para amasar unha proia ou para bailarmos os pequenos sobor dela.

Esta mesa, con arrecendos a xabrón caseiro, a rústica hixiene, estaba abeirada á parede, cabo dunha leda fiestra que olla a horta dende a traseira da casa; no sitio da Rosalía, frente á xanela, estaba o temíbel caixón dos temíbeis coitelos da cociña; á dereita del sen-

tábame eu, de costas ao verquedeiro; á esquerda, a Carmucha, de costas ao fogón.

—A ver, nenos, sacade as mans da mesa, que vos sirvo.

O sucedáneo do chocolate caéu fumegante até encher as cuncas; sobor del caeron os nacos de bola e sobor deles, cando xa amolecidos polo líquido quente, as nosas voraces culleradas á súa percura...

—A modiño, Carme, a modiño, que te queimas... Nenol Abéirate máis, que che vai caer a *cascarilla* na bata —A Rosa comía lentamente, despreocupadamente: toda a sua preocupación era para nós: os seus ollos grandes, dondos, azús, só eran para vixiar a nosa dubidante compostura na mesa; a animalidade do acto de comer non suxaba a beleza cristaíña da sua cara, belamente maltratada polo tempo e as fadigas. Unha raiola débil filtrábase nas ponlas seminúas das arbres da horta e viña aloumiñar a faciana da muller: o queixo, suavemente modelado, movíase suavemente ao comer, o dibuxo limpo dos beizos resaltaba rexo e quedo contra a palidez da pel apenas coloreada de veíñas que afrolaban nos pómulos; o narís recto e a fronte recta completaban un cadro de severidade lindamente enmarcado polo cabelo loiro e liso que, trenzado e enrolado, lle coroaba a testa.

—Acabáchedes?

—Acabamos.

Pasounos polos fuciños un esperto gardanapo.

—Ala, a vestirse

Eu arrotéi. Neste intre entraba a Otilia:

—Sospirabas, meu rulo? —deume un bico na meixela e botóu unha gargallada.

—Vaia horas —Cortóulle a risada, secamente, a Rosalía— E a outra?

—Estaráse lavando... —Encolléu de hombros a rapaza.

—Boa parella de bois para a mesma carreta... Ala recolle a mesa e logo almorzade vós, e logo poste a facer o caldo e a María que se poña a limpar e dislle ao Lourenzo que non temos patacas, que traia; que eu vou baixar á vila por carne, cos nenos... Ala, cativos, a vestirsel

E voltamos para a alcoba e vestíunos a Rosalía, á miña irmá cun traxe rosa e un abriguiño marrón con botóns negros, e unhas medias roxas, e uns zapatos de charol dos que a nena non gostaba.

—Non quero poñelos...

—Ponos, mulleriña, ponos que temos que levar as botiñas ao zapateiro, ponos —convenceuna a Rosa.

—Ai, Xesús, e qué botiñas máis chulas leva o meu sol...

—Coma as do Lourenzo —Autoconvencinme.

Vestidos xa, baixamos á horta.

—Agardade por min que vou polo diñeiro.

A horta está a costas da casa, trepando polo monte, e daquela tiña, como agora aínda ten, un garaxe feito en cemento e unha estradiña de areas de río rompendo a rusticidá hortelá. Ameixeiras, pexegueiros, cerdeiras, un limoeiro e unha laranxeira encadraban o lei-

riño central prantado de verduras do tempo. Nunha esquina o cortello e o galiñeiro e noutra o canil, animaban a horta cos seus domésticos ruidos...

Antre as arbres, a erba mollada do orballo da noite atraéu a atención de nós, os nenos, e a ela nos lanzamos, en perseguizón o un do outro...

—Nenos! —Era a voz grosa do Lourenzo— Veña, fora de ahí que estades mollando os pes —Tal era o que queriamos: paramos de correr atristurados—. Vinde, vinde, a ver, vinde.

Chamaba por nós dende a estradiña. Camiñamos cara el. Unha enxada e un angazo levaba no ombro, dependurounos nas ponlas dunha cerdeira prósima. Retocóu a pucha simbiótica que lle cobría a testa e comezóu a aparellar un matinal cigarro.

—Teño unhas botas como as túas.

—Vaia, ho, tés razón, cuspidiñas de todo —Mentíu piadosamente para non matar a miña cativa ilusión: levaba uns botóns montañeses de coiro crú e sola de madeira chatolada.

A Carmucha apertóuse ao pau do angazo e deu en choutar, caeron á erba, inmaculadas, unhas froliñas da ponla.

—Para, nena, para —Ordeóu seriamente o home.

—Por qué?

—Porque vas estragar a froita —Pousóu cerimoniosamente o cigarro no beizo inferior.

—Cál froita?

—As cereixas. Cál vai ser?

—Qué cereixas?

—As que sain da frol —Enrugóu o ben criado mostacho: perdía a pacencia coas perguntas da pícara.

—As cereixas sain da frol?

O Lourenzo fixo o derradeiro esforzo; prendéu o cigarro cun chisqueiro ancestral e respostóu calmado:

—De cada frol unha cereixa...

—De cada frol unha?

—Así é.

—E por qué?

—Dencho de cativa —Desesperóu— E por qué, e por qué, e por qué?... O chan que te deu! —E botando as mans á cabeza marchóu cara a casa.

Eu contemplara a escea calado, inmóvil. Arrincóume a Carmiña da quedanza colléndome da man.

—Ven, pequeniño, ven. Ven para o xardín.

O xardín ten dúas portas, a principal e a de entrada dos coches. Dende ésta vemos entrar, rápidamente, pola outra porta ao noso pai e máis un rapaz.

—Manencho, Manencho —Botóuse a berrar a Carmela e eu corrín tras daquel que coidéi o meu irmán maior. Mas o Manel non era, que era Tonucho xa vestido de todo.

De volta onda miña irmá recibíume ela con un largo, maliciento sorriso aloumiñándolle o rosto:

—Picaches, laraches, que tunda levaches —Cantaba, bailaba, ría a brincadeira; apoderóuse de min o asaño; á beira do camiño, as areas nunca calcadas estaban soltas, doadas de apañar: unha presada delas foi parar contra a cara da Carmucha.

Rompéu a nena a chorar estrondosamente, esfregando os ollos. Apretéi eu os dentes e os puños e calado esperéi... esperaba polo que veu:

Unha man apreixoume o brazo. Pim, pam, pam! Tres azoutes sacudíronme as cueiras —Ladrón! Qué fixeches, ladrón? Ai, que non se vos pode deixar un minuto— Apretéi aínda máis os dentes e os puños: non quería chorar. A Rosalía ceibóume e foi xunto da nena —A ver, corazón, déixame ver os olliños— As mans da criada-nai, graníticas mans de campesiña amolecidas polo trato co xabrón e a pel e as roupiñas dos nenos, estilizóu garimosamente as guedellas loiras da picariña, garimosamente limpáronlle de area a cara e o colo —Ai, que olliños azuliños tan bonitiños que tés, que este ladrón chos quería cegar. Ala, para de chorar, Carmucha, ala— Deulle un bico, colléulle a manciña; ollóu para min seria doridamente —Coiro do diaño, pouco herdaches do teu pai, moito herdache da... —Da aboa: odiaba a Rosa a aquela miña aboa dona Lucía, e todas as miñas infantís maldades eran para ela espritoal herdo da malquerida señora. —Veña, dalle un bico á nena— Eu continuaba teso, resistindo as bágoas —Veña, dádevos un bico, que se non non vos levo conmigo.

A Carmiña deu o primeiro paso. Démonos o bico e, collidos da man da Rosa deixamos a casa.

Andivemos un cachiño pola estrada; axiña nos precipitamos alegremente polo irracional rebumbio de atallos que, antre montes, prados e leiros, baixan dende a atalaia de San Martiño á beiramar do Areal.

O corpo da terra, o ricaz e sempre grávido, o mol corpo da nai terra, espreguizábase lánguidamente sobre os tépedos raios de sol de primaveira. Cun feliz arrecendo de vida fóronnos saudando os castiñeiros e silveiras e os seus habitantes: acá unha pega, alá un corvo, acolá un merlo; e os leiriños nos que verdexaba a espranza verde do trigo novo; e os erbáis nos que a erba se lavaba, sensual e impúdica, pola auga sorridente das canliñas.

A queixa prehistórica do carro celta pasóu ante nós:

—*Adiós*, Rosalía.

—Siga ben, señora Ramona.

Unha moza de pano roxo á cabeza descompuña ledamente a feminidade a destripar un terreo:

"Que eu alí non fun,
que el aquí non veu,
que eu non llo pedín
nin ela mo deu."

O aturuxo arripiante puxo fin ao seu cantar; alguén, ao lonxe, respondéu ao apelo da raza...

Cruzamos a pina de casas do Areal e entramos na ponte de pedra, historiosa e historiada, que medio por medio, donde o Eúme frío e xeneroso, patriarcal, se fai mar en arremuiñada aperta ca ría, xunta e divide os concellos de Cabanas e Pontesdeume.

Pontesdeume, "a vila" por antonomasia na idea de Rosalía —dela e de todos os aldeáns da comarca— estendíase frente de nós trepando en morea de paredes e tellados polas abas do Breamo. Cara ela íamos pola estrada estreita de chapapote enrugado con peitoría de granito que a ponte sostiña.

Rústica a vía, rústicamente entapetada de escrementos de bestas, era atravesada polo fluxo sen apuros da paisanaxe, esporádicamente disturbado co paso dun autobús de liña ou un automóvel.

Por veces, unha gueivota planeaba, insolente, sobor das testas dos transeuntes.

Da parte dos ollos da ponte, o peitoril suxo de graxa e escamas soportaba o peso de catro ociosos pescadores:

Catro iludidas liñas nas augas revoltas e brillantes á percura do peixe incauto.

Pola ponte do ferrocarril, paralela e elevada, cruzaba a ría un tren romántico, todo negro, todo vapor, fume e táboas, con xente debruzada nas xanelas a observar en vertixinosa ollada as lanchiñas que navegaban metros abaixo.

Con trote nervoso anunciósenos un cabalo. Ao pasarnos freáronlle a carreira.

—*Adiós*, Rosalía.

—Siga ben, don Ricardo.

—*El Señor sea con vosotros* —despedíunos, evanxélico e castelanizado, un crego groso de carota bermella e simpática dacabalo dun barrufeiro cabezón que novamente alixeiróu a andada.

—Quén é ese cura? —Pescudóu a Carmucha.

—O cura de Limodre, o que nos manda as mazáns. Neno, dame a man, apura.

—Vin un peixe vivo.

—Máis morto que vivo, meu fillo —Atrás ficará un munxo aguniante, sangante, batendo o chan a coletadas.

Entramos na vila.

Lousas de pedra, colunas de pedra, soportáis sombrizos, histórico granito da rúa real que trepamos a lento paso, os nenos cuase arrastrados pola muller...

O zapateiro era virollo, de lentes diminutos pousados na punta do narís, as mans todo oso, pel e veas e lixume dos zapatos.

—Bos días, señor Ramiro... Esta bota da cativa, que lle arrincóu a sola.

—Vaia fendecroios a mociña! —Unha ollada esperta—. Haille que meter moitas puntas... téñocha o sábado.

—*Bueno*, ho, que lle vou levar eu a cativa catro días descalza... Téñama para mañá.

—Está ben. Ala, vaite. Vena recoller pasado... Cómo lle vai a don Manuel?

—Vai indo. Moito traballo, coma sempre... Téñama para pasado. Veña, nenos, camiñando.

Unha rúa recurva e angosta, medieval, levounos á carnicería.

—Bós días, Lucha.

—Bós días. Agarda un momentiño e xa te atendo —Retallaba a Lucha, dona do negocio, nunha peza de raxo; toda a forza e o peso do seu brazo barudo e groso, toda a violencia da súa face sanguina, descarregábase na carne indefensa —Este raxo é para a casa. Qué querías?

—Costeletas. Pésame para que me entren ben oito ou nove.

A visita á vila inda se demoróu co paso pola parroquial de Santiago que, valdeira xa a aquelas horas do meridía, recolléu en relixioso silencio os devotos marmurios da Rosalía ante unha imaxe do santo agachada no ombre.

De volta para aldea, fíxose o camiño longo; a canseira da camiñata e o calor do sol no cume amosáronse nas nosas queixas.

—Rosa, teño calor.

—A ver, que che abro o abrigo... pero non o saques, neno. Dame a man.

—Rosa, máncanme os zapatos nas dedas.

Bó, mulleriña, bó; anda, camiña que xa estamos chegando.

—Rosa, teño sede.

—Rosa, quero mexar.

—Rosa...

—Ai, meus fillos, que rallantiños vos poñedes-

Ao chegáramos á casa eu viña no colo da criada-nai e a Carmeliña deixábase arrastar collida á bulsa en que a muller traía a carne. Entramos pola porta da cociña, recebidos por un gozoso cheiriño a caldo.

—Hola, nenos.

—Hola, Otilia; hola Otilia.

—Otilia, déixoche a carne, para fritila. Trouxo o Lourenzo as patacas?

—Trouxo.

—Logo, frites tamén unhas pataquiñas. Dónde vai a Marica?

—Foi abrir a porta.

—Veu xa moita xente?

—Hai catro esperando, pero o señor aínda non volvéu desque marchóu outra vez co teu sobriño.

—Daquela vou para alá —"Alá" era a consulta de don Manuel donde a Rosalía tiña función de enfermeira— Nenos, agora vos ven a Maruxa para darvos a comida. Ide sacando os abrigos.

Xantamos na mesa da cociña.

Acabado o xantar pasamos á galería do primeiro piso, mergullada en sol pola trasparencia das vidreiras. O sobrado, seco e tépedo, foi por moito tempo o lugar do noso xogo, en que eu "era" o meu pai, a Carmucha "era" a aboa Lucía, os seus bonecos "eran" eu e máis ela, e o sobrado da galería "era" casa, estrada, praia, Ferrol, Xubia, garaxe...

—Hola meus ruliños —Era o papái, corremos a bicalo. Viña da consulta, a xantar; tiña a mesa posta na sá de estar, que se abre á galería.

Mentras coidadoso e requintado, exemplar, comía e bebía servido pola Maruxa, escoitóu o relato das esperencias do día.

—Vimos un paxaro morto.

—E un peixe morto.

—Caraina! Cantos mortos víchedes hoxe.

—E vimos o cura de *Limorde*.

—Limodre. Víchedes a don Ricardo? Qué ben...

Nesta parola chegóu o postre.

Acabado o postre, o noso pai erguéuse, colléu un libro da libreiría, alcendéu un cigarro e deixóuse caer nun patriarcal butacón orelludo. Nós abandoamos a sá cara a galería; respeitosos, marchamos en silencio porque coñeciamos o que anunciaran aqueles movementos de don Manuel: a sagrada sesta: lendo, fumando, iría ficando docemente adormecido e até, cecáis, botaría tres ou catro satisfactorios peidos con licencia de dono da casa... pouco a pouco a cabeza caería no ombro, o libro esbararía para as pernas e o cigarro apagaríase no cinceiro.

A sesta do señor era o sinal da tarde ter comezado. Ca tarde sempre o paseo; ao paseo chamáballe a Rosalía "descobrir as Américas", e levábanos polos camiños da terra a ver cousas novas para a nosa ollada inocente.

—Hoxe imos coller minchas, nenos.

Botamos a andar cara a congostra que baixa á praia; pola estrada trocamos saúdos con varios veciños, e entramos na congostra: retivemos o paso, que de escorregadía e pronunciada a encosta, enlamada de regatos e precipitada, puña medo baixala. Baixámola a modiño, sintindo na man a forte presión da man da criada-nai oferecendo seguridade.

Acababa a congostra nun camiño longo e chan, a unha beira unha capeliña branca, prados e algunha casa axardinada; á outra beira leiros e un piñeiral armoñoso.

Os piñeiros eran bonitos, outos e áxiles, algún moi corpudo, vellísimo. Estaban habitados por unha nube de pegas en constante ir e vir dunha arbre para outra as suas veciñas visitando, anunciando as visitas con escandalosa grita. Seguindo o voar das pegas, ao lonxe, víase a maravilla escintilante do sol atravesando os arumes. As torturadas raíces dos piñeiros amarraban o chan que os sostiña: era o chan de area, aveludada por unha erbiña débil que nos pracéu pisar; antre a erba espalladas, unhas froliñas tímidas querían anunciar a primaveira: a Rosalía arrincóunas e deprendeunos a lles chuchar o néctar.

Donde as raíces fortes acababan, alí a área ceibábase e, libre e lixeira, facíase praia.

A praia estaba deserta.

—Ai, qué quentiña está a area —A muller deixaba caer unha pre-

sada de area; o vento lene desvióu a caída cara o mar—. A ver, pequechiños, imos sacar os zapatos para andar na praia.

Da area seca, morna e traballosa de andar pasamos de zapatos na man á pista dura que o mar esbalando deixara lisa e húmida, era unha ledicia correr e choutar por ela, os pés bicando o seu frescor a pulos.

—Rosa, lévame as botas.

—Veña, dádeme o peso.

Démoslo.

Libres de todo, a danzar.

O mar viña morrer á orela sin protestas, absolutamente calmo. Aínda esbalaba e descobría un mundo de cunchiñas faiscantes baixo o sol.

A Rosalía camiñaba en silencio, o rosto sorridente erguido, a panoleta caída, solta a forte trenza loira; levaba no colo un embrullo de zapatos e calcetíns envoltos nun xornal recollido da area; camiñaba dereita, seu corpo de nai rexa apenas balanzando; fixo o ollar no punto cara onde nos conducía, o Cobo, donde morre o areal, ía distraída.

—Rosa, qué é esto? —Amosáballe unha cuncha negra: non viróu a ollada fixa— Rosa, Rosa —Turreille pola saia longa— Rosa...

—Qué, meniño?

—Qué é esto?

—Unha cuncha dunha vieira pequeniña...

Minchas, minchas pouca collemos: unha lata náufraga e enferruxada medio a enchemos co producto da pesca: eu e máis a Carmucha apañamos toda sorte de marisco, mais a Rosa só ademitía minchas na lata; ela collíaas tras escrupulosa escolla, raramente, calada, allea ás iludidas descubertas dos pícaros:

—Velo, nené? Mira: un peixiño dormindo no furado...

—Nena, mira un bicho. Cómo anda!

—É un patexo...

A volta do Cobo houbo rifa.

Rifamos por ver quen ía levar a lata das minchas. Na rifa vencéu —lei de vida— o máis forte: a nena. A Carmiña marchóu orgullosa, apertando no colo orgullosamente a humilde mariscada.

A criada-nai marchando de nós diante, distante, recollida no mundo dos seus pensamentos. Desatendera os nosos berros —non acodíu a facer xusticia na custión do marisco. Avantaba recta, insensíbel ao que a circundaba, e o que circundaba era belo, belísimo, toda a beleza grande dun serán na beira da ría:

Camiñando pola area mollada cara o centro do areal, paralelo a nós viña morrer o mar nunha morte de bico longo, lánguido á praia. Morría sen ondas e sen ondas se estendía recurvo, feito ría, ate a Marola vixiante. Calmo, esmagadoramente calmo, era un espello azulado.

Era un espello. Polas lonxanías do horizonte, por tras das terras baixas que marcan a boca da ría, un sol atrozmente rezo ía sumir; sumía abandoando o seu ronsel de sangue no espello do mar.

Atraéu a nosa atención, a dos nenos, unha banda de peixe voador a regatear bravamente perto da orela. Paramos a ollar a regata sobor das augas acesas de sol; aumentóu a distancia que nos arredaba da muller. Daquela ela tamén paróu.

—Cativos!

—Rosa, mira qué peixes!

—Nenos, vinde, nenos!

Obedecemos á carreira. As minchas da Carmiña choutaban ruidosas —algunha ate saíu da lata.

Vímos a Rosalía deixar caer o embrullo dos zapatos, ficar estática, os brazos deitados ao longo do corpo. Ao chegarmos a xunto dela collémonos das súas mans e seguíndolle a ollada atopamos a crista do disco solar afondándose nun piñeiral lonxícuo.

Silencio. Silencio mesto. O sol afondaba vagoroso e o seu refreixo no mar desaparecía.

Sintín como a man da muller que envolvía cálidamente a miña manciña apretaba cada vez máis; olléi para ela: dos seus beizos trémulos escapaba unha calada pregaria, apenas un movemento:

Cara o linde aceirado do horizonte mariño emproaban fráxiles as tarrafas de todos os días á percura do peixe cotián e incerto —cara a loita baruda por unha vida de miserias. A muller pregaba silandeiramente.

Silencio...

Calzámonos. Acaroándonos ao piñeiral a voz da criada-nai xurdíu leda:

—Nunca víchedes unha vacalaoura?

—E qué é unha vacaloura?

—A muller do escornabóis.

—E qué é un escornabóis?

—O home da vacaloura.

—Son veciños da aldea?

Unha gargallada cristaíña da Rosa perdéuse polo piñeiral adormecido; unha pega acordóu, protestóu cun par de gritos.

—Non, ho, non. Non son veciños. A vacaloura é un bicho que acode cando se lle canta o seu cantar.

—Qué cantar, Rosa?

—A ver, dádeme a man que volo vou deprender:

"Voa, voa, vacaloura,
que che hei dar pan e cebola.
A cebola está no lar
e o pan está no altar".

"Voa, voa..." ecoamos os miudos.

Cantamos; cantabamos para escorrentar a besta negra do medo que baixaba a rolos ca noite, precipitada xa dende as bandas do Leste polos penedos bravíos que acumian a fraga do Eume.

Medo. Deprendiamos o cantar a berros pola congostra que sube á aldea; cantábamos en camiñada lixeira costa arriba, apretando os

corpos para esquecermos o medo. Medo. Do sono da invernía aínda non acordara a bicharadiña compañeira da noite: nin o vagalume escintilaba nas silveiras, nin o grilo cantaba á porta do furado... Os morcegos asustadores tamén durmían, mais foi un merlo trasnoitador que nos asustóu ao cruzar dardexante o camiño, a rente da terra; afondóuse no mato e pióu. A Rosa dixo tranquilizante, convencida:

Foi un merlo... Alá, que xa estamos chegando.

E chegamos. Na porta principal escoitábase un marmurio: era a parola da Otilia co raparigo.

—Bo... boas noites, señora Rosalía —tatexóu o mozo solprendido.

—Boas as tés tí. Otilia, ás nove na casa.

Á noite o proceso invertíase, cáseque: alcoba, cuarto de baño, cociña, cama.

Ceamos, de bata, un rápido cunco de leito ensopado.

De fora da xanela da cociña, quedanza: a natureza comezaba a durmir a canseira diaria sob a ollada pálida da lúa; de dentro, o cacarexar das criadiñas á volta da cotiá sesión de amor rústico.

Esperamos un pouco na galería por ver se chegaba o noso pai, cansos, non falabamos. Cas pálpebras vencidas ollabamos a estrada: ninguén, ninguén transitaba. Por frente de nós a ría mostraba retorta o seu vacío enluarado. Unhas luciñas avantaron paralelas cara nós, era un coche. Sería o papái? Non: pasóu indiferente e ruidoso por dediante da porta. O seu tamaño minguado na estreitura progresiva da estrada ate perderse nun eucaliptol que a brisa súpeta despeiteóu.

—Veña, parruliños, a deitarse. Veña, que mesmo mentras rezades vai vindo o papái...

E deitóunos. Arroupounos antre bicos, batendo amorosamente colchón e cobertores ate lles dar as formiñas dos nosos corpos.

E rezamos: *"Dios te salve, María; llena eres de gracia..."*

O marmuxar suave da reza na lingua litúrxica que eu non entendía foime adormentando.

A buguina dun coche despertóume cuase.

—Papái —sonambuléi.

"*...por los siglos de los siglos. Amén*", non me entenderon.

Un pouco por riba de Cabanas, ao pé dunha leira, don Manuel toleaba tratando de facer comprender ao dono da casa que as fretas de augarrás que lle daban á muller habíana matar —non servía a receita do menciñeiro, había que levar a muller ao especialista da pel.

O labrego calaba, a face monolítica cerrada nunha idea:

—Levar a Maruxa a Santiago élle un peto de cartos, sabe, don Manuel?

Coma este día pasaron outros moitos na primeira etapa da miña vida. Foron días tranquilos dos cales apenas si trascende algunha lembranza. Neles medróu o meu corpo e crecéu o meu esprito. Ao longo deles deprendín mil cousas que non saben os libros e fun

encorpando, ate chegar a ser o meniño guapo de traxe de baño branco que aparece nunha foto familiar antre as pernas do abó Manuel. É unha foto de praia, baixo un toldo; ao anverso leva sinalados lugar e data: Cabanas - 2 - VIII - 51. Tiña eu, daquela, cáxeque cinco anos.

Faléi do abó Manuel: o abó Manuel, pai do meu pai, e a aboa Lucía, nai da miña nai, son dous persoaxes importantes nesta historia da miña vida. Da terríbel dona Lucía xa falaréi máis adiante. Agora vou falar de don Manuel por dúas razóns: a primeira, porque cando el aparece na miña vida faina virar amplamente: el foi quen me deprendéu a ler, con todas as súas inumerábeis consecuencias; a segunda porque a súa aparición ante min é o recordo máis vívido da miña neneza. Pechemos os ollos:

Era unha tardiña de vran pesadona; a quentura do ar parado esmagaba todo contra o chan. Na area lisa do camiño do xardín xogabamos inseparábeis eu e máis a Carmucha; contemplaba o xogo o Pepucho, un cativo veciño.

—Téla que pasar da raia, nené —Xogabamos ao guá, en cuios segredos ela fora iniciada polo Fuco. Ao Pepucho non lle deixabamos xogar porque só tiña bolas de barro.

Na estonteante quedanza da tarde ouvíase somente algún grilo ou as voces do Marco e o Fuco e máis uns amigos cos que xogaban ás bolas no camiño da horta:

—Primeira, truque, matruque, pé, pasabola, guá... caga, neno, caga bola!

Non advertimos as pegadas do home.

A Carmiña tiróu e erróu.

—Agora vas tí, nené.

Preparéi o proxectil nos dedos inespertos e concentréi a ollada no albo; cando ía disparar un pé inmenso paróu ante a posíbel traxectoria do disparo; calzaba un zapatón enrugado e roto, a sola rillada.

—A ver se lle acertas —Dixo unha voz cordial, coñecida cuase.

Á percura da orixe da voz alcéi a ollada: foi trepando primeiro por un pantalón remendado e suxo, continuóu por unha chaqueta suxa e remendada e unha camisa de cor indefiníbel, e acabóu nunha faciana grande arada polos anos e antre cuios sucos medraba a barba amarelecida.

Púxenme en pé; tal fixo a nena; abeiróusenos o Pepucho.

Abraio. Confianza na voz e receo da figura. Indecisión un intre. A nena decidíu:

—Rosa, Rosa —fuxíu asustada, asustándonos a min e máis ao Pepucho que a seguimos— Rosa, Rosa!

A criada-nai xurdíu da sombra dun salgueiro donde estivera a costurar. Ficóu parada un bocado no camiño, a ollada fixa no estraño.

—Rosa, un vello... —Non atendéu ás nosas esplicacións e virando as costas entróu na casa, e nós após dela.

O noso pai durmía a sesta merecida no seu butacón, a camisa desabotoada.

—Señor.

Acordóu fácilmente:

—Qué foi, Rosalía?

—Está abaixo don Manuel —Tremoulle a voz. Naquelas curtas verbas algo grande debéu trasmitir ao noso pai que lle fixo erguer e baixar as escaleiras frechado.

A Rosa foi para a galería, e nós após dela.

No camiño do xardín meu pai e máis o home suxo que nos asustara apertábanse frenéticamente, longamente.

Ao velos así a Carmuchiña astreveuse a preguntar, respeitosa:

—Rosa, qué é ese señor? —Xa non lle chamóu "vello".

A muller contestóu solene, de bágoas grosas a percorrerlle a cara, sen deixar de fitar a aperta no xardín:

—É o abó Manuel, o pai do voso pai, o meu padriño, un santo do ceo.

Así coñecín ao meu abó. Así acabóu o primeiro capítulo da miña vida.

XAVIER ALCALÁ

A Madalena

UN ROSTO PRA FRANÇOIS VILLON

Reconstruílo anaco a anaco, resgatalo do seu asolado acobillo de néboas, soñéino case dende a adolescencia. Quería o imposíbel duns ollos, un narís, o vóo dunha cabeleira no vento sin piedade dos seus invernos. Quería achegalo a min dándolle unha apariencia terreal, unha vida de home, un xeito de andar, un metal para a súa voz. Percuraba xestos e acenos, actitús, o lostreguar dunha ollada, o resonar lonxano dun riso.

Ollaba a Margot a Gorda xurdindo canalla antre os versos, e o que percuraba eran os seus brazos enlazándoa. Atopábame de súpeto, no adro de brétemas dun Saint B. le Betourné que a miña frebe aluciada inventaba, con Maitre Guillaume de Villon, o coengo tenro que sabía perdoar, e percurábao a el a seu carón, decote tencionando espricar, xustificándoa, unha vilanía, cos ollos baixos, a testa homildada, e contrito, apesadumado, rebordando tenrura para o vello, e sin poder disimular ao mesmo tempo un aceno de bulra. Pasaban Philipe de Sermoise, ou Colin de Cayeux cara a taberna de "La Pomme de Pin", e corría tras das súas sombras flebes e escurrigadizas, anceiando apreixar un escorzo que fora do seu rosto. Todas as trapelas lle puxen, todos os artiluxios empreguéi, e fuxíame sempre.

Tíñao antre as mans, vivo, tremelante e sofrinte na súa mocedade de cinco séculos; case podía escoitar o borboriño do seu alento xunto do meu hombreiro, o ecoar das súas pegadas leviáns ás miñas costas. Ninguén podía serme tan veciño, de achegamento tan fondo pra o meu corazón. E non acadaba siquera a máis borrosa imaxe.

¿Cómo era?, preguntábame. ¿Cómo era?, pregúntome. E hoxe, como onte, a interrogación queda no ár, vaise riscando, perdéndose, apagándose. El non aparez.

Vou percuralo a Meung-sur-Loire, antre o gris señardoso daqueles días do Outono do 1461, cando o rei Luís XI —enganido, ensapellado, perfil aguzado de medalla, ollos inquiridores e tece verdiluada— entra por primeira vez na cidade, que tangue pra el todas as campás, celebrando a groria nova do seu reinado que comeza.

A tradición quere que a primeira visita do rei a unha das súas vilas fieles, traia aparellada a libertade pra os que sofren na cadea o rigor da xusticia real. Si de Luis XI dependera, non voltarían a sentir riba das súas costas o acariño do sol, os que agunían nos fousos trebosos do castelo de Meung, a dura prisión episcopal, rexida con man sin dozuras polo bispo d'Ausigny. Pero a tradición quere que a coroación dun rei seña camiño para a clemencia, e Luis firma a arregaña dentes as cartas de perdón.

As portas da prisión episcopal ábrense e un xuntoiro de xentes de mala catadura, farrapentos e cotrosos, esparéxese polos camiños. Todos van de presa, empurrados polo desexo de se alonxar canto máis antes da mala lembranza do castelo. Antre eles, macio, esmacelado, o longo cabelo encerellado sobre das orellas, a espresión ra-

beca e turdia, unha charamusca estraña nos ollos pequenos e moi mouros, vai un home ao que se lle aduviña a mocedade baixo da pegada destruidora da vida. A grandes alancadas pérdese polo camiño de París. Entre dentes, como si mordese as palabras, van escorregando os versos dunha balada pícara e bulrenta. É François des Loges, ou de Montcorbier, ou Mouton, que con todos eses apelativos está inscrito nos rexistos das autoridades do rei. Pero os homes que viviran após del, as xeneracións vindeiras, conoceráno por aquel que pon moitas veces como acróstico nas curiosas baladas que compón: François Villon.

É el, o tenro poeta, o estudante rabisco e atarantado, o vagamundo irremediábel, o docísimo, o adorábel malfeitor. Vai repetíndose, pra os gravurar na memoria, os versos que veu compoñendo polo longo camiño de Meung deica París. E sorrí ao lembrar a oitava feroz que lle adicóu ao bispo Thibaud d'Auxigny, de cuia prisión remata de sair pola gracia real. Bruscamente, a sorrisa desaparez dos seus beizos: está por frente dunha das portas da cidade capital do reino da Francia e cabo dela montan garda dous xendarmes aos que prefire non dexergar de perto. Cando entra na Cité pola máis senlleira das pontes, escorrégase por un calexón deica a rúa da Xudería e arrempuxa con man familiar a porta de "La Pomme de Pin", a sonada taberna de Robin Turgis.

Ten volto ao seu escearío natural despóis de cinco anos de ausencia, cando unha orde de espulsión ditada pola Corte de Xusticia, fixolle abandoar súpetamente, cunha nube de xendarmes tras del, o recinto benamado da súa cidade natal.

Volta agora, deixando tras sí unha lagoa de misterio dun lustro. Os eruditos do porvir hanse queimar as perfebas esculcando o que fixo e qué camiño percorréu durante eses cinco anos, o poeta vagamundo e bergallán. O único fito sinalador da súa presencia durante ese tempo, é a súa breve estada nunha sórdida falcona da prisión de Meung-sur-Loire. Pero ese tempo que vai dende 1457 deica 1461, deixóu nel unha semente fermosa, a cásula xermoladora dunha vida conmocionada e violenta, e o celme desa esistencia de desarraizado, de maldito, de inadatado, que atoba no máis cerne un pouso avolto de melanconía e de ternura, vai frorecer na espresión poética máis singular do seu tempo.

Por estar máis perto da terra, por tocar con mans de home a polpa viva do mundo, este neno tristento e xenial, no que a fonda melanconía se encarantoña de bulra, vai trocárese nunha illa senlleira e escintilante da poesía francesa. Cando séculos despóis o crítico Boileau quere situalo, colócao o primeiro por orde cronolóxico no Parnaso francés, por ter, según el, "crarexado o arte confuso e escuro dos vellos poetas". Pero nós sabemos hoxe que a definición de Boileau é parca e probe, porque Villon non crarexa nada, non desencerella nada na mesta selva dos seus predecesores: Villon rompe netamente co arabesco alambicado da poética dos seus aboengos, enceta unha nova época, abre as roitas pra que vaia cara o porvir o novo mundo da poesía francesa. E si o primeiro posto correspóndelle por dereito indiscutíbel no Parnaso francés, o posto é seu porque abre marcha e non por pechar un ciclo e clausurar unha época.

Sentado dediante dunha daquelas mesas de "La Pomme de Pin", polidas polos cóbados de todos os malvantes do París de 1461, Villon está a contar agora, antre risos amargurados, os incidentes que

o levaron á prisión de Meung. E pra lle dar coor ao seu relato, recita con aquela forza intencionada e pícara que o fixo famoso en todas as tabernas de París, mimando con xestos e acenos cada verso, a oitava adicada ao bispo Thibaud d'Auxigny. Un coro de gargalladas rubrícaa e dous ex-estudantes que abandoaron a Sorbona pra se afundir no torboíño do baixo mundo, fanlla repetir pra gardala na memoria. Naquel intre, sin o saber, François Villon está a poñer os alicerces da súa groria, pois ha de ser así, na memoria das xentes, como ha pasar á posteridade a súa obra impar.

Bergalláns e falsarios, ladrós e galdrachas, forman roda darredor do poeta. O viño corre xenerosamente, quentando as cabezas e facendo rubir o tono das risas. A unha oitava sucédelle outra e cada unha é legado bulrento, satírico ou cruel, destinado ben a un amigo do que se moquea sin piedade, ben a un nemigo que lle fixo sofrir, de especial aos sarxentos da prisión do Chatelet, en cuias falconas pechárono con teimuda frecuencia.

A estructura non é nova, pois trátase dun Testamento e outros poetas denantes que el empregaron aquela fórmula de supostos legados, pra encerrar os froitos da súa ispiración. Pero hai algo naquelas oitavas que o bergallán François anda a recitar, que impresiona singularmente aos que o escoitan. Eles non son capaces de desembercellar a encovada razón, pero si o foran, saberían que todo o segredo reside en que Villon fixo baixar á poesía dos ceos alegóricos e frientos, da retórica escolástica, ao mundo no que todos viven. E que si aqueles versos teñen tan forte resonancia nos seus corazóns, débese a que por eles decorre sangue de homes, angurias, anceios, esperanzas e cobizas de homes.

Margot a Gorda, que tantas veces puxo na bulsa do poeta unhas moedas salvadoras, escóitao embelicada. De sócato, unha oitava faina brincar: é unha estrofa cun legado a seu nome. Pero esta vez o legado non é simbólico. O legado é unha balada canalla e desenfadada que conta os amores de Margot co poeta. As risas ruben de tono ao escoitala, e Margot esixe antre gargalladas que François faga efeitivo o legado e lle entregue unha copia da "súa" balada.

Pero xa Villon sigue a recitar oitavas bulrentas con legados inverosímis ou cínicos, e o viño sigue a correr xeneroso. De súpeto as risas múrchanse nos beizos e todos se inmovilizan, conmoveitos e afervoados. É que o poeta, con bágoas nos ollos, está legando á súa nai, a "probe muller", unha balada pra pregar a Nosa Señora. E os mesmos beizos que recitaron os versos procaces da balada de Margot a Gorda, recitan agora acontecidos de ternura, unha pregalla á Virxe labrado no máis puro mármore do idioma e que ha quedar pra sempre como unha alfaia do Parnaso francés.

Oitavas, baladas e rondéis sucédense. Do augaforte melancónico que é a "Balada das donas de antano", na que canta con sobrecollida tristura ao perecedeiro da condición humá, pasa sin transicións ao apunte ferretudo e despiedado dunha estrofa cruel. Dunha oitava na que se condoe, mentindo, da súa mala fortuna neste mundo, brinca outravolta a un tema teimoso na súa obra toda: a morte, o fráxil, o perecedeiro, transitorio da criatura sobre da terra.

A noite cai riba do París inquedo do Medioevo e de a pouco as calexiñas en trebas quedan desertas. Pero en "La Pomme de Pin", afogueirados polo viño, malvantes, lumias e ladrós, siguen a escoitar, engarilados, a François Villon, bachiler da Sorbona, compañei-

ros de ladroízos e vilanías, amante aproveitado de Margot a Gorda e condanado ao esilio de París cinco anos denantes, pola morte de Philipe de Sermoise en rifa calexeira. As 173 oitavas que integran o "Gran Testamento" do poeta, as baladas e rondéis intercalados armoñosamente antre as oitavas, todo é recitado antre grolo e grolo de viño barateiro. E escuramente, o auditorio canalla aduviña que algo singular e diferente reside no que rematan de escoitar, algo que ten a meiguice da poesía deica entón conocida, pero que ao mesmo tempo sinten máis perto do seu corazón, espresado en sentimentos e emocións que lles son comúns, por levar no seu cerne quente sangue de homes.

De taberna en taberna, de burdelo en burdelo, de mercado en mercado, os versos ademirabres vanse graburando na memoria dos parisinos. Xa non ha importar, para a sobrevivencia da obra, que o adorábel lampantín, o malvante engaiolador, desapareza misteriosamente uns poucos anos máis tarde, sin que a súa pegada poda atopárese enxamáis: o seu "Gran Testamento" non poderá perderse, porque a tradición oral fíxoo seu pra lle garantir a inmortalidade. Coma un símbolo fermoso, a primeira poesía francesa do home é para o home, e consérvase impresa no corazón do home, viva e latexante. Gandainas, ladrós, falsarios, estudantes caídos "in profundum malorum", moquenqueiros e malfeitores de toda catadura, as criaturas avoltas, larvadas, visceráis, que foron o seu mundo, serán os mensaxeiros estraños, encarregados de levar deica o futuro, recitándoos unha vez e outra en tabernas e burdéis, os versos inmorredoíros do seu amigo.

Pura, intacta, sulcando mares de embouga, camiñando os máis tristentos camiños, a obra está con nosco xa pra sempre. Pero, ¿e el? O neno que temos que imaxinar melancónico e soñador, cando a súa nai, "a probe muller", levóuno da man deica a eirexa de San Benoit le Betourné, pra entregalo á proteción do coengo Guillaume de Villon, quen foi pra el "máis doce que unha nai", ensinóulle as primeiras letras e guióu logo os seus estudos de adolescente na Sorbona, ¿cómo era? E o estudante adolescente que un día lle levóu ao coengo, raiolante de orgullo, o seu diploma de Licenciado en Artes da Sorbona, gañado a pesares das noites de viño e esmorga en "La Pomme de Pin", ¿cómo era?

Unha vez e outra fúxenos, esbarázase, escorrégase, como sabemos que se escorregaba, xelatinoso e cun xesto de bulra no rosto, aos xendarmes da prisión do Chatelet. Os documentos de xusticias entrégannos tan só un dos tres nomes que empregóu namentras andaba de cela en falcona, de bartolina en mazmorra. Pero ¿qué había no fondal dos seus ollos cando todas as súas mentiras foron inútis, e os rixos, os fríos maxistrados da Corte de Xusticia o condenaron a ser pendurado na forca "ate que a morte sobreveña"? E ¿cómo aparecéu a ledicia na súa faciana esmacelada e suxa, cando soupo que a pena fora conmutada e que xa non ía pendurar da forca de Montfaucon "peteirado polos paxaros e con máis furadiños que un dedal"? ¿Por ónde andivo, qué vieros corréu cando lle foi conmutada a pena de forca pola espulsión de París? ¿Cál era o metal da súa voz cando nunha taberna da Cité parolaba cos seus compinches, praneando o roubo dos cinco centos escudos de ouro no Colexio de Navarra? ¿Había quezáis ternura na súa voz cando falaba con Margot a Gorda, a lumia parisiense que co "seu doce oficio" gañaba as moedas que el trocaba despóis por viño na taberna de Robin Turgis?

Unha vez e outra fúxenos. Minte, enmascara, terxiversa e falsea, e sempre cunha seriedad bulrenta que non deixa regandixas polas que se adentrar na súa verdade verdadeira. Do seu pai nada nos dí e pouco máis que nada é o que sabemos da súa nai, pra quen nembargante o seu corazón reverte de ternura nos poucos versos que lle adica. Do seu pai adotivo, o seu conselleiro e guía, Maitre Guillaume de Villon, quédanos un esbozo apenas, e a proba do seu amor e do seu agradecemento cara el, ao poñer sobre do seu apelido maculado o do bó coengo, e cubrilo de groria e entregalo á posteridade como firma do millor de sí mesmo: a súa poesía imperecedeira.

Unha vez e outra e sempre fúxenos. Soabre apenas a porta e pola celosía dos versos ollamos pasar as evasivas siluetas dos que compartillaron o mundo con el. Pero aínda esas siluetas pasan enmascaradas, e antre elas a do poeta é a sombra máis evasiva e máis sombra. Retornamos ao tempo detido da historia e é pra dexergalo por derradeira vez, un día calisquera do ano 1468, saíndo por unha das portas de París, de presa, desacougado e esterrecido, porque homes de xusticia persíguenno outravolta, e desta vez sí lle botan man, quezáis ninguén poda salvalo de rematar a súa vida, "pendurado e esganado" "deica que a morte sobreveña", nunha das forcas de Montfaucon.

E desta vez vanse borrando ben as súas pegadas, bulrándose da historia, facendo unha carantoña de bulra aos eruditos do porvir. Pérdese pra sempre, desintégrase, esváese no ar. "Nunca saberán de min", semella decirnos cunha derradeira viravolta. Pero tras del quedan, no seu París, a súa cidade benamada, lumias, ladróns, estudantes caídos "in profundum malorum", falsarios e malfeitores de toda laia, que nas tabernas e burdelos repiten os seus versos, as súas oitavas, os seus rondéis, as súas baladas, como gardando celosamente as pedras fermosas coas que os homes que han vir despóis, erguerán o moimento eterno, imperecedeiro, ao tempo malfeitor, ao galopín engaiolador, ao poeta inefábel e desditado.

BALADA DAS DONAS DE ANTANO

Decídeme ónde, en qué país
está Frora, a bela romá,
onde Archipa, ónde Thaís
que —din— a súa curmá...
¿I Eco, cantante cando sona
sobre do río un rumor estrano
que foi beleza ultraterréa?
Pero ¿ónde estaban as neves de antano?

¿Ónde Eloísa, pola cal
foi capado Abelardo un día
e, despóis de sofrir o seu mal,
entróu de monxe a unha abadía?
¿Ónde está a raíña que ordena
que Buridán, por desengano,
seña guindado nun saco ao Sena?
Pero ¿ónde están as neves de antano?

A Raíña Branca coma un lis,
que cantóu con voz de sirena,
Berta a do gran pe, Beatriz, Alis,
Haremburgis, señora do Maine
E Xoana, nada en Lorena,
a quen queimaron en Ruán
os ingleses o outro ano,
¿ónde están, Virxen soberana?
Pero ¿ónde están as neves de antano?

Envío

Non pescudes, Príncipe, a súa sorte
nin neste mes nin neste ano.
Lembra a miña canción e advirte:
¿Ónde están as neves de antano?

LAIOS DA "BELA"

Así escoitéi as señardades
daquela beldade famosa
que chaman a "bela armeira":
"¡Ah, vellice malvada e fera!
¿Por qué me venciche tan axina?
¿Qué teño xa que non me fira
e cos teus golpes non me mate??

"Ti quitáchesme o privilexo
que a miña beleza me dera
antre homes de todas cras,
pois daquela non nacera
quen me negara o que tiña.
Inda que despóis se arrepentira
por ter recibido de min
o que hoxe esdenan os bergalláns..."

"A moitos homes refuguéi
—cousa que era moi prudente—
polo amor dun mociño
a quen me daba con larganza;
amosándome xangal con todos
soio a el quería de verdade.
El en troques maltratábame
e o interés soio o guiaba".

"Por moito que me abaixara
non o deixaba de querer,
e si despóis de me tripar
pedíame que o bicara,
voltaba a esquecer os meus males todos.
El, cubizoso dos meus feitizos
apertaba o meu corpo cheo.
¿Qué resta agora? Vergoña e pecado".

"Morréu fai máis de trinta anos
e eu estóu xa vella e murcha.
Cando penso naqueles tempos,
o que eu era e o que son,
cando me miro no espello
e contemplo a miña ispidez
—estóu resequida, fraque e miúda—
non podo agachar a miña raiba".

"¿Ónde foron a miña fronte lisa,
pelo loiro, cellas arquexadas,
ancho entrecello, linda ollada,
que engaiolaba aos esixentes?
¿Ónde aquel narís soave.
orellas xuntas e pequenas,
mentón gracioso con goielos,
e ónde os meus beizos bermellos?"

"¿Ónde aqueles hombreiros bringuelos,
brazos e mans armoñosos,
pequenos seos e cadrís
pra mil amorosas lides?
"Ónde aquel van lanzal
sobre duras e grosas coxas?
¿Ónde o recóndito xardín?".

"Fronte enrugada, cabelo gris,
cellas caídas, ollos quedos,
—os que con xogos e olladas,
tiveron ésito, apagados—
o narís curvo, sin beleza,
orellas froxas e peluxas,
a face lourida e esmacelada
mentón fruncido, beizos mortos".

"É o remate da humán beleza;
brazos curtos, mans ganchudas,
costas breves e carregadas,
os peitos feitos un novelo,
os cadrís, como os peitos.
O demáis... ¡ai! aquelas coxas
non son agora sinón coxiñas,
moteadas como salchichas".

"Así añoramos os bos tempos
antre nós, vellas parvas,
agazapadas, en crequenas,
encollidas como pelotas,
cabo dun lume de canabazo
tan aceso como apagado.
¡E antano fumos tan belidas!
Esto mesmo halle ocurrir a todos...".

EPITAFIO EN FORMA DE BALADA QUE FIXO VILLON PRA EL E OS SEUS COMPAÑEIROS CANDO ÍA SER AFORCADO CON ELES

Irmáns que nos sobreviviredes:
Non señades duros con nosco,
porque si tedes piedade,
Deus teráa máis tarde con vosco.
Veleiquí estamos pendurados, cinco, seis;
a carne que tanto temos alimentado,
fai tempo que está devorada e podre
e nós —os ósos— feitos póo e cinza.
Do noso mal ninguén se bulre:
¡Pregade a Deus que a todos nos perdoe!

Pedíndovolo como irmáns non debedes
esdenarnos, inda que teñamos caído ao peso
da Xusticia. En todos os casos, sabede
que non todos os homes teñen bó senso.
Escusádenos, pois que estamos mortos.
Diante do Fillo da Virxe María:
que a súa gracia se non esgote con nós
e nos ceibe do raio infernal.
Estamos mortos. A ialma xa non nos atormenta.
¡Pregade a Deus que a todos nos perdoe!

A chuvia branquexóunos e lavóunos
e o sol enxoitóunos despóis.
Pegas e corvos agrandáronnos os ollos
e arrincado barba e cellas.
Enxamáis estamos quedos, sinón
cara aquí, cara alá... a mercede do vento
que ao seu degoxo e arreo móvenos,
máis furados polos paxaros que un dedal.
Non pertenecedes á nosa confrería:
¡Pregade a Deus que a todos nos perdoe!

Príncipe Xesús, que imperas sobre todos,
coidade de que o Inferno non nos arrapañe;
nada temos que facer nel nin pintamos nada.
Homes, aquí non hai sobra de bulra:
¡Pregade a Deus que a todos nos perdoe!

EPITAFIO

Xace e durme neste lugar
quen Amor matóu co seu dardo,
que se chamóu FANÇOIS VILLON.
Inda que non tivo un sulco de terra,
todo o deu —é ben sabido—,
mesas e pan, cachafullas e cestos.
Pregade por el este rondó:

RONDÓ

Acougo eterno concedede,
Señor, e eterna craridade,
a quen non valéu escudela
nin tivo garampallo de perixel.
Rapáronlle até as cellas
e quedóu coma un nabo raspiñado.
Outorgádelle acougo eterno.

O rigor mandouno ao esilio
e déronlle coa pá no cú
nembargante el "¡Eu recurriréi!"
—que é un termo case nulo—
Concedédelllle acougo eterno.

ANACOS DO "GRAN TESTAMENTO"

Eu sei moi ben que probe e rico,
crego e leigo, sabio e fato,
nobre e vilán, cobizoso e pródigo,
pequeno e grande, belo e feo,
dona en farrapos ou con peles,
dona de toda condición,
con tocado de escrava ou raiña,
Morte agarra sin esceción.

Morre París e morre Helena;
morre, ao morrer, con tal door
que perde conciencia e alento;
enche a súa fel o corazón
e o mesmo un que o outro,
súa, ¡Deus sabe qué suor!
Fillo, pai ou irmán, ninguén
sirve daquela proteción.

A morte volta branco o rosto,
seca as veas, infla o pescozo,
amolece a carne e apodrécea,
distende músculos e nervos.
Corpo femenino, tan doce,
tan lene, delicado e tenro,
¿Sofrirás tamén estes males?
Sí, pois vivo non irás ao ceo.
.....

Item: o meu corpo deixo e lego
á nosa grande nai a terra.
Pouca grasa atopará o verme:
a fame fíxolle dura guerra.
Sin delonga entregádelle o corpo;
nacéu na terra e volta a ela.
Así toda cousa retorna
ao seu orixe, sin moitas viraduras.

Item: ao que é máis que meu pai,
Maese Guillermo de Villon
—que me tiróu de remoíños,
neno en panáis envolvéume,
máis doce que unha nai ten sido,
coa miña mágoa se non aledóu—
veño a lle pedir de xionllos
que me outorgue a súa benzón...

Ollando estas caliveras e estes restos
no osario amoreados,
penso que foron maxistrados
ou recaudadores de trabucos;
foron quezáis tendeiros.
Todos teñen a mesma historia,
pois de bispos ou de mendiños
aquí se non garda memoria.

Unha destas caliveras, na vida,
ante as outras se incrinaba,
unhas cabezas gobernaban,
outras eran plebe rendida.
Todas ao seu fin chegaron,
xuntadas en morea sinistra.
Señoríos lles roubaron...
Xa ninguén é crego ou mestre.

Morreron. ¡Deus teña as súas almas!
os seus corpos están xa podres.
O mesmo señores que donas,
delicadamente nutridos
con sopas, cremas e xamón
trocaron en pó os seus ósos,
pó sin risos e sin bicos...
¡O bon Xesús lles dea perdón!

FÉLIX PITA

Trad. S. L.
Vigo

Dibuxo de Castelao

Pra o Dr. Domingo García Sabell, ista tona existencial dun home galego-portugués.

UN HOME, UNHA AVENTURA, UN TEMPO: FERNANDO OSORIO DO CAMPO

Fillo de pai lisboeta e de nai coruñesa, nacéu na Cruña o día 9 do nadal do 1894. Aparez inscrito no Rexistro civil, como fillo de pais desconocidos, o 17 dos propios mes e ano. E tamén no libro de bautizados da parroquia de San Nicolás.

De ascendencia betanceira, a nai, "modistilla" coruñesa, pimpante e lizgaira, por mor dun desengano amoroso deixóu a costura e ausentóuse de España pra se establecer en Lisboa. Alí conocéu a quen había ser o pai do seu fillo, un repoludo señorón casado, fidalgo portugués, inxeñeiro de moitos saberes técnicos. Tantos, que un centro de pescudas científicas leva o seu ilustre nome.

Sintindo chegar o parto, a pimpinela empreñada quixo que o seu fillo viñera ao mundo, como ela viñera, na cidade da Cruña. De volta en Lisboa achegóuse de novo ao fidalgo portugués, e tiveron outros dous fillos: Alberte, morto coa gripe do ano 1918, e Ramiro, que aínda vive, xubilado de probetas, retortas e alquimias.

Fernando pasóu a infancia en Lisboa, onde fixo os estudos da primaria e dous cursos, ún no Liceo do Carme, e outro na Escola Estefanía dirixida por un home, o Doutor Agustín Fortes, que máis adiante habería ter certa sona literaria. Quixo o pai facer do seu fillo un sabido en agronomías, e mandóuno a Coimbra pra o seu ingreso na Escola Nacional de Agricultura. Pero cansa o rapaz e abandona os estudos no segundo curso. Entón o pai, que non lle pode prestar moita atención, pónlle na casa da nai un profesor de idiomas. Mais Fernando, mociño

inquedo e buligante, non acouga. Sin saberen nada na súa casa emprégase de mancebo nunha botica e, cos cartos do seu xornal, matricúlase na Escola da Arte de Representar do Conservatorio de Lisboa que fundara o esgrevio Julio Dantas. E agora, que batéu coa súa vocación, sí que Osorio pon remate á súa carreira artística, tres cursos, diplomándose con premio.

Estando no inicio da carreira, no Antroido do 1913, escribe Osorio o apropósito SEM PORTA NEM TRANCA, con música de Herminio Nascimento, imprentado pola Tipografía Industrial Portuguesa, sita na Rúa do Arco Lavandeira, 72 e 74, de Lisboa. E, ao pouco de se diplomar, a nai de Osorio viróu tola. Unha teima relixiosa —os remorsos, quizáves— fóille furando o siso deica saír á rúa con dous madeiros en forma de cruz cangados ao lombo e co fillo máis novo, facendo de meniño Xesús, collido da man. Foi detida e ingresada na Comisaría de Policía, de onde chamaron ao fillo Fernando. E, de alí, internáronna de por vida nun manicomio.

Don Julio Dantas, que collera grande simpatía polo rapaz, fáino ingresar como director de escena no Teatro da República, denantes de Dona Amalia, propiedade do vizconde San Luis de Braga, que trocara de nome co gallo da revolución portuguesa. Ocupa o seu posto durante varios meses sin ter dirixido obra algunha por non estaren de acordo, ningunha das que lle foran propostas pra dirixir, cos seus propios criterios teatráis. E a fináis do mes de marzo do 1916, despóis de cobrar a súa paga, orfo de nai viva e sin lle decir nada ao pai, fuxe Osorio de Portugal e chega a Cáceres. Tampouco fora alleo á súa decisión o feito de que por aqueles días viñera Portugal belixerante na guerra europea contrariando o idealismo pacifista do noso amigo.

En Cáceres entérase de que en España fora declarado prófugo. Preséntase decontado na cidade da súa nacencia, e Osorio sirve ao Rei no Reximento de Infantería Isabel la Católica, núm. 54. Sendo soldado, conoce a Antón Villar Ponte e a Luis Peña Novo, ingresa na Irmandade da Fala e colabora no boletín "A Nosa Terra". Tamén monta, dirixe e interpreta o papel de *Don Pedro,* "un santo bendito", da farsada en dous pasos de Ramón Cabanillas A MAN DE SANTIÑA, estrenada o día 22 de abril do 1919 no Pabellón-Lino, da Cruña. E Osorio, precisando apañar algúns cartos pra se poder casar, escribe NORTE, "anaco teatralizado da vida", estrenado o día primeiro do nadal seguinte no Teatro Alfonseti, de Betanzos, por unha compañía de aficionados co concurso dunha actriz profesional. E sacóu pra os gastos. Pero nada máis.

Licénciase do exército e casa civilmente cunha xentil rapariga coruñesa o día 15 do xaneiro do 1920. Non ben pasaran

tres ou catro días amósalle Anxel Casal un aviso que viña na prensa solicitando un empregado pra un negocio de importacións-exportacións establecido en Mathadi, no Congo belga, con casa central en Liverpool. Fai Osorio a solicitude, ademitenno, envíanlle o pasaxe e, despóis de lle deixar á muller o encargo dun fillo, o 31 do propio mes de xaneiro embarca no Havre cara o seu destino laboral. Chega a Mathadi e non tarda en enfermar coa saudade. No hospital ténlle estima o médico que o atende e recoméndalle que, tan axiña sande, abandone a cidade porque a Casa onde traballaba tiña unha lénda negra arrepiante. Decíase que os traballadores que non comprían á satisfación dos donos eran chimpados aos cocodrilos. Osorio colle medo e inicia un vagabundaxe pola Africa negra.

Fuxe de Mathadi e chega a Thaysville —onde co tempo habería morrer asesinado o líder negro Patricio Lumumba— entremedias do camiño a Kyhassa. Asóciase a un súbdito portugués e van vivindo como poden. Percorren distintas localidás da costa da Africa Oriental Portuguesa deica chegar á badía dos Tigres. Eiquí sepáranse, embarcando Osorio rumbo a Funchal, onde demora uns días, e regresa a Lisboa. Non atopa traballo e, coa axuda económica do seu irmán, Osorio retorna á Cruña pra cabo da súa muller e do fillo que deixara encargado e nacera na súa ausencia. Percibe entón mil quinientas pesetas da Fundación Amboadge e o grupiño familiar tira pra Lisboa. Mais esfumados os cartos, o grupo enteiro reintégrase á Cruña.

É agora cando Osorio ingresa coma gacetilleiro no xornal EL NOROESTE, sendo valedor seu don Eladio Rodríguez, director da publicación. Enferma de novo gravemente e, logo de catro meses, e aínda non ben curado, dánno de alta no Hospital da Caridade. Renqueando, volve á súa mesa na redacción do diario, e o propio don Eladio procúralle un posto de escribente "temporero" no Concello da Cruña pra atopar logo, xa no inicio da Dictadura, un achego á quentura do escalafón. E dálle a vida.

Vai vivindo sosegado e, antre as gacetillas e o balduque, Osorio escribe e publica, editada na Cruña no 1924, a peza teatral DESOURENTACIÓN, sin que chegue a se representar. O autor ceiba nela, por boca do protagonista, o seu sentir moral encol da humanidade doente.

Non perde o tempo o noso amigo. Fáise bachiller ao gallope e, de seguido, prepara unhas oposicións ao corpo do segredariado da Adeministración local. Fáinas con ésito e acada o seu primeiro destino no Concello de Laxe. E ao se reorganizaren por aquil tempo os servicios adeministrativos do Concello da

Cruña, créase unha plaza de axudante do xefe técnico da sección económica-adeministrativa, con categoría de xefe de negociado, que Osorio ocupa feitas novas oposicións, agora restrinxidas. E festexa a súa victoria cun segundo fillo, Luis, que nace no 1927.

O 17 de maio do 1930 funda Osorio, xuntamente con Monasterio e Anxel Casal, un semanario republicán: EL ADELANTE. Aporta cada ún dos fundadores dez pesos pra botalo a andar, véndese íntegramente a tirada e o semanario autofinánciase no futuro. E ao se proclamar a República convírtenno en diario co compromiso, por parte dos fundadores-propietarios, de suspendelo tan axiña como fora aprobada a Constitución, intre no que cadaquén, recobraría a súa independencia política. E así foi. Pero non sin antes celebrar Osorio a chegada da República cun novo fillo, Ramón, nado no 1932.

No curso académico 1935-1936 matricúlase Osorio na Facultade de Dereito da Universidade galega, e aproba por libre os dous primeiros cursos. As carreiras de Osorio —artística, adeministrativa, política e académica, todas xuntas e á unha— semellaban turrar dil cara o cimo da gloria. Mais os fados non quixeron que o noso amigo tivera ocasión venturosa pra máis celebracións con trascendencia no padrón de veciños.

Ven a guerra civil española do 1936, e alá vai todo. No mes de setembro, o 19, notifícanlle a Osorio unha providencia do día anterior dictada nun expediente sumarísimo incoado pola Autoridade militar, destituíndoo como funcionario municipal "por ser contrario al Glorioso Movimiento Nacional y caracterizado republicano de izquierdas, tanto más peligroso por su inteligencia y por su cultura". Iste reconocemente, explícito e solemne, do seu valer, éncheo de fachenda, e fuxe pra Lisboa con toda a familia. Mais como non ve xeito de se valer, pon rumbo a Francia. Desembarca no Havre —onde noutrora collera o correo pra o Congo—, e afíncase en París pra subsistir impartindo lecións de español e servindo de modelo ao pintor Savatè, antre outros, pra un cadro no que Osorio figuraba un Cristo crucificado. O artista sabía do segredo do humor.

Ao remate da guerra civil, Ramón Suárez Picallo pasa por París e acada pra a familia Osorio sendos pasaxes pra se enrolar, camiño da diáspora, no vapor "Ipanema" fletado polas sociedás galegas de América latina. E despóis dunha azarosa travesía, atracan no peirán de Veracruz. A muller de Osorio —mália a leva— padez unha aguda afección cardíaca, e os médicos recoméndanlle ao seu home que non a mova. Demoran, xa que logo, tres meses en Veracruz manténdose a familia co subsidio de tres pesos mexicáns diarios *per capita*, facilitados polo Goberno republicán español no exilio.

Amainados os acoros da muller, trasládanse a México, capital federal, onde Osorio apaña un emprego pra levar a contabilidade confidencial dunha sociedade anónima adicada á esplotación dun negocio de tecidos. Pasan algúns anos facendo Osorio brincar ledamente ás cifras nas partidas do debe e do haber ao son melódico do lucro mercantil, e acubillando os libros pautados nun recuncho ben agachadiño da oficiña, deica chegar ao nadal do 1946. Niste ano, o consello de adeministración da sociedade, sintíndose rumboso por primeira vez, envíalle ao seu contable de confianza un sobre contendo tres billetes de cincoenta pesos cada ún pra que poida fardar ledo nas festas e mercar lambetadas aos seus. Magoáse, entón, a dignidade hispánica de Osorio. Colle os cento cincoenta pesos, méteos nun sobre e remítello ao consello co seu agradecemento, aínda que doéndose de non teren precisión de esmolas. O arrepío do consello foi grande. O aceno de Osorio foi interpretado coma un estarrecente agoiro de chantaxe por vir de quen era sabedor dos números que andaban a bailar na contabilidade segreda. Mándanlle decir que pedira o que quixera e que se fora da empresa. Osorio cadróu conforme co cese, pero sin chisco de cousa que o poidera enlordar.

Peta logo nas portas dunha casa de Seguros e, ao pouco de abrírenllas, gana unha copa-trofeo como campeón de axentes-productores. Mais por feitos que non ollaba nidios verbo das primas e das comisións, Osorio baixa do *podium* e refuga carteira e pólizas. E, de seguido, sofre unha doorosa crisis. O fremente corazón da súa dona, canso xa de latexar, paróu de vez. E Osorio ficóu viuvo. Estamos no 1955.

Pero Osorio, home de acción ao fin, síntese mozo mesmo aos seus sesenta e un anos. Ten desexos de vivir, síntese con azos pra voar, e considera seriamente a posiblidade dun novo matrimonio. Conoce por aquil tempo a unha cuñada súa, muller do seu irmán, casado de segundas, e, parecéndolle xeitosa, ten curiosidade por saber si aínda lle quedaban máis irmáns solteiras. E, pra o seu contento, soupo dunha que retaba na Cruña. Póñense en comunicación espistolar e, sin se conocer, concordan no casamento. Arranxa Osorio os papéis pra se casar por poder e mándallos á moza xunto cos cartos pra o pasaxe. Inquedo, ben traxeado e listo pra esfarular os ollos, preséntase Osorio no aeroporto o día concertado pra o viaxe da súa *señor*. Mais ao ver á irmá da súa cuñada baixar as escaleiriñas do avión, viróulle as costas e fuxíu alancando lixeiro. Nunca máis quixo saber do seu segundo matrimonio. A noiva non lle acaía, nin de lonxe, ao cánon estético que gobernaba sentimentalmente ao namorado Osorio.

Os fillos de Osorio, valéndose xa de seu, foran casando to-

dos ao longo dos anos. Mais o pai non foi quén de vivir con ningún deles por teres ciumes da súa independencia e da propia libertade. Vai tirando, namentras envellece, botando mán de traballos ocasionáis, e dedícase á lectura e á meditación. Debulla, famento e febril, nos textos da metafísica occidental deica chegar á construcción dun sistema filosófico propio. Que, con grande xenerosidade intelectual, está disposto arreo pra dálo a conocer a quen teña folgos e vagar pra o escoitar.

Ao se encetar iste ano de 1971, sintíndose esmorecer, Osorio anceia o retorno a España. A familia quer tornalo da súa teima, e non é quen de facelo vir ao rego. Preséntase no consulado español como exiliado que quer volver á súa patria pra morrer na cidade onde nacera, e os funcionarios, véndoo vello e sin moitos recursos, tratan tamén de disuadilo aínda que co mesmo resultado negativo. Arránxanlle daquela a documentación, e Osorio embarca no "Covadonga". E, ao fin, tripa terra coruñesa o día 16 do derradeiro mes de abril. Un día choviñento na cidade e con bágoas no corazón do noso amigo.

Dende entón anda aboiado polas rúas de Marineda cunha hernia inguinal que non o deixa camiñar como quixera; cun exemplar embaixo do brazo da "Historia da Filosofía", de Karl Vorländer, traducida do alemán por Xohán Vicente Viqueira e prólogo de Ortega; e cos petos da chaqueta cheos de fotos marelas e gastadas das moitas contemplacións, de papéis iixados e desfiañados polas dobleces e as demoradas lecturas, e de farangullas de pan pra agasallar aos pardáis que, ao vélo, baixan nos xardíns das ponlas dos albres pra peteirar reloucantes nas mans finas e sensitivas de Osorio.

Mora nun rochiño pequeno dunha casa da rúa de Fernández Latorre, co sitio xusto pra unha cama e unha mesiña que ten ateigadiña de libros. Alenta na espranzas de que algún veciño amigo acade a revisión do expediente do ano 36 pra poder ingresar no renque melancólico dos militantes nas clases pasivas, sostido, entramentras, nos principios éticos artellados por Demócrito catrocentos anos antes de Cristo, en agarda da derradeira, absoluta, definitiva e verdadeira ataraxía.

MARINO DÓNEGA
A Coruña

UNHA NOTA DE LEITURA: "OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE", de CASTELAO.

CASTELAO DRAMATURGO

A obra de Castelao é variadísima: pintor, dibuxante, caricaturista, investigador, xornalista, ensaísta, conferenciante, novelista, autor de teatro...

Nestas liñas que seguen, vaise facer referencia somentes á derradeira das indicadas facetas, ao Castelao dramaturgo, ao autor de *Os vellos non deben namorarse,* única peza de teatro que escribéu, pero que é dabondo pra podelo considerar unha figura de talla dentro do teatro galego do século XX.

A obra foi estrenada no ano 1941 no teatro Mayo de Buenos Aires. É unha farsa en tres lances, con figurís, caretas e decorados do propio autor. Editada posteriormente en 1953, en Vigo, pola editorial "Galaxia", e reeditada en 1968.

SITUACIÓN FRENTE Á OBRA

Co primeiro que se atopa o leitor é cun prólogo curto, pero cheo de siñificación, no que o autor di o que pretende: demostrar que "os vellos non deben namorarse", coa axuda de tres exempros diferentes, facianas varias do mesmo asunto; "aviso de tres estalos pra os vellos namoradeiros", que se acordan a destempo de facer o que non fixeron, e agora son soio ouxeto de mofa. "Os vellos deben gardar os amores antigos; pero morren cos amores novos, e a súa morte fai rir ás xentes".

A OBRA EN SÍ.

A peza estructúrase en tres lances divididos en esceas. Os lances son en aparencia independentes.

Lance primeiro:

Nel aparece a primeira cara da farsa: un vello boticario, solteirón e namoradizo, que vive con catro irmás (catro ánimas do purgatorio, embrulladas en roupa negra) e que pretende engaiolar a unha moza, Lela; el faino de corazón, pero ela pasa o tempo co vello.

Na segunda escea aparece o boticario, don Saturio, cunha guitarra, e un coro de boticarios que entonan unha cántiga sinxela.

¡Probe boticario!, que sai da escea coa guitarra darrastro.

Na escea seguinte aparece pola botica un probe, símbolo da morte, pra pedirlle ao boticario a meleciña que o sande pra sempre; despóis de aconsellarlle o mesmo ao propio don Saturio, cando lle faga falta, vaise, deixando ao vello, metido en cavilacións.

Na escea V aprendemos que Lela e o seu mozo, o carabineiro, vanse casar; e na VI atopámonos co boticario morrendo, cando

fala coa morte e lle di que se matóu por Lela, respondéndolle ésta: "por namorarse de vello".

A escea VII é o pranto que fan as irmáns de don Saturio; pranto dun estraordinario efeito, que nos amostra algo enxebremente galego: a espresión desesperada, antre choros e berros, dos sentimentos de catro vellas cando marcha da súa casa, pra sempre, o que foi seu irmán.

Todos lembramos estas esceas, cheas de dor, dos fillos, dos irmáns, dos pais no momento triste da morte dun ser querido. Non podo menos de pensar na miña infancia, nunha aldea, metida no fondo dun val que forma un regato pequeno; alí ouvín eu os primeiros prantos, queixas longas e tristes dos máis achegados. Cando a caixa saía da casa, nas pequenas fiestras, ao longo da corredoira, aparecían, de súpeto, mulleres que se desfacían a gritos e a berros cubertas de loito; os pícaros choraban ao ver á súa nai, e os homes, coas bágoas nos ollos, facían o que podían pra aquietalos a todos; despóis pechábase a fiestra e, alá lonxe, no coto, a caixa e máis as catro vellas, que iban detrás, chingando, coa cabeza abeixada, perdíanse antre os pinos, camiño da ilesia.

Non podían faltar en Castelao estas esceas tan galegas, a carón de outras que falan da ledicia xovial do noso pobo, que sabe rir a cachós, con agrura ou sin ela, nas súas xuntas, conversas e festas algareiras.

Lance segundo:

Neste novo lance, cuia acción se desenrola con total independencia do anterior, aparece a segunda cara da farsa, o segundo exempro demostrativo de que "os vellos non deben de namorarse". Trátase dun fidalgo, lamentable e burlesco remate dunha caste vida abaixo.

Na primeira escea coñecemos quén é este fidalgo, por medio das súas reflesións e das queixas que seus país lle dirixen. É don Ramón, de orixe nobre, home que quer ser respetado, aínda que non sexa máis que ouxeto de bulra, borracho e despilfarrador do que herdóu de seus pais, en proveito dunha galupina, que de acordo co seu amante, lle merca, a leira por bico. É moi curiosa a intervención dos retratos dos seus pais, que don Ramón chega a ameazar con mandalos pra o faiado se non deixan de botarlle nas ventas o que el non quere oir: as súas chatas.

Na escea segunda, un cadro de carnaval, aparez unha roda de mulleres arredor de dúas máscaras (un demo e unha porca). Chega don Ramón, que vai cara a casa de Micaela, e pra mofarse do amo do pazo e dos seus amores, entre gargalladas irrespetuosas, todos se esquencen do que facían; así a porca dille: "¡A cas da miña comadre está lonxe e teño medo que don Ramonciño dea un traspés e cisque o diñeiro na lama!"

El quérese impor, coidando que aínda é un cacique do pobo:

—"¿Quén pensades que son eu? ¿Un monifate? Eu son don Ramón, o amo do pazo... Aínda hai castes, ¿eh!"

Non lle queda máis que deixalos decíndolle "Quen vos paréu, que vos lamba".

Na terceira escea, xa temos a don Ramón na cancela da Micaeliña. Ela está co portugués, pero mándalle agacharse detrás dunha cornita pra terlle parafuseo ao vello co fin de chuparlle canto ten. Micaela, facéndose a honesta, teno pirriadiño, e pra non andar nas

lingoas do mundo despídeo hastra a saída do baile, prometéndolle ir canda el pra a casa.

Na escea IV, chega don Ramón á saída do baile, tan borrachiño que xa hbn se ten: o corpo abanéalle, as pernas non lle rexen, e a língua non lle domea. O derradeiro movimento deste monifate, tramado polo viño, é unha aparatosa caída no chao despóis de dar máis voltas que un trompo; aparez neste intre unha figura paralela á da morte do lance primeiro; é o sapo, que ao ver os esforzos que o fidalgo fai pra erguerse, dille: "—Non podes meu vello. Non podes", e anúncialle a morte "cos zocos postos".

Don Ramón, despóis de quedar estarricado, arregala os ollos e morre.

O sapo vaise detrás da luciña que saille da boca de don Ramón. Este elemento é algo representativo, verdadeiramente, das creencias galegas no intre en que se acaba a liña da vida. Na miña aldea, aínda hoxe, e moito máis hai anos, antes de morrer unha persoa, sempre había algunha vella ou vello que vira xa, á xunta da noite, sair da casa, porriba das viñas, unha luciña azulada que disparecía ao lonxe.

Despóis de liscar a luciña e máis o sapo, arredor do corpo de don Ramón morto, uns espantallos bailan unha muiñeira. Outra laparada máis de algo que é enxebremente noso.

Lance terceiro.

Na primeira escea aparez unha familia, formada por unha moza probe e os seus pais; ela quérese casar cun mozo novo, pero probe, e os seus pais queren que se case cun vello candongo, pero vinculeiro, o señor Fuco, a terceira faciana da farsa. Despóis desta presentación, desenrólase unha conversa antre os dous mozos, na que el lle da un pano, pero despóis de decatarse das dúbidas de Pimpinela, promes dos cartos do vello, despídese e dille deste xeito: —"Dalle memorias ao señor Fuco, e cando te cases con el, ráñalle o lombo cun carozo".

Outra conversa, paralela á anterior, pero ésta co señor Fuco, forma a terceira escea. O vello, o mesmo que o mozo traille a Pimpinela un presente, non humilde, senón ampuloso: moitos panos e sedas pra unha chambra; e deciden o casoiro. Na escea III, o contento do señor Fuco tórnase en tristeza, porque xa recibéu o aviso da morte.

Aparecen aquí outros elementos das creencias galegas relacionados coa morte: a lúa, o corvo, etc.

Na escea seguinte o señor Fuco morre afogado pola "Morte". Pimpinela que se vai deitar, cuberta de panos rameados, pega un berro ao ver o cadro.

Na escea VI, Pimpinela quéixase de todo o que tivo que pasar por casarse con el, e porriba aínda ten que ser a viuda dun vello e cubrirse de loito, cando ten a casa cuberta de chambras e panos froleados.

Saca do seu peito o paniño pequeno que lle regalara o mozo hai tempo, e rompe a chorar, tapándose con el.

Un coro entona unha cántiga, na que lle di a Pimpinela que agora ten todo, pero fáltalle a mirada limpa que o mozo tanto quería.

O EPÍLOGO

É unha escea, chea de amor macabro, onde aparecen os tres vellos despóis de mortos, falando, no cimeterio, á luz da lúa. O derradeiro en morrer, o señor Fuco, será o que lles conte aos outros as novas que lle trouxo a súa sogra, morta despóis del. Os tres acaban chamándose a sí mesmos papaleisóns e panarras polo que fixeran, e lamentándose a causa das consecuencias da súa tolería, e todo "por namorarse de vellos".

ESTRUCTURA DA OBRA

Os tres cadros presentan un craro paralelismo, non só en canto á estructura esterna, senón en canto ao prolema neles desenvolto. O deseño da obra é dun esquematismo lineal; a composición é simétrica, cáseque sempre paralelística e por contraste na distribución da materia literaria, ideolóxica e conceptual; características que nos levan a unha comparación cos mestres do románico. A derradeira parte da obra, o epílogo, tamén ten o seu paralelo no prólogo.

A OBRA DUN PINTOR

As indicacións do remate acraran algo do que xa se decatara o leitor; o carácter pictórico da obra, na que a cor, a luz, a disposición, as caretas, os traxes e todos os elementos en xeral, producen a impresión dunha longa tea, feita con tino e insuperable armonía.

HUMOR E IRONÍA

Toda a obra rezuma humorismo, nado en primeiro termo da tráxica seriedade dos tres vellos, tratados de modo irónico, no seu rol de engaioladores de mozas novas, e, por contraste, da actitude da outra xente, que se mofa da súa seriedade con espresións grotescas, cheas de malicia, bulra, retranca e espontaneidade.

O seu lésico é moi rico, popular e vivo, resultando unha idónea canle comunicativa que atingue ao dereito, sin voltas, a másima espresividade.

A SÁTIRA

Se nos dous primeiros lances Castelao ridiculiza e ironiza, no derradeiro satiriza o costume dos casamentos a trato, nos que no contan os sentimentos, senón outros intereses, chata moi correntemente atribuida polos escritores á sociedade, que nos transporta a un mestre do humorismo francés do século XVII: Moliére, por citar un exempro antre tantos outros.

CARMEN CANEDA
Santiago

CONTRIBUCIÓN Á BIBLIOGRAFÍA DE VALLE-INCLÁN. DATA DO SEU SEGUNDO VIAXE A MADRID

Dásenos como data do segundo viaxe de don Ramón á capital de España, brinco definitivo á loita pola notoriedade (que Fernández Almagro calificóu de loita "a brazo partido") o *inverno de* 1896-1897, afirmación de elásticos marxens endexamáis apoiada sobor dun texto firme, que acubilla en realidade a iñorancia do momento esacto no que Valle verificóu este desplazamento, abrindo con el un novo capíduo da súa esistencia física e literaria.

Azorín suxeríunos, sin seguranza, ano 1896.

> Allá por 1896, vinieron de provincias a Madrid algunos muchachos con ambiciones literarias y se reunieron aquí con otros que comenzaban a escribir. Todos formaron un grupo que pronto comenzó a destacarse en periodiquitos y revistas de escasa circulación. Uno de estos jóvenes era Valle-Inclán; nuestro gran prosista y exquisito poeta gozó pronto entre aquellos jóvenes de un profundo ascendiente (...); cierto libro que había publicado y la leyenda que envolvía a su autor daban a Valle-Inclán un prestigio misterioso y novelesco" [1].

Melchor Fernández Almagro dícenos na súa biografía, que, pesie aos seus erros, é indiscutiblemente a millor e máis completa que se ten escrito de don Ramón:

> "Valle-Inclán, en el invierno de 1896 y 1897, llega a Madrid para realizar su segunda y definitiva experiencia" [2].

Ramón Gómez de la Serna suxírenos o ano 1897:

> "Llegó a la corte en la última diligencia —diligencia tirada por la primera locomotora gallega— y tardó días en traspasar esos puertos secos de las cordilleras (...).
> Era el Madrid del año 97, que dentro de su pobreza valía mucho y bebía su vino con delectación, sabiendo que era pura sangre del tiempo" [3].

José Rubia Barcia, apoiado en volumosa bibliografía, somentes pode decirnos:

> "We do know that in the winter of 1896-97 he (Valle) returned to Madrid, this time assured of a bureaucratic position" [4].

---

[1] *Azorín*: artigo publicado en *ABC* de Madrid, o 19 de maio do 1910.

[2] Melchor Fernández Almagro: *Vida y Literatura de Valle-Inclán*, cap. V; —1943—; 2.ª edic. Taurus, Madrid, Colección Persiles, 1966 p. 35.

[3] Ramón Gómez de la Serna: *Don Ramón María del Valle-Inclán*, cap. II; —1944—; Espasa Calpe, coleción Austral, 1959, p. 26.

[4] José Rubia Barcia: *A Biobibliography and Iconography of Valle-Inclán;* 1960; University of California Press, Berkeley, p. 7.

Esta mesma idea é recollida nun dos traballos máis importantes que foron adicados á memoria de don Ramón con ocasión do seu Centenario:

"1896-1897: Invierno. Se radica en Madrid para realizar segunda y definitiva experiencia en la ciudad y Corte" [5].

Vallan estes exemplos como proba. De todos os estudos e biografías podemos estraer dúas conclusións: a primeira, que ningún nos dá a data esacta, senón que se reducen a nos indicar cun amplo marxe de erro o *inverno* de 1896 a 1897; e a segunda, que ninguén nos ten esplicado endexamáis *qué fixo don Ramón en Galicia* dende a publicación de *Femeninas* en 1895 hastra a súa partida pra a vila do oso e do madroño; outro oco máis na vida de Valle-Inclán, que enche un ou dous anos da súa esistencia.

Agora ben: podemos ficar certos de que a publicación do primeiro libro do esgrevio galego ten sido a pedra angular dun proceso seriamente meditado e decidido por Valle, cuia meta estaba precisamente en Madrid. Unha vez *Femeninas* editado, *era lóxico que partira inmediatamente pra Madrid.*

Don Ramón determiñóu de *ser escritor* no intre da morte do seu pai don Ramón del Valle Bermúdez (14 de xaneiro do 1890). Abandona *ipso facto* a carreira que o seu proxenitor escollera pra el e pola que non sentía apego ningún [6] e instálase en Pontevedra. Podemos rexeitar a motivación económica deste abandono: aínda que a situación familiar non debéu ser moi folgada, os irmáns de don Ramón proseguiron e remataron os seus estudos, un de Abogado, o outro de Farmacia. Neste tempo non lle coñecemos oficio nin beneficio; sabemos que asistía ás xuntanzas literarias do Pazo dos irmáns Muruáis [7]. Non hai dúbida que precura o xeito de se inxerir no mundo das letras; e por esta época, o aspirador de Madrid embebe toda a vida artística e cultural da Península; mais, pra trunfar en Madrid, Valle sábeo moi ben, compre un bo *padriño*... Cando se apresenta a ocasión, non a deixa pasar de camiño, e gracias ao seu amigo Torcuato Ulloa é recibido en Estribela polo sumo pontífice das letras españolas: José Echegaray, durante o vran de 1891 [8]. Após de outer a promesa do *poeta-ingeniero* de axudalo no seu intento, parte sin tardar á capital, onde comenza a súa carreira como xornalista nas páxinas do *El Globo*. Sabemos como un dos seus artigos [9] dá pe ao rompemento con Echegaray e como, faltoso de apoio, vese obrigado a voltar a Pontevedra a comenzos de 1892 [10]. Mais decide repetir o seu intento noutro lugar onde o trunfo sexa máis

---

[5] Delia M. Zacardi: *Síntesis cronológica de vida y obra de Ramón del Valle-Inclán;* en: *Ramón M. del Valle-Inclán,* 1866-1966. Estudios Reunidos en Conmemoración del Centenario; Universidad de La Plata (Argentina), 1967; p. 40.

[6] Reflexo da súa falla de interés é o seu espediente académico, feito público por Valentín Paz Andrade: *La Anunciación de Valle-Inclán,* Ed. Losada, Buenos Aires, Biblioteca Clásica y Contemporánea, 1967; cap. V; pp. 59-60; nota 2.

[7] Valentín Paz Andrade: *op cit.* p. 60, e Simone Saillard: *Le Cercle des Muruáis et les influences françaises sur les premiers essais littéraires de don Ramón del Valle-Inclán, Institut d'Etudes Hispaniques, Paris,* 1955.

[8] Paz-Andrade: *op. cit.,* cap. V ,p. 63.

[9] *Cartas Galicianas,* II; *El Globo,* Madrid, 13 outubre 1891. In William L. Fichter: *Publicaciones Periodísticas de Valle-Inclán anteriores a* 1895; 1952, México, El Colegio de México, p. 72 e ss.

[10] Valentín Paz Andrade: *op. cit.* p. 64.

doado, e, botando de conta que o dito lugar é América, parte a México o 12 de Marzo do 1892, anunciando que alí *se encargará de la dirección de un periódico* [11], trola histórica pero fidel reflexo psicolóxico da súa arela. Consigue entrar na plantilla da redación de *El Universal*... máis decátase axiña de que o xornalismo *non é* a Literatura, e pouco a pouco deixa de escribir artigos nos que se *trate los asuntos de España, políticos, literarios o sociales* [12] segundo era o acordado, pra publicar no seu canto contos cortos, algúns dos cales formarán parte de *Femeninas*. Pro *El Universal* tiña indubidabremente moito menos interés por estes relatos, posto que en canto aparecen *Bajo los Trópicos* (12 de xunio de 1892) e *¡Caritativa!* (19 de xulio de 1892), prolegómenos respectivos de *La Niña Chole* e *Octavia Santino,* a frecoencia de publicación cae en vertical, e de un artigo diario ou case diario pasamos a un conto por semá [13], estiguíndose as trazas de Valle neste xornal no agosto do mesmo ano, con un artigo que agarda aínda polo estudo crítico que merece.

Don Ramón debéu de comprender entón que as páxinas dun xornal non son o Camiño Rexio cara o curuto literario, e decide non andarse polas canas e publicar o seu primeiro libro o antes posible, un libro que representará a súa *carta de visita* dediante dos outros escritores, unha chave pra penetrar nos circos literarios. Estes escritores e este circos atópanse en Madrid, pro alí non se pode publicar este tomiño: os editores non aceptan manuscritos de descoñecidos, e o público tampouco lles daría atención; Valle saberáo por esperencia propia publicando *Epitalamio* gracias a axuda de Luis Contreras [14] mais non conseguindo que ningún libreiro lle o acepte logo [15]; o libro da súa consagración, a *Sonata de Otoño,* somentes poderá ser editada gracias á axuda desinterasada de Contreras e de Ricardo Calvo [16]. En troques, en Pontevedra don Ramón está ben relacionado: seu pai era escritor e perteñecía ao cenáculo dos Muruais, el mesmo ten sido asíduo das ditas reunións que o puñeron en contacto cos millores escritores galegos da época; por si esto non abondara, un dos seus amigos e compañeiros da Universidade, Augusto Besada, é home político influinte e Gobernador Civil da Provincia. E Valle pon mans á obra: sabemos que remesóu un manuscrito de *Femeninas* (aínda non definitivo) ao seu irmán Carlos pra que éste llo amosase a Manuel Murguía, cecáis a outras persoas tamén; en xaneiro de 1893 don Ramón atópase en Veracruz, e o 2 de marzo envía unha misiva ao prócer das letras galegas, don Manuel Murguía, pregándolle entre frases e adxetivos cheos de louvanzas *unas cuantas líneas que poner al frente de mi primer libro* [17]. Con esta

[11] *Faro de Vigo*. núm. 7.699, 12 Marzo 1892.

[12] *El Universal,* México, nota editorial, 19 de Maio de 1892. Reproducido en William L. Fichter, *op. cit.*

[13] Vid. Fichter *op. cit.;* artigos de Valle-Inclán son publicados o 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 9 e 11 Xunio, logo atopamos contos o 12, 19, 22 e 26 de Xunio, o 3, 10 e 17 de Xulio; dous artigos pechan o ciclo o 24 Xunio e o 7 de Agosto.

[14] Luis Ruíz Contreras: *Memorias de un desmemoriado;* —1917—; Madrid, Ed. Aguilar, colección Crisol, 1946; cap. VII; § VII; p. 193.

[15] *Azorín*: Entrevista realizada por Eduardo de Ontañón; *Estampa,* Madrid, 11 de Xaneiro de 1936.

[16] Entrevista feita a Ricardo Calvo; citada por Ramón Gómez de la Serna, loc. cit., pp. 62-63.

[17] Carta publicada por don Juan Naya Pérez: *Valle-Inclán y Murguía; el prólogo de Femeninas*. Boletín da Real Academia Gallega; a Cruña, Tomo XXIX, núm. 333/338; Novembre 1959; pp. 50-55. Reimprentada en *Faro de Vigo* o 1 de Agosto de 1965.

introdución é indubidabre que o libro non pasaría deapercibido... en Galicia, debéu de pensar Valle-Inclán. De dalo a coñecer en Madrid, encarregárase el persoalmente, como veremos logo.

Don Ramón arriba ao porto de Marín na primavera deste mesmo ano 1893, e instálase en Pontevedra. Pra asegurar, si non o trunfo, si polo menos o non pasar non notado, *crea o personaxe Valle-Inclán* que tanto fixo falar (e eso era precisamente o que el tiña proietado), e no canto de lavar os paraugas vermellos dun *Azorín,* adórnase coa frolida barba, os longos cabelos e o *poncho* que coñecemos todos. Durante case dous anos, permañece en Galicia preparando o seu *salto* a Madrid; volve aparecer nas tertulias dos Muruais, visita o seu curruncho nadal, publica algúns textos no *Estracto de Literatura* de Pontevedra e en *El Globo* de Madrid, corrixe os seus manuscritos e engade novos contos. Manuel Murguía firma o arelado prólogo na Cruña en novembre do 1894, e *Femeninas* xurde do prelo en 1895, posibelmente en marzo ou en abril. O libro é dado a coñecer aos adoitos ao Salón de Matalobos; Valle adica un exemplar de puño e letra a Xesús Muruáis (hoxe na biblioteca do Instituto de Pontevedra), remesa un a Murguía, outro a Víctor Sáid-Armesto, quen asiñalará nas xuntanzas de Muruáis que unha das *Seis Historias Amorosas* está fortemente influenciada por Guy de Maupassant [18] e que escribirá o primeiro estudo crítico sobre don Ramón basamentándose esclusivamente neste *libro modernista* [19].

Valle-Inclán posui pois xa a súa *carta de visita;* coa sús indumentaria e con *Femeninas* conquerirá facerse coñecer en Madrid, física e literariamente; *nada o retén xa en Galicia.* Quizaves pra nosoutros, galegos, fágasenos duro o recoñecer que si don Ramón publica o seu primeiro libro no noso país non teña sido por razóns telúricas, e que a súa eleición non ten xurdido de pulos afectivos senón dun razonar lóxico e inevitabre: soio en Pontevedra podía acadar o editar *Femeninas,* as coordenadas do momento forzárono a ésto. Mais si acadamos a sobrepasar o noso amor á Terra-Mater, tan ancorado na nosa Psique gaélica (a Deus gracias), e de razonar con ouxetividade, non podemos por menos de recoñecer que así ten sido; nunca máis voltóu Valle a publicar as súas obras en Galicia, dende o intre en que puido facelo en Madrid ou en Barcelona; é decir, nas capitales dendesde onde a súa obra podía adequirir unha irradiación maior, abranguendo todos os pobos de língoa castelá. E, pra non ollar somentes a palla no ollo alleo, ¿cáles son as Editoriales galegas que adicaron un oco nas súas colecións ás obras de don Ramón, aínda hoxe, cando a súa memoria acadóu o cume da fama...?

Que o proiecto de Valle-Inclán foi un asisado razonar, amóstrannolo as testemuñas que posuimos dos outros escritores da época. Non falemos eiquí de cómo o seu carís físico fixo que en pouco tempo todo Madrid coñecía ao *hijo de Julio Verne.* Gracias a *Femeninas* os xóvenes xeneracionistas e modernistas óllano con ollos respetosos: *Azorín* dícenos no testo que figura na primeira cita desde artigo que *cierto libro que había publicado* (...) *daba(n) a Valle-Inclán un prestigio* (...). E Antonio Machado confírmanos:

---

[18] Prudencio Landín Tobío: *De mi viejo carnet.* Imp. Gráficas Torres; Pontevedra, 1949.

[19] Víctor Said-Armesto: *Análisis y Ensayos;* Tip. da Viuda e Hijos de Carragal; Pontevedra, 1897. O capíduo adicado a Valle: *Un libro modernista* é reproducido por Valentín Paz Andrade en *op. cit.,* Apéndice 2.

"De su talento de escritor, en cambio —ya había publicado su libro *Femeninas*—, nadie podía dudar" [20]

Evidentemente, Machado fai referencia a un tempo denanterior a *Epitalamio;* e don Antonio foi un dos tres únicos compradores madrileños de *Femeninas.*

Así pois, unha vez o libro nas súas mans, a lóxica deste razonamento fai que don Ramón *debería haber partido inmediatamente,* rumo ao lugar onde anceia trunfar, onde pode chegar a fama que arela: a Madrid.

Ao cabo ten sido publicado recentemente un documento que demostra irrefutablemente que Valle-Inclán obróu do xeito dito. Unha tarxeta postal de don Ramón a Manuel Murguía gárdase en depósito nos arquivos da Real Academia Gallega e ten sido dada á luz polo seu propietario Juan Naya Pérez [21]. Este interesante documento, *escrito en Madrid,* non foi datado por Valle, mais o cuño de Correos, nidiamente lexible, reza: *Madrid,* 3 *de mayo de* 1895.

Sabemos, gracias a este texto, que don Ramón envióu a Murguía un exemplar de *Femeninas* con unha carta (desgraciadamente perdida); que partíu de Pontevedra en barco pra a Cruña, e dalí en tren após unhas horas de agarda; que aínda non alquilóu a súa habitación da rúa Calvo Asencio, pois dá pra a resposta a Lista de Correos, E, en fin, que o día 3 de maio do 1895 xa se atopaba na Villa e Corte, disposto a encomenzar a liorta. Debéu sair de Pontevedra, pois, a mediados ou no remate de abril, é decir, en canto o libro estivo no seu poder.

Na realidade, xa posuíamos outros medios de ter calculado esta data; non soio o razonamento que atribuio a Valle, puramente suxetivo e por elo faltoso de valía centífica, senón testemuñas ouxetivas de personas da época.

O primeiro é un coñecido texto de Antonio Machado, no que nos conta cómo e cándo víu a Valle por primeira vez.

"Juan de Mairena (é decir, Antonio Machado) conoció a Valle-Inclán hacia el año 95; escuchó de sus labios el relato de sus andanzas en Méjico, y fue uno de los tres compradores de su primer libro *Femeninas*" [22].

Este texto ten sido discutido. Fíxose constar que o autor de *Campos de Castilla* cae nun erro cronolóxico.

"Recordemos aquí que Valle radica de 1893 a 1896 en Pontevedra, donde se publica su primer libro, y es probable que no regrese definitivamente a Madrid hasta el invierno de 1896-1897" [23].

---

[20] Antonio Machado: Prólogo a *La Corte de los Milagros* de Valle-Inclán; Ed. Sopena, Barcelona, 1938; in *Obras, Poesía y Prosa.* Ed. Losada, Buenos Aires, 1964, p. 682.

[21] Juan Naya Pérez: *Dos misivas de Valle-Inclán a Murguía;* Boletín da Real Academia Gallega; Tomo XXX; núm. 351; Decembre 1969, a Cruña; p. 214 (texto) e prancha p. 216 bis (fotocopia).

[22] Antonio Machado: *Juan de Mairena y el 98: Valle-Inclán: El Sol,* Madrid, 19 Xaneiro 1936; capíduo XLI do seu *Juan de Mairena;* en *Obras, Poesía y Prosa,* Losada, Buenos Aires, 1964, p. 492.

[23] Allen W. Phillips: *Algo más sobre Antonio Machado y Valle-Inclán,* separata de *Cuadernos Hispanoamericanos* (núm. 186, Xunio 1965), p. 3, nota núm. 7.

É verdade que Machado trabucábase por veces no recordamento das datas; pro non serve como corolario que se trabucase *sempre* no recordamento das datas.

Outro dos tres compradores das *Seis Historias Amorosas* foi Ruiz Contreras; e un texto do Mecenas catalán confirmaba dende fai tempo que Valle estaba xa en Madrid no 1895:

Nas súas *memorias,* Contreras dícenos que coñecéu a don Ramón nun café da Carrera de San Jerónimo pouco despóis da chegada a Madrid do arousán [24]. Após deste primeiro encontro decorréu *algún tempo* no que os dous homes non se viron:

> "no volví en algún tiempo a la cervecería; ni supe más del misterioso personaje (Valle) hasta que Antonio Palomero lo presentó en mi tertula" [25].

No seu capíduo I, tiduado *los precursores* (do 98), § IV, dános Contreras a lista dos que asistiron a esa *tertulia juvenil* na súa casa [26]; o nome de Valle consta na dita enumeración. Dos textos dos capíduos I e VII deste libro podemos deducir que teñen lugar varias tertulias ás que asiste don Ramón; como estas reunións *de la merienda* sóio se fan os miércoles dános un lapso de tempo de varias semás hastra o día no que Ruiz Contreras, asegún a súa propia testemuña, convida aos seus amigos contertulios (Valle-Inclán enceta a lista) a unha cea na súa casa que ten lugar o 8 *de xaneiro de* 1896 [27]. A data limite pra situar o comenzo deste ciclo de tertulias é outubre de 1895, pois noutro lugar do mesmo libro [28] Contreras dícenos que nese mes finóuse a *Revista Crítica de Historia y Literatura* que el dirixía con Altamira no seu propio domicilio, e foi a partir de entón que ficóu valdeiro o salón onde se verificaran as xuntanzas da peña de "precursores".

É sumamente improbable que Luis Ruiz Contreras pesie ao calificativo de *desmemoriado* que se autoauxudica no tíduo das obras das súas memorias, teña cometido un erro de datas; non soio este texto é moi denanterior á aparición do libro que cito (a primeira edición víu a luz no 1917), senón que o 8 de xaneiro de 1896 era pra el un día siñificativo: o motivo da citada cea foi o seu propio aniversario, e non un aniversario calquera, senón, precisamente, o trixésimo terceiro; por elo, cada un dos convidados tiña "la obligación de llevar (...) un soneto referente a esa edad, que *me obsesionaba por ser la de Cristo*" [29], soneto que, craro é, ninguén aportóu.

Así, pois, Valle-Inclán publica o seu primeiro libro en Pontevedra cara marzo ou abril do 1895, regala algúns exemplares, recolle o resto da edición, e parte a Madrid con eles, vía a Cruña, en abril do mesmo ano. O tres de maio escribe a citada tarxeta postal a Manuel Murguía. Consigue poñerse en contacto con un dos redactores de *Blanco y Negro,* quen publica unha reseña no número do primeiro

---

[24] Luís Ruiz Contreras: *Memorias de un Desmemoriado;* —1917— Aguilar, Madrid, 1946, col. *Crisol;* cap. VII, (*Valle-Inclán*), S. II, p. 183.
[25] Ibidem, p. 185.
[26] Ibidem, cap. I, § IV, p. 38.
[27] Ibidem, cap. I, § IV, pp. 39-40.
[28] Ibidem, p. 37.
[29] Ibidem, p. 39.

de xunio de 1895 gabando as *seis historias amorosas* [30]. É cecáis a mesma persoa quen facilita a don Ramón a publicación na mesma revista, 23 de novembre deste mesmo ano 1895, do seu relato: *Iván el de los Osos*. Antonio Machado ve a Valle por vez primeira, éste é adoito do café de Madrid, El Universal, é visto por Ruiz Contreras, faise amigo de Antonio Palomero, e é entrado por éste nas tertulias na casa de Contreras cara outubre ou novembre do 1895; alí coñece a Azorín, Benavente, Dicenta, Ricardo Fuente, Adolfo Luna, Emilio Fernández Vaamonde, máis tarde a Pío Baroja. Entra o ano 1896, e o oito de xaneiro ten lugar a cea en honor do trixésimo terceiro aniversario de Ruíz Contreras.

D. Ramón, no entanto, tenta vender os exemplares de *Femeninas* que tiña levado consigo; soio se atopan nunha librería de Madrid, *almacenadas* [31] e alí seguiron durante anos *por falta de publicidad y de compradores* [32]; vendéronse tres exemplares. Ao cabo, Fernando Fe faráse propietario da edición *adquirida casi al precio de papel viejo* [33] e arquivándoa nos profundos do seu almacén.

> "Casi nadie conoció sus 'Femeninas', y librarlas del cautiverio en que las tuvo Ricardo Fe resultaba tan imposible como pretender que las pidiesen los que ni de nombre las conocían.
>
> Cuando Villaverde o Fe compraban restos de edición a diez o cinco céntimos ejemplar, si luego el infeliz autor les pedía ejemplares, le descontaban a lo sumo el 30 por ciento del precio fuerte. Así abarrotaban sus almacenes con cientos de obras (de varios calibres), algunas de las cuales llegaron, con el tiempo, a suponerse agotadas, y dormían en las cuevas.
>
> Cuando ya era famoso Valle-Inclán vi arrinconada y olvidada la edición de 'Femeninas', que hasta sin ponerle una cubierta nueva pudo venderse bien (como sin duda se vendió, al fin, porque ya es rarísimo que aparezca un ejem(plar). (Tras los) cambios de manos sucesivos que tuvo la librería Fe después de morir don Fernando y aburrirse del negocio la viuda y el hijo, ¿qué se hicieron de los numerosos ejemplares de aquellas 'Seis historia amorosas'?" [34].

Dende o punto de vista económico, pois, o seu plan foi un fracaso; mais dende o punto de vista psicolóxico don Ramón atinóu, e o ter publicado ese libriño, endexamáis reeditado, arrodeóuno dun certo prestixio dediante dos demáis mozos da época que tentaban asimesmo a sorte literaria; mozos escuros que serán logo un Antonio Machado, un *Azorín*, un Pío Baroja, un Miguel de Unamuno.

Cumplida en parte a súa finalidade, Valle-Inclán abandonará pouco a pouco a seis historias: algunhas serán amedradas pra se convertiren en *El Yermo de las almas* ou na *Sonata de Estío;* si as re-

---

[30] Vid. en Melchor Fernández Almagro: *Vida y Literatura de Valle-Inclán*, cap. IV; Taurus, 1966, pp. 31-32.
[31] Ruíz Contreras: *op. cit.*, cap. VII, § III, p. 186.
[32] Ibidem. p. cit.
[33] Ibidem. p. 186.
[34] Luis Ruíz Contreras: *op. cit.*, cap. VII, § VI, p. 192.

copila nun novo tomo, cambea o tíduo polo de *Historias Perversas* [35], que non serán incluidas na súa 'Opera Omnia'; e cando moito máis tarde inclúe na súa cuarta edición de *Corte de Amor* dous dos textos de *Femeninas* e o prólogo de Murguía [36], renega do tíduo escolleito:

> "En este libro están recogidas aquellas novelas breves de mis albores literarios, hace más de un cuarto de siglo, cuando amé la gloria. El viejo maestro con quien solía pasear en las tardes del invierno compostelano, escribió entonces las páginas limiares que aquí reproduzco, y que por primera vez aparecieron en un libro *de cuyo nombre no quiero acordarme*" [37].

ANTONIO E. MALLO
París

---

[35] 1907, Barcelona, Editorial Maucci.
[36] *Corte de Amor;* Opera Omnia, Vol. XI; Madrid; Imprenta Artes de la Ilustración; 15 de Xunio de 1922.
[37] Recollido nas edicións posteriores de *Corte de Amor;* por exemplo, coleción Austral de Espasa Calpe, núm. 271; 4.ª edición, Madrid, 30 Novembre 1960, p. 13.

COMPOSTELA

1

En verdad, al escribir el título de este artículo debo advertirme a mi mismo que si han de servir estas líneas a alguien para el amor y conocimiento de Compostela, tengo que ponerme más acá de toda mi emoción compostelana, y olvidar lo que Santiago de Compostela significa para mi entendimiento de la Historia Universal —sabido es que Historia Universal, en sentido estricto, no hay más que una, la Historia Sagrada—, para mi inteligencia del arte, y para alguna de las más claras nociones que mi espíritu conozca acerca de la raíz y el destino de la cristiandad europea, y que son, indubitablemente, nociones compostelanas, adquiridas, entre la nostalgia y la vagancia, en días de mocedad, paseando las rúas y las plazas, levantando los ojos hacia las altas torres y apoyando la mano trémula en la piedra sacra de la basílica apostólica. Para mí, y para alguno de mis amigos mejores, tuvo verdadero y profundo significado una vez eso de llamar a Santiago la Jerusalén de Occidente, y tuvimos en Compostela muro para las lamentaciones... Ahora, antes de entrar en Santiago horro de saberes, simple en la fe como un peregrino y turbado como un rústico en la urbe, sólo me resta confesar que entrando en Santiago por cualquiera de sus siete puertas, tales siete que en el Calixtino vienen dichas, siempre me tomó un azoramiento y desasosiego que pudo conmigo y me descabaló; lleno de sueños, habitado por extremadas fantasías y poco menos que viendo visiones y oyendo las más remotas y oscuras voces —no todos, como en el verso de Péguy, pueden vivir en pleno misterio con vivacidad—, mis estancias compostelanas son, sin duda, los días de mi vida que hayan contribuido más a hacer mis razones, mis deseos y mis temores, y al final, el hombre que soy.

Siete las puertas que vienen dichas en el Calixtino. Me tentó más de una vez una explicación de Santiago por sus siete puertas, comenzando por la del camino francés, por donde fue el río orante de la peregrinación —una de las más nobles de la cristiandad— conducido al Cuerpo apostólico, y rematando, tras la puerta franciscana, en aquella séptima de Mazarelos, "por onde o precioso viño entra á cidade". En la puerta Faxeira, "que vai para Padrón", me pararía a ver, en la enorme y estrellada noche, la "translatio de S. Iacobi", chirriante el carro agrario, tardos los bueyes ulláns de doña Luparia, luminoso el sarcófago como el sol del día, "esa fuerza irresistible armada de rayos"...

Había escrito yo un poema a la traslación del cuerpo del Apóstol y andaba tan embebido con él y de tal modo se me había puesto en la imaginación, que me parecía que si me echaba a andar por la carretera de Padrón, en cualquier revuelta del camino me encontra-

ría la santa comitiva, lenta de paso y rumorosa de rezos: rezos que iban de las olas del mar de Padrón a las frías estrellas, desde las estrellas a los bosques, desde los bosques a las bocas de todas las gentes. Logré convencer a aquel gran escultor y amigo, el pobre Eiroa, de llevar a enormes bloques de granito la Traslación, según el texto de mis versos, en el que grandes peces de plata y sonoras caracolas, en la ribera padronesa, pedían el bautismo, llevados a la fe por el testimonio del cuerpo de Jacobo, hijo de Zebedeo... (En general, en nuestras grandes caminatas nocturnas, que tenían siempre su punto final en la Quintana,, yo me daba una maña especial para convencer a Eiroa con mis fantasías. Hablando de la puerta de Mazarelos y del "pretiosus Baccus", vinos del Ulla y de la "castela" orensán que por allí entraban a la urbe, Eiroa y yo confesábamos que vinos tales mejoraban en Compostela porque trepidaban los bocoyes en las tabernas al repicar las campanas basilicales. Aquel temblor insólito mejoraba el ribeiro).

Pero, volviendo al caso, nunca llegué a una cabal explicación de Santiago por sus siete puertas; sería, en todo caso, una explicación antigua, de la que quiero estar tan lejos como de una explicación moderna: es decir, pretendo para mi ciudad compostelana una explicación eterna... Pensando en Compostela fue, por ejemplo de lo que a mi filosofía exijo, cuando entendí aquel propósito de Péguy de escribir una "Divina Comedia", en cuyo Paraíso, además de los bienaventurados, Dios pondría, en las doradas y celestes nubes, aquellas cosas cristianas, "todo lo que existe y cristianamente ha sido logrado", las catedrales: Chartres, Amiens, Estrasburgo, León; las naciones, las ciudades: Roma, París, Compostela, Orleáns... "dans la majesté des matins et des soirs". La pregunta, pues, que a mi espíritu se propone es, no más, ésta: ¿En qué medida Compostela es algo que "cristianamente ha sido logrado"? Tengo —odiando como el que más, como el señor de Montaigne, "tout savoir pedantesque"—, mis respuestas.

II

En la "Divina Comedia", pues, de Charles Péguy, Compostela estaría sobre una nube que yo me imagino de verde jade, en las radiantes colinas del Paraíso. En ese poema soñado por Péguy —amo la plena alegría de las "fatalia verba" del poeta francés— estaría en el Paraíso todo aquello que salvó y todo aquello que fue salvado; todo el saber de salvación cristiano, como historia y como metafísica. Para Péguy, como para Von Ranke, una época histórica es, siempre, una actitud ante Dios. Compostela es, en su máxima extensión, una época histórica, la edad histórica del gallego. Por ende, la actitud del gallego ante Dios. Don Miguel de Unamuno acostumbraba a decir que la historia era la memoria de Dios en la tierra de los hombres. Compostela, pues, es la memoria de Dios cumpliéndose en la tierra de los gallegos. En la medida que transcendemos a la Grande y General Historia, Santiago de Compostela es nuestra clave y nuestro espejo, y también nuestro torcedor. Para mi propio asombro nunca dudé de la eternidad compostelana. Poniéndole la mano en los crespos cabellos al señor Mateo en su Pórtico, le dije más de una vez: "Las puertas del infierno no prevalecerán. Ahí

estarás, maestro, hasta el día del Juicio", y en París, a dos buenos amigos, caminando lentamente una dulce tarde de mayo por la rue Saint-Jacques, hablando de las viejas calles que en el Chatelet se cruzaban, y fueron antaño llamadas la "Croisée de París", les advertí: "Este camino —la rue Saint-Jacques— estará abierto hasta el Último Día". Y era que yo, como cristiano compostelano, creía y creo en el enorme poder de la peregrinación: es decir, en el enorme poder de la esperanza...

Todo esto, no sometido, naturalmente, a conjuntado sistema —en verdad, tal método no me conviene; en general, no me conviene método alguno— me regala una explicación "sub specie aeternitates" de Santiago de Compostela. Cristianamente, Compostela ha sido lograda por la segunda virtud, y así, sobre la colina de nubes verde jade, "piedra bajo el ala de la luz", estará en su día la ciudad nuestra en el luminoso y ardiente Paraíso. (¡Si yo pudiera traducirles a ustedes ahora aquellos versos de Péguy en los que Dios habla de El y dice lo que El mismo espera de la Esperanza! Por ejemplo: "Todo se acabaría, y por cansancio, esta enorme aventura, como después de una calurosa y fecunda siega cae el lento atardecer de una larga tarde de estío, si no hubiese mi pequeña esperanza, pues solamente por esta pequeña esperanza mía la eternidad será, y serán la Beatitud y el Paraíso, y el Cielo y todo, pues ella, como en los días de esta tierra, de una víspera agotada hace surgir un mañana nuevo, así de los resíduos del Juicio y de las ruinas y los escombros de los tiempos, hará brotar una eternidad nueva". Quisiera, estos versos, como un salmo, decirlos en la noche compostelana, en el silencio de la Quintana, al pie del muro inmisericorde de San Payo. Nunca los leo que no los refiera a Compostela, a la larga peregrinación y a la desesperada esperanza del cristiano).

Con Carlos Maside y Eiroa había yo buscado en Compostela ecos. Coleccionar ecos en una ciudad como Santiago no me parece precisamente una bagatela ni desdeñable ocupación. (Fernando Gregorovius, historiador de la ciudad de Roma, los buscaba en la Urbe batiendo las palmas de sus grandes manos germánicas. Creo que las nuestras celtas eran más propias para Compostela). Clasificamos varios y diversos ecos, pero la primacía se la dábamos al del arco del palacio arzobispal, bajando al Obradoiro por la Azabachería: repetía, sordo, nuestra palmada y asustaba, entonces, una bandada de fantasmales palomas que huía en la noche hacia San Martín Pinario. ¿Palomas o ángeles? En Compostela no sabe uno nunca a qué carta quedarse. Yo tenía un amigo, poeta y catalán, Heliodoro Luteroth, que en su ropa, en la espalda, había hecho dos grandes cortes, porque las angélicas alas podían brotarle de un momento a otro. Todo era posible en Compostela. Por lo pronto, todo era posible para mi imaginación, y nada me costaba pasar, en menos de un sueño, a los tiempos de las grandes peregrinaciones, y reconocer en esa mujer enlutada que pasa a la ilustre viuda de Maguncia de que habla el milagro, y en aquel caballero al Duque de Aquitania peregrino, y en aquel franciscano al monje de Marizell que ha traído en jaula de plata a su abad, trocado en faisán por glotón...

Músicas las oía a cada paso: mi "Cantiga Nova" la escribí al son de las músicas que oí en Compostela, músicas que duermen en las plazas y en las rúas desde los días de los enamorados trovadores...

Entraba en la Basílica y me gustaba pararme ante los confesionarios para peregrinos con sus letreros: "Pro língua gállica", "Pro lingua germánica et hungárica"... ¡Qué enormes pecados los confesados en lengua húngara! Seguramente, pecados contra el Santo Espíritu, no como los pecados de los gallegos, pensaba yo, pecados de la carne y de la sangre, pecados de la terrestre tierra y de la pobre envoltura nuestra terrenal!... Pensaba también que Compostela tenía el don de lenguas. Recordé más de una vez que pasando por Triacastela paré en una posada donde cebaban un capón con sopas de vino de Málaga para don José Benito Pardo, y me contó el tabernero que hacía unos años había dormido allí un francés, que iba peregrino a Santiago pidiendo por puertas, y que calentándose en la cocina, sentado donde estaba ahora enjaulado el capón, recitó sus versos.

—¿En qué falaba? —le pregunté al tabernero.

—Non lle sei —me respondió—. Falaría en francés, pero eu, entender, entendinlle todo.

El camino, pues, como la ciudad, conserva intacto el don de lenguas. Quizás aquel francés fuera el poeta Germain Nouveau cuyos versos le leía yo a Luis Manteiga, y que peregrinó mendigo a Santiago desde los atrios cercados de laurel de las iglesias de su Provenza...

Habrán visto ustedes cuán confusa es mi imagen de Compostela, pero no lo habrán visto más que yo mismo. Quizás para llegar a un cabal y claro conocimiento tenga, cualquier día, que acercarme a ella por un largo camino de peregrino y es posible que acercándome a sus amadas piedras, oiga, como antaño músicas y sueños, hogaño distintas y significativas voces. En mis años de mocedad, en una tasca de la calle de la Raíña, con la taza del ribeiro en la mano y el suave lentor vivaz de otras en la mente, pensé más de una vez que podría escribir de Compostela y decir sus maravillas como nadie las había dicho. Probablemente ahora pague, con la endeblez de mis ideas y recuerdos, aquel pobre pecado de orgullo.

ÁLVARO CUNQUEIRO
Vigo

"O PORVISO"

Un día fun visitar á siña Manoela. A siña Manoela é a muller do siño Pedro, mariñeiro desde pequeno, un home bo, moi forte e moi moreno, curtido polo mar; ela é unha muller pequeniña, moi feita, e gran amiga de ir á eirexa. Pois ben, fun ver á siña Manoela e atopeina rezando. Cando me veu, quedóu moi contenta, aínda que estaba moi percupada. Estaba percupada porque o Porviso, é decir, o demo andaba a tentar ao seu home, e ela tiña medo do que lle poidera pasar.

Eu, que oira falar do Porviso, pero que nin siquera sabía o que era, perguntéille: "¿Cómo sabe vostede que anda a tentar ao siño Pedro?" Díxome: "Ai, miña filliña, aparecéuselle!; pero non o fixo da maneira que soe facelo, sinón doutra moi distinta. Voucho contar. Ti escoita, e despóis xa me dis que é o que pensas. Estaba o meu Pedro pescando entre a Pedra Vixia e Tanxil, era de noite (andaba a coller camaróns); sentóuse un pouco a fumar un pitillo e apagóuselle a luz. Cando iba encendela outra vez, oéu unha voz que decía: "¡Jei, jei, area a bordo!", e ca mesma, caía un puñado de area enriba do barco, é decir, enriba da gamela. El encendéu a luz e miróu arredor; pero non había nadia, sólo pedras e mar; non sabía quén botara a area. Non fixo máis caso. Ao pouco tempo, volvéuselle a apagar a luz; e outra vez a voz que decía "¡Jei, jei, area a bordo!", e de novo caían puñados de area na gamela. El perguntóu quén era, e a voz sólo decía: "¡Jei, jei, area a bordo!". Entón, o que fixo o meu Pedro foi porsinarse, e mentras o facía, oéu a voz que xuraba, e xa na voltóu a ouvir".

Eu, que non creía moito nestas cousas, e que oira falar do Tabeirón e do Urco, perguntéille cóma sabía ela que fora o Porviso e non o Tabeirón ou o Urco. Ela, entón, díxome: "Ai, miña filliña, qué pouco conoces estas cousas. O Porviso é o deño; o Tabeirón é eso que en castelán chámanlle *tiburón*; o Urco éche un animal que vive no mar coma os peixes, pero que sale cando lle peta. A súa feitura éche igualiña que a dun can, pero moito máis grande, con máis forza e máis peludo. Ouvea coma o can e, cando sale, recorre Rianxo arrodeado deles. Mira qué poder terá sobre eles que aínda os máis bos e aínda os que están ben amarrados con cadea, cando o sinten ouvear, van xuntarse con el. Eu nunca vin o Urco, pero a siña Sinforosa e o siño Antón, un día que viñan dun velorio, viron cómo saía por detrás do cuartel e cómo empezaba a ouvear. Case sempre anúncia unha desgracia; pero case nunca ataca aos homes.

O Porviso é o mesmo demo; aparéceselle á xente boa para tentala, e tamén, á que xa é súa para axudarlle a ter o que queiran. A xente boa, cando ten o descoido de non porsinarse ao empezar a facer unha cousa au ao deitarse, aparéceselle para tentala, case sempre pola noite; faino para ver si pode apartalos do noso Señor. Si a

persoa que tenta porsínase, o Porviso marcha botando chispas, pero se non o fai, deixa de ser boa para ser deño.

Eu díxenlle: "Siña Manoela, vostede díxome que se lle apareceu ao siño Pedro dunha maneira moi rara, e que non soe facelo así. ¿Cómo soe aparecerse?".

"Xeralmente soe aparecerse cando se está dormindo. Tí déitaste e esquénceste de porsinarte; entón o Porviso ven e pónseche enriba do peito. Ti despertas porque case non podes alentar e notas un peso moi grande. Si queres gritar, non podes, porque a voz marchóuche; queres chorar e tampouco podes. Sólo podes mover os brazos. Non sabes qué facer, e, mentras tanto, non podes respirar nin facer nada. Si botas a man ao peito, podes atopar un gato moi peludo ou un carneiro. O carneiro ten uns cornos grandísimos e moi revirichados e unhas lans moi longas. Esto seino eu moi ben porque a min aparecéuseme en forma de carneiro, e eu tentábao coas mans e soio oía a respiración, moi forte, do bicho. Entón o que fixen, que é o que se debe facer, foi porsinarme. Nada máis acabar, oín un ruido coma dun brinco, miréi para o chan, e o carneiro empezóu a desaparecer hastra que desaparecéu de todo. Eche o mismiño cando se trata dun gato.

Case sempre se deixa apalpar coas mans para ver si tí, ao pensar que tes aí o demo, deixas a Dios; si te porsinas, escapa.

Como ves, a maneira en que se lle aparecéu o Porviso ao meu Pedro non é a de sempre. Case sempre se deixa ver. Sólo sei dun caso en que non o fixo, e foi para traer unha desgracia. Voucho contar. Un home, que tí xa non conoceches, viña unha noite de Asados, alí tiña a súa moza, e, ao chegar á Barraca, empezóu a ouvir ruido de latas que roleaban pola carretera. El vía as latas, pero non vía quén as movía. (O vento non podía ser, pois non o había). El dáballe aos pedales con forza, pero as latas corrían ao seu lado. Tomóuno tanto a medo, ao darse de conta que era o Porviso, que caéu da bicicleta e quedóu moi mal ferido.

Esta foi a única vez, que eu seipa, que se aparecéu sin deixarse ver, e, coma ves, trouxo unha desgracia; por eso eu teño medo polo meu Pedro".

Eu pergunteille si se aparecía a pouca xente ou a moita, e tamén lle perguntéi si se aparecía a unha sola persoa ou a máis xuntas. Díxome: "Aparéceselle a moitísima xente. Ti vai perguntando por aí e verás a cánta atentóu. Moitos teñen vergonza de decilo, pero outros dincho e cóntanche cómo foi. Pódese aparecer tanto a un solo como a máis xuntos. Mira, as peixeiras, cando iban á aldea vender o peixe, salían cara a Rañó pola noite para chegar cando se levantan os labradores e venderlle. Tí xa sabes que as pescas nunca van solas, que van dúas ou máis xuntas. Pois ben, máis dunha vez, ténselle aparecido o Porviso, no alto da Lomba, fora coma gato ou coma carneiro, e poñíaselle diante e botaba dous ou tres xuramentos, e ca mesma, desaparecía. Elas, mentras el estaba diante, non podían decir nada, e cando desaparecía, volvíalles a fala. Ese día case nadia lle compraba o peixe, porque cheiraba como si estuvera podre".

"Oia, siña Manoela —díxenlle eu— e vostede ¿cree, de veras, no Porviso?".

Ela miróu para min e díxome moi seria: "Pero tí, rapaza, despóis do que che contéi e de tanta xente como o veu ¿aínda pensas que o Porviso é un conto? Queira Dios que non se che apareza nunca, porque senón non sei qué sería de tí. Mira que perguntarme si esiste o Porviso... Tes cada cousa... Esta xente nova toda é fume. Bueno, éche o mismiño que si me dis que non se ve a Santa Compaña ou que non hai a enfermedá do aire".

Eu quíxenlle perguntar da Compaña e do mal do aire, pero era xa a hora do rosario e díxome que voltara por alí outro día e que me contaría o que eu quixera. Quedéi de facelo así e funme. Funme pensando na seguridade que ten esa muller de que veu o Porviso, e de que a Compaña e o mal do aire son de verdade. ¿Estará ela engañada ou estaréino eu ao pensar que non son certo?

Bueno, cando a min se me apareza o Porviso (si son tan boa como para que me tente) ou cando vexa a Compaña ou cando teña un rapaz co mal do aire, ao mellor hastra o creo e todo; mentras, seguro que non.

M.ª DO CARMEN GARCÍA RODRÍGUEZ
Rianxo

ARREDOR DE "MERLIN E FAMILIA"

INTRODUCIÓN

Pertece Álvaro Cunqueiro a unha xeración de escritores que é como unha continuación do grupo "NOS".

É Cunqueiro unha figura principal no campo da narrativa, escritor con gran imaxinación, gracia espresiva e fecundidá, enamorado da súa terra, creador de mundos e de mitos cheos dos máis inusitados persoaxes. A súa literatura está afincada no mito e na ensoñación. A inspiración venlle de fontes oscuras: lendas célticas, lendas populares, apólogos medieváis...

Tende a antropomizar o estraordinario, ouservando o mundo dos grandes señores dun tempo ido ou de outro mundo, estando sempre presente o sal e a pimenta das malicias rabelaisianas, regodeándose con bromas escatolóxicas e casi oscenas, polo que queda sempre afincado a unha realidade máis prósima a nós (realidade que non é tal, por suposto); así fai que magos, adiviños, princesas feitizadas, sireas... vivan nun mundo inmediato ao do autor e ao dos leitores, visitando lugares auténticos e convivindo con persoas que esistiron ou que ben poideran esistir.

Cunqueiro revélase como narrador en *Merlín e familia,* ademáis de *As crónicas do sochantre, Escola de menciñeiros, Si o vello Sinbad volvese ás illas, Las mocedades de Ulises,* etc.

É a súa obra moi persoal, queda fora da línea da narrativa moderna e non roza os problemas que preocupan a ésta. El mismo declaróu que non escribía novela social porque a súa labor é a de salvar o idioma, anque o feito de elexir o idioma galego para os seus escritos sirve para revelar a moitos a esistencia dunha literatura galega (fenómeno cultural profundamente arraigado e que ten a súa fecundidá de cara ao futuro), e pódese pois considerar este feito a lapa dunha básica posición de compromiso.

Nembargantes, Cunqueiro limítase ao divertimento, comicidade que xurde do contraste inesperado e ausurdo.

Inda que coido que a comparación que vou facer agora non é moi axeitada, debido en parte a que a literatura galega, pola súa corta edade, non poida aínda permitirse o luxo de encamiñarse pola senda da fantasía dun García Márquez, por exempro, tamén aparecen nas súas obras magos como Melquiades, adiviños do porvir... etc. Quizaves Cunqueiro poidera encamiñarse por esta senda. Indudablemente a obra de García Márquez está escrita cunha finalidade moi distinta á de Cunqueiro.

A búsqueda dun sochán firme na entraña do pobo adequire formas relevantes no estilo narrativo de Cunqueiro. Defende a realidade do soñado coa testimuña da imaxinación campesiña.

Para el, que identifica mito con imaxinación, esa potencia da ialma que chamamos fantasía ten virtudes creadoras, a imaxinación reverte a ialma de emocións, imaxes e símbolos.

Sobor de Merlín

As narracións do ciclo artúrico debéronse iniciar no País de Gales. De ahí pasarían á Bretaña francesa. a Francia e daquí a través de traducións diretas do orixinal coñeceríanse na Península Ibérica.

As naracións da Península están agrupadas en torno ao ciclo "A demanda do St.º Graal". Este ciclo consta de 3 partes:

1.—Xosé de Arimatea

2.—A lenda de Merlín

3.—A demanda do Graal.

Así é seguendo unha redación. E aínda que non se conserva sábese que a segunda parte esistéu na biblioteca de D. Duarte. Seguendc outra primeira redación, a segunda parte sería a crónica de Vespasiano, pero dela non se sabe nada.

Naturalmente, na obra de Cunqueiro soio o nome de Merlín e o feito de que éste sexa un sabio desfacedor de entortos, o nome da súa muller dona Ginebra e outros persoaxes, teñen que ver con este ciclo artúrico.

Pero esto non é verdade de todo, xa que sabemos que Cunqueiro escribéu esta obra relembrando tempos de neno nos que unha vella criada da casa contáballe nas noites de inverno moitos contos, entre eles algúns referentes a Merlín, que non lembra; pero o persoaxe e a súa figura misteriosa quedáronlle grabados na memoria e servíronlle de pe para imaxinar esa ¿novela? que é pura imaxinación súa.

Merlín é pois persoaxe de lendas e contos populares galegos do que xa tan soio os vellos se lembran.

Menéndez Pelayo dí na súa obra *Los orígenes de la novela en España* (Tomo I, páxina 162): "Había una región en la Península donde ya por antigua comunicación con los países celtas, ya por afinidad oculta de orígenes étnicos, ya por la ausencia de una épica nacional que pudiera contrarrestar el impulso de las narraciones venidas de fuera, encontraron los cuentos bretones segunda patria, y favorecidas por el prestigio de la poesía lírica, por la moda cortesana, por el influjo de las costumbres caballerescas, despertaron el germen de la inspiración indígena, que sobre aquel tronco, que parecía ya carcomido y seco, hizo brotar la prolífica vegetación del Amadís de Gaula, primer tipo de la novela idealista española. Fácilmente se comprenderá que aludo a los reinos de Galicia y Portugal, de cuyo primitivo celtismo (a lo menos como elemento muy poderoso de su población, también de las Asturias y Cantabria) sería demasiado escepticismo dudar".

Estrutura de "Merlín e familia"

A obra está estruturada como unha narración de contos sucesivos. É Felipe, criado de pasamán de Merlín, quen nos conta as historias ao recordalas. Unhas veces son sucesos que el mismo vive e ouserva, e outras son historias contadas por outros persoaxes como as do Algaribo.

O libro podemos dividilo en dúas partes desiguales en estensión, que corresponderían a dúas etapas da vida do narrador Felipe, que nos conta ás historias cando xa é vello. El mismo nos di:... i aínda agora que vello vou por veces me distrae..." (páx. 106).

Así a primeira parte correspondería á época en que Felipe era criado de pasamán de Merlín; por eso empeza coa descrición da selva de Esmelle, da paisaxe onde está Miranda, pousada de Don Merlín. Preséntanos a Don Merlín facendo un feitizo polo que cada un vía o mundo da cor que quería. Pásase logo á descrición de Don Merlín da súa orixe descoñecida. Tamén é incerta a orixe da señora dona Ginebra, que decían que era viuda dun grande rei. Despóis descríbenos aos criados da casa: Marcelina, Xosé do Cairo, Manoeliña de Calros, Casilda, e os animáis domésticos.

Tiña Don Merlín a súa cámara no forno pegado á casa; alí gardaba un escornabói nunha gaiola, ó bálsamo de fierabrás, os seus libros segredos e un gato cego.

Dunha maneira cronolóxica (ou continuada) enteirámonos dos entortos que compón Don Merlín e doutras historias; das propiedades dos quitasoles que lle traen a compoñer, o camiño de quita e pon, a historia de dona Caliela, o reló de area que compuxo Don Merlín, o espello do mouro, a trabe de ouro, a sirea grega que ven a poñerse de luto polo seu amante, de cómo curóu a Mosiú Simplón, que estaba enfermo en Pacios, e das bolas de neve que el facía. Nunha ocasión é outro persoaxe o que nos conta as historias. É o mouro Alsir que ven traerlle libros a Don Merlín o que conta a historia do demo que se convertira en bañeira, a do herdeiro da China e a do lobo que se aforcóu.

Esta primeira parte é a máis bonita e sinxela, con máis gracia na narración e nas historias. Aparecen princesas moi lindas cheas de encanto, e sireas coquetas.

Dunha maneira brusca, sin decirnos o que foi de Don Merlín e da súa casa —porque Felipe non o sabe e non ten noticia de que Don Merlín morrese—, pasamos a unha segunda parte xa asinalada polo autor; esta segunda parte correspóndese co asentamento de Felipe na pousada de Termar, que fora hospital de peleriños. Agora trátase de historias que ouve contar Felipe: a do enano grego, a do paxe de Aviñón, a do vizconde de Ribeiriña que se convirtéu en galo. Neste derradeiro conto, Felipe lembra a Don Merlín, e di que a el gustaríalle atoparse neste caso.

Poidéramos considerar tamén unha terceira parte máis pequena que as outras dúas, e que en certo modo supón un enlace coa primeira.

Xa Felipe traballaba de barqueiro en Pacios e levaba a xente de Trigás a Mourenza.

Nun tempo de sequía, como non tiña traballo, remexendo pola casa atopóu dúas entregas da novela "Le Pet-au-diable", de Mosiu Tobaril, novela que lle regalara o mouro Alsir cando era mozo de Don Merlín. Este demo era Cobillón, perfumista que engañóu á viuda Dona Florinda.

Ao rematar a narración aparez un índice onomástico dos persoaxes que se nomean ou que interviñeron nas historias anteriores, como si o autor quixera darlle a éstes veracidade ou verosimilitude.

Os persoaxes

Como xa se nos indica no tíduo, o persoaxe central, o "leader", é Don Merlín, xa que o ouxeto principal do narrador Felipe é contarnos o que no pazo de Don Merlín acaecéu.

Don Merlín está arrodeado dunha serie de persoaxes máis ou menos fantásticos.

No medio de toda a fantasía de magos, demos, princesas encantadas, sireas, encantos e desencantos, adiviñacións e outras historias non menos inverosímiles está Felipe, persoa normal que vive nun medio un tanto estraño e fai de enlace da fantasía coa realidade.

Así vémolo ocupado en dibuxar a inicial do seu nome cunha navalliña nunha zoca. En cuspir as caguñas de cereixas i enseñarlle a facelo a Manoeliña de Calros...

Polo contraste que supón Felipe co mundo no que vive (fantasía-realidá), moitas veces salta a nota cómica provocada polo ausurdo dunha situación inesperada e que nos fai rir:

..."colléu o novelo que iba nunha caixiña de manteigadas de Astorga moi envolto en pano verde..." (p. 37).

..."pagara con un peso, i a pulpeira que era a señora Benita de Sarria, rifóu con il, que o peso era sevillano..." (páxina 44).

Xa enfrascados no relato, estráñanos ouvir falar destas cousas e seméllannos anacronismos.

Cando Don Felices lle bota as cartas a Felipe, éste fíxase na marca da Fábrica de Fournier en Vitoria e na clase dos naipes.

Naturalmente, non podemos esquecernos de que na obra non hai unha limitación cronolóxica e de que todo é ausurdo; así, ao mesmo tempo que se fala de Amadís en presente, de que acaba de salir a novela "Pablo y Virginia", discútese tamén sobre a morte de Prim.

Así que o que nos queda por pensar é que Felipe non nos conta máis que trolas, e que non é verdá que vivéu as historias que conta.

Sobor do estilo e a linguaxe

A lingua empregada por Cunqueiro é un galego literario, bastante polido aínda que moi sinxelo. Atópanse rasgos populares.

Para a conxunci5n copulativa emprega sempre as mesmas formas: *i* ante vocal, *e* ante consonante.

Hai unha preferencia polas formas en *i* para o pronome persoal de terceira persoa, pronomes demostrativos e tamén formas verbáis; é moi abundante este gusto na lingua literaria moderna, pero tamén son formas vivas no pobo. Así atopamos: *il* con preferencia a *el, ise, iste, dil, diles, nistes, diste..., tivo, millor...* etc.

a protética: *arrodeo, apresentar...*

i epentética: *iauga, ialma.*

Dase a asimilación ao *l* do artigo ou pronome,, do *r* ou *s* da verba anterior: *maila, polas, ambalas, tralos, todalas...*

Un superlativo moi popular i enxebre atópase con relativa frecuencia:

—"O mouro de quen falo era mouro, *si os sementa Deus nas hortas diste mundo*" (páxina 81).

—"dígovos que amencéu, *si El Señor manda rosas,* a máis fermosa do mundo (páxina 102).

Neste exempro anterior trátase dun reforzativo do superlativo que xa aparez esplícito.

Outro exempro deste caso é:

—O Liaño era un home feo, *gordo si os hai* (páx. 111).

A forma masculina do nominativo singular do pronome persoal de terceira persoa, pode empregarse para reproducir o suxeto for-

mado por unha oración subordinada, é decir, unha sustantiva suxetiva. Entón aquel pronome anticipa este suxeto, é o *suxeto impersoal* galego que non pode traducirse ao castelán, pero equivale ao xiro desta lingua "ello es que":

—"i *el* era que tiña que abrir o portón coa man esquerda". (páxina 24).

—"*El* foi que eu paséi aqués días atento á visita". (páx. 41).

—"i *el* eran catro que viñan dacabalo" (páx. 24).

Outras veces emprégase esta forma, pero non como suxeito impersoal si non que é un rasgo meramente estilístico:

—"I *el* era polas luces" (páx. 13).

—"i *el* era como unha pequena fogueira no medio da noite" (páxina 13).

—"...e non tiña sono i *el* púxenme a contar pombas hastra que adormecín" (páx. 43).

Atópase tamén a forma *el* como un reforzo en oracións interrogativas:

—"i *el* que era o conto da outra familia" (páx. 98).

—"I *el* coma decides que se chama, pa poñelo na carta, o río onde se afogóu a ratiña? (páx. 125).

MATILDE FELPETO LAGOA
Santiago

GALLEGO 1, Instituto de la Lengua gallega [1]

Editado polo "Instituto de la Lengua Gallega" da Universidade compostelá o 17 de maio, Día das Letras Galegas, aparecéu este método para o estudo da nosa lingua. En realidade, nesa data apareceron ambas cousas —o Instituto e máis o método—, pois ambas foron dadas a conocer en tal ocasión polo Rector da Universidade, a primeira como iniciativa en tramitación e a segunda como iniciativa parcialmente realizada, xa que *Gallego* 1 é o primeiro dos tres libros que integrarán a obra. Elaborado polo Departamento de Filoloxía Románica, o seu director, profesor Constantino García, informóu crara e detalladamente da orixe, dos problemas e dos criterios da elaboración no número 32 de GRIAL.

Postos a opinar encol do *Gallego* 1, será ben que comencemos por distinguir os diversos planos de interés que a obra nos ofrece. Así, a súa significación como amosa dunha política cultural universitaria, a súa modernidade pedagóxica e o seu criterio unificador da lingua son tres aspectos igualmente interesantes para todo comentador atento. Considerémolos separadamente, xa que logo.

Verbo do primeiro punto, o feito de que a Universidade puxese simultáneamente en marcha a edición do método e máis a creación do Instituto de la Lengua Gallega semella indicar que se dispón a asumir a iniciativa da incorporación do galego ao ensino, misión que sin dúbida lle incumbe conxuntamente co ICE. De acordo coa nova Lei, a responsabilidade pedagóxica desa incorporación compartirana, do xeito que sexa, ambas entidades. Estes primeiros pasos dados pola Universidade poden ser a señal de partida. Así o agardamos e o desexamos, como desexamos e agardamos que realicen con tino tan trascendente misión. Certo que a responsabilidade conxunta cínguese ao campo meramente pedagóxico da lingua (a Universidade ten, ademáis do ensino, o labor de investigación), mais non é menos certo que a responsabilidade pedagóxica da incorporación do galego ao ensino é de suma importancia. Naturalmente, alén da investigación técnica e da orientación pedagóxica como esferas delimitadas de actividade —de actividade moi importante, e nesta ocasión máis que nunca—, está a lingua mesma como realidade cultural viva cuio xenio se manifesta a través dos seus cultivadores. E son estes mesmamente, os que a cultivan oral e literariamente na súa función esencial —espresiva e comunicativa—, os verdadeiros responsables da lingua como tal. Como é ben sabido, contan con diversos órganos para favorecer o desenvolvemento de tan complexa e delicada responsabilidade colectiva, entre os cales, por citar un de carácter oficial, mencionaremos á Real Academia Gallega. Por onde resulta que a responsabilidade pedagóxica do ICE, a responsabilidade técnica da Universidade e a responsabilidade cultural da Real Academia Gallega son necesarias por igual e complementarias entre sí.

No segundo punto —a modernidade pedagóxica do método—, estamos certos de que o Departamento de Filoloxía Románica terá recibido moitos pa-

[1] Universidad de Santiago de Compostela, 1971.

rabéns, poisque nos proporcionóu un escelente instrumento de aprendizaxe semellante aos das outras linguas modernas. Algúns especialistas nesta crase de ensino póñenlle a chata de non estar escrito en galego cando hoxe en día é usual utilizar a mesma lingua que se ensina, mais en todo caso non podemos deixar de ter en conta que aínda faltan dous volumens para que a obra estea completa e que é moi verosímil que teñan prevista a utilización do galego como recurso normal do método.

O terceiro punto —o criterio unificador do idioma—, podería resultar ríspidamente polémico si se enfocara con pouco tino, mais compre reconocer que non ocurríu así. O profesor Constantino García acraróu en ocasión oportuna —sesión de traballo do 20 de marzo—, que a finalidade percurada era acadar unha unificación para os usos universitarios, coas posibles derivacións docentes, sin pretender invadir o campo e as responsabilidades da Real Academia Gallega. O Departamento seguíu as normas ortográficas da Academia a non ser en dous puntos nos que preferíu aplicar un criterio máis fonetista que o académico. Mais o director do Departamento, como lingüista esperimentado que é, ten insistido na cativeira importancia destas diferencias. Coidamos que non lle falta razón nesa prudente maneira de ver, que concorda ben coa actitude de outros lingüistas eminentes cos que tiven oportunidade de falar en diversas ocasións e lugares e que sempre manifestaron unha grande prudencia —tanto maior canto meirande é a súa autoridade científica— dediante dos problemas intrínsecos dunha lingua viva. Falando con eles dos problemas do galego actual, dúceas de veces me teñen dito que serán os seus cultivadores, en especial os escritores, os que verdadeiramente forxarán o galego culto, e non os lingüistas como tales, cuia técnica traballa co esquelete das linguas e non co seu *élan vital*.

Estamos certos de que poucos galegos e amantes do galego deixarían de sentir alegría coa aparición de *Gallego* 1, tanto polo que significa de compromiso da Universidade coa lingua como pola útil novedade de contar con un método moderno para deprendela. Abonda esta doble significación do libro —simbólica a primeira, instrumental a segunda— para que o Departamento de Filoloxía Románica mereza as nosas loubanzas e a nosa gratitude. Mais, a maiores desas dúas características, hai unha terceira que tamén é interesante e que non podemos deixar de señalar: a súa intención de colaborar co proceso de unificación idiomática dende un punto de vista marcadamente fonetista e craramente particularista anti-luso, punto de vista que refreixa unha das actitudes posibles ante o problema da unificación.

Nesta etapa en que estamos, de transición do galego puramente oral a un galego culturalmente maduro con lingua escrita, ou sexa, plenamente apto para desenvolver as esixencias da mentalidade contemporánea, todas as achegas, e esta entre elas, poden resultar útiles de algunha maneira, inda que todas sexan polo de agora inevitablemente provisionáis. Ao cabo, a fasquía unificadora da língua será dada pola interacción cultural dos que a falan e dos que a escriben, sin esquecer que a verdadeira unificación acádase na lingua escrita e non na falada.

R. PIÑEIRO

ADIÓS, MARÍA, por Xohana Torres [1]

¿Cál é e cál pode ser o tema dunha novela? Xa que logo, toda vida, dende a máis complexa deica a máis insiñificante. A verdade do home, o seu universo e a súa relación co mundo no que vive, constitúen o caudal máis ricaz da invención novelística. Referímonos ao realismo sicolóxico, á crítica aplicada ao social, ao análise da mente, comportamentos e circustancias ao cabo; E sempre o temario baséase na identificación coa vida. Mesmo nin o "ouxeti-

[1] Ediciones Galicia. Centro Gallego de Buenos Aires. 1971.

vismo" na súa rompedura co interiorismo, altera a relación co esistencial, inda que se empeñe en afirmárese nun mundo diferente, no que as cousas que arrodean ao home contan máis que o propio home.

Si nos paramos a considerar as novelas de arestora, dexergamos que na maoría delas os escritores sinten a urxencia de documentar aspectos da realidade que lles toca vivir. A fantasía, a imaxinación, o elemento estraguido de zonas alonxadas da terra firme, queda case relegado. E o sofrido en carne de seu, o padecido nun intre determinado da propia esistencia, pasa a ocupar un primeiro plano na obra de creación.

No mundo de arestora poderíamos decir que non hai predisposición pra inventar. O ánimo do home dos nosos días está carregado dunha chea de esperiencias chegadas da concreta e enervante realidade que nos arrodea. Esperiencias da que necesita descarregarse, ás veces ao ritmo de precipitados e desleixados pulos, polo canle da novela.

A época que andamos a vivir na nosa terra, o meio, as circustancias, atopan fonda repercusión na protagonista deste relato de Xohana Torres: *Adiós, María.* A traveso desta figura central, a novelista interpreta o complexo panorama dunha etapa crítica vivida neste chan galego, con proxeición cara a Europa. Xohana Torres fai a interpretación con intelixencia. É moito o que nos dí María, ou Maxa, nun intre da historia de hoxe; e, a pesares de todo, quere romper coas cousas que a atan ao presente pra emprincipiar outravolta e agardar cos ollos abertos a que seña de día. De tal xeito a presencia da principal protagonista copa o libro, que os demáis persoaxes, á súa beira, pasan a un lugar secundario.

A trama desenvólvese en Contador, nos arrabaldos, a onde se chega por un desvío dende o autobús. Cadra nun alto a casa dos Briz. A disgracia familiar emprincipióu así: Un día calisquera os autobuses botáronse a rodar pola rúa, sin máis. Crebóu daquela a empresa de tranvías. Os empregados atopáronse sin emprego, metidos nun lío sin comelo nin bebelo. Antre os desempregados figurou o pai de Maxa. A partir de entón, éste andivo á precura dunha ocupación. Iba e viña á vila e non soltaba prenda dos negocios, coma mudo. De remate, pai e nai tiveron que emigrar. Dende que o tren que os levaba a Lille desapareceu na primeira volta, escomeza a verdadeira prebe da historia...

Dous elementos mistúranse, por así decilo, nesta obra: un interior, o proceso angurioso dunha alma. Outro esterior: o entorno no que a protagonistat descobre e vive o seu drama. A acción —chamémoslle deste xeito— decorre no meio dun lugar galego ben deseñado; nun lugar no que o norde é moi barafundeiro, quezáis pola situación da boca da ría que mesmo apunta na direción da casa.

A novela pode considerárese como a intensa e dramática aventura da ialma dunha rapaza que adequire a plenitude da súa condición de muller. Dunha rapaza que se desviste da inocencia da súa ialma, inda que non da nobleza da mesma; e que, tras de anguriosas esperiencias non poderá fuxir máis da verdade e da realidade da vida.

Tratándose dunha primeira novela da autora, non podemos menos de lle reconecer un craro talento pra levar adiante o análise dun tema que —polo enfoque dado— podería correr o risco de non dar co tono preciso. Non resulta doado estructurar unha obra coma ésta, na que se ispen almas e se artellan episodios con miras a alumear a idiosincrasia de aquélas. Sobre de todo, mantendo o equilibrio e o interés da narración e evitando facela caír dentro dos moldes que falan máis do estudo sicolóxico que da creación novelesca.

A pesares de que elementos de orde político-social, tomados da concreta realidade esterior, non pasan inadvertidos pra Xohana Torres, pode decírese que ésta interésase por ir desentrañando a sicoloxía dos protagonistas. E mesmamente é tal feito o que outorga dimensión humá ás páxinas da novela. A autora

despexa o íntimo mundo de Maxa: unha rapaza que se ubica axeitadamente no noso país e no noso tempo. Os diálogos están tratados con realismo, pródigo en voces suburbiáis, pero de reconocida vixencia nos meios nos que se producen. Porque a vida da rúa, do barrio, da xente sinxela, é a que desfila dediante de nós.

En Contador, Kaiser, o abó, chega do choio, séntase e ponse a ler o xornal moi perto da botella. Dende a hora da emigración dos pais, Maxa sinte riba de sí o peso da historia familiar. Os traballos nos que anda mergullada son abraiantes. O Káiser, que está de volta de todo, considéraos. Pero Maxa se non deixa vencer pola anguria das súas obrigas, poisque quédalle sempre un buraquiño nas súas angueiras pra fitar o mundo darredor e pra soñar os seus soños.

No ambente de Contador, a protagonista agunía ás veces de estrañamento; e outras síntese encerellada no decorrer dos feitos que animan a súa teimosía Xohana Torres fai dela, e dos outros persoaxes, un análise sicolóxico de rigor veraz. Nalgún intre verquese, polo poder da realidade, nos sucedos da terra presente, cuia materia é tema da novela; do mesmo xeito que a novela incorpora a realidade humá ao proceso da súa creación.

Adiós, María é, en certo senso, unha obra ríspida que, con prosa de estudados desaliños gramaticáis, non persigue nin de lonxe os tonos rosa. A autora quere chegar ao lector por un camiño que amosa recóbados con escasas frores. A proxeición realista que dá Xohana Torres á novela fai que ésta se convirta nun documento de feitos que teñen que ver coa vida galega de arestora; e non soio iso, sinón que, nalgús casos, linda coa crítica e máis coa denuncia.

O libro que andamos a comentar sigue a liña, en xeneral, da narrativa do presente. Hai moitas veces un predominio das ideas sobre da acción, hai unha certa tendencia ao persoal, e hai testemuño, confesión, suxetividade. De todos xeitos, quezáis destaque antre os millores valores da novela, a creación de persoaxes. Emprincipiando, naturalmente, por María, a protagonista, que enche de alento a vivacidade do relato. Traballadora e doorida, cruza polas páxinas da novela baixo a constante dunha dramática soedade, mentras bate con cousas e xentes de variegada laia que xurden no seu camiño.

Outras figuras están asemade, intelixentemente tracexadas. Tal o abó Káiser e a aboa Inés; e mesmo Xermán, o Petigri e os propios pais, inda que as súas figuras aparezan ensombrizadas.

Unha técnica escelente, dos nosos días, está posta ao servicio da novela. Unha das súas bases reside no habelencioso recuar que sofre ás veces a acción. E outra nos axeitados e sintéticos diálogos, alumeados decote con agudos análises anímicos. Hai certos pasaxes soberbos, como por exemplo a carta que María lle dirixe á nai en Lille, contándolle a vida familiar e o acidente ocurrido a Petigrí, modelo de sagacidade sicolóxica.

Destaquemos, de remate, porque nos semella siñificativo, que toda a galería de feitos, tipos e situacións espostos por Maxa, está cinguida por un clima: A traxedia emigratoria que conmove ao país, e do que a novela é, ao cabo, feitura. Eses feitos, eses tipos e esas situacións vainos sinalando, de acedume en acedume, a pegada de Maxa.

Adiós, María é, xa que logo, unha boa novela coa que se arrequecen as letras galegas de hoxe. É a historia dunha ialma sometida aos influxos que denuncian unha dura realidade dos nosos días. Unha historia contada con linguaxe e técnica de arestora, pero sin perder nunca a forza da súa orixinalidade.

SALVADOR LORENZANA

COLECCION DE VOCES Y FRASES GALLEGAS, por Fr. Martín Sarmiento *

A obra de que nos ocupamos hoxe é o primeiro tratado de filoloxía galega e chéganos a súa edición baixo o coidado crítico do profesor Dr. J. L. Pensado.

Unha das figuras máis egrexias do noso século XVIII é, sin dúbida algunha, o frade bieito Fr. Martín Sarmiento. A súa época caracterízase polo afán crítico, polo trunfo do racionalismo, polo desenrolo das cencias eminentemente empíricas. O noso sabio investigador síntese embebido por ese climax culturalista do seu tempo, pero temos que indicar que vai ir centrando o seu saber nunha determinada cencia, sin refugar as outras. Representa xa unha especialización. Lembremos que o gusto do século era o saber "disperso", esto é, enciclopédico, do que é exemplo o P. Feixóo, mentres que Sarmiento polariza o seu enorme saber cara un campo máis concreto, a Filoloxía e máis a Lingüística. Toda a sús obra está presidida polo didactismo; o fin que o guía é o afán pedagóxico.

A súa fonda preocupación científica lévao a estudar as cencias naturáis como ausiliar imprescindible dos outros saberes, sobre todo da linguaxe. As palabras son, pra el, sinás das cousas, non hai palabras sin cousas, nin cousas sin palabras. Veleiquí como lle compría ter coñecemento da Natureza e do mundo circundante, fonte léxica da fala. As súas ideas van tomar corpo nas súas pescudas, Vainas levar á práctica. O seu campo de investigación será o "dialecto galego", a língua que mamara nos seus anos nenos.

O P. Sarmiento organiza léxicos, descubre a riqueza idiomática da súa lingua, compáraa cas outras linguas, aprica leises fonéticas, usa da analoxía, recolle todo canto material atopa útil pra unha singularización de voces e de variantes, sinala a gran importancia das enquisas, acuña tecnicismos lingüísticos e intúe a necesidade de facer un diccionario das linguas románicas.

O máis solprendente deste monxe é o senso funcional que ten da lingua. Refuga os léxicos porque son frías ringleiras de palabras, e organiza vocabularios por materias —os modernos campos semánticos—, vivindo así as palabras as tensións da lingua.

Non podemes esquecer a notoriedade do seu pensamento encol do problema cultural de Galicia. Antes de que o Romantismo viñera a se mergullar nas culturas autóctonas e a revalorizalas, este home, pechado na súa celda, estuda todo o que concerne ao noso pasado, e dun xeito especial a máis fonda manifestación do pobo: a súa lingua. Hai douscentos anos, xa Fr. Martín Sarmiento tiña encol da lingua e da súa importancia no desenrolo da persoalidade do home as mesmas ideas que hoxe temos nós, na segunda mitade do século XX.

> "En cada ciudad y villa de Galicia habría de haber algunos que se dedicasen a enseñar a los niños la lengua gallega, con extensión y propiedad". [1]

> "¿Qué importa al lector que yo haga disgresiones? Si las disgresiones son instructivas y en beneficio del Reino de Galicia y de la instrucción de su juventud..." [2].

A Sarmiento doíalle o desprecio dos cultos pola nosa lingua. Doeulle tamén o ter que manexar outra lingua que non era a súa para adeprender o latín. Tiña crara concencia do probrema que se lle prantexa ás mfiinorías lingüísticas, e a súa loita a prol do galego levouno a artellar un plan para o seu estudo que inchuía a formación de arquivos e bibliotecas e un exército de estudosos dispostos a patear o país pra recoller o "corpus" da nosa fala. Pero esta xigantesca tarefa concebida por un home a quen non lle preocupaba pubricar senón escribir para deprender, quedóu truncada ao non ter sucesores nin herdeiros guiados por tan outos ideáis. E a súa propia obra, en copias manuscritas, durméu no silencio dunhas cantas bibliotecas.

---

* Edición y estudio de J. L. Pensado. Universidad de Salamanca, 1971.

[1] Do Onomástico, citado de "A propósito de un centenario: O Onomástico de Fr. Martín Sarmiento", Joseph M. Piel. Coimbra, 1969.

[2] Idem.

A "Colección de voces y frases gallegas" ocupóu os vintecatro derradeiros anos da vida de Fr. Martín Sarmiento. A redacción foi tan longa (1746-1770) porque a iba enriquecendo con materiáis de outras obras que levaba entre mans a medio facer: "El onomástico etimológico de la lengua gallega", "Elementos etimológicos según el método de Euclides". O libro consta de 1.200 coplas ao estilo de Perico e Marica onde estrutura funcionalmente o léxico galego.. Decátase da importancia da palabra en relación cas outras e pra esto nada mellor que poñela nun contexto. As coplas son un mero pretexto pra poder facer as súas pescudas lingüísticas.

A obra é dunha riqueza asombrosa. A medida que nos imos metendo nas súas páxinas, ouservamos o seu laborioso traballo e a súa fonda erudición. Calquer palabra ten, pra Sarmiento, un amplo campo de estudo, dende a súa orixe etimolóxica, á comparanza cas linguas románicas, busca as relacións semánticas, fíxase nos troques significativos da palabra e nos contextos determinados como poden ser as construccións feitas e refráns; en resumen, estuda todas as vicisitudes da palabra diacrónicamente. Pero non remata ahí o seu saber, xurde a súa vasta cultura, reverte en amplos coñecementos de historia, xeografía, cencias, manexa a historiografía grega e latina e, todo elo, nun estilo espontáneo, ao decir do Dr. J. L. Pensado, "a súa prosa non é prosa, é lingua viva, latexante, chea de personalidade".

Un probrema que se lle prantexa é o da ortografía que resolve moi atinadamente. Atópase con que ten que transcribir os sonidos (hoxe "fonemas") en letras e non posée un modelo en que se guiar. Pero non se arredra, e ca súa agudísima intuición deixa postos os fundamentos pra unha ortografía baseándose nos tres seguintes postulados: 1.º, a etimoloxía da palabra; 2.º recurrir ás grafías medieváis da diplomática galega; 3.º, a comparanza ca lingua portuguesa.

Moitas veces atopámonos con pequenos erros nas etimoloxías, que hoxe non podemos ter en conta, xa que por unha banda a súa obra é tan ricaz en acertos que as faltas non teñen importancia, e pola outra son os primeiros balbuceos da moderna filoloxía.

Non podemos deixar de falar do riguroso estudo crítico feito polo profesor J. L. Pensado másimo coñecedor da obra do frade bieito. O Dr. Pensado, nunhas apretadas setenta páxinas estuda a obra enmarcándoa dentro do conxunto da producción de Sarmiento. Temos que resaltar que este limiar non é unha recopilación de datos, sinon unha rexa valoración do noso sabio e das súas ideas. A presente edición realizóuna seguindo o cotexo do manuscrito da Biblioteca Nacional con outro de propiedade particular.

Tanto o estudo como a edición son unha valiosa contribución ao estudo de Fr. Martín Sarmiento e non nos queda máis que felicitar ao Dr. Pensado e alentalo pra que siga editando a obra do sabio monxe, primeiro filólogo galego pra quen podemos pedir a paternidade da moderna filoloxía románica.

XAVIER CARRO

OS BIOSBARDOS, de Eduardo Blanco-Amor [1]

A publicación, en 1962, da primeira edición de *Os Biosbardos*, foi a confirmación de Eduardo Blanco-Amor como figura sobranceira da narrativa galega. Anos antes, en 1959, ofrecéranos *A Esmorga*, obra que puido ser o ponto de arranque da narrativa galega de posguerra, auténtica novela, con anécdota, sin que o primor estilístico e o coidado minucioso do lingoaxe tollera o seu engado pra toda cras de lectores. *A Esmorga* supuña a sorprendente reviravolta dun notable poeta que na súa madurez resultaba un narrador esceicional.

[1] Editorial Galaxia, 2.ª edición. Vigo, 1970.

Lonxe quedaban os seus versos de mocedade, tinguidos da gracia imaxinista pero cun peso e unha fondura —e cunha habelencia técnica tamén— que non sempre se atopaban nos epígonos da escola. Blanco-Amor, dende un fondo modernisat aberto de cheo ás esperencias vangardistas, atinaba cunha actitude de equilibrio, dando consistencia aos arreguizos esperimentáis dos avanzados da súa xeneración. Endebén, tras da súpeta revelación de *A Esmorga,* había anos de traballo demorado e cotián nas prosas xornalísticas, milleiros de artigos, unha laboura de profesional das letras, de home aberto a toda aventura inteleitoal, pero sin deixarse vencer polo afalago ocasional das novidades inconsistentes, sempre lonxe dos estronicios iconoclastas, cunha vontade de clasicismo, cun ánimo inusitado de convivencia e boas maneiras. Poida que algún día resulte ser tamén Eduardo Blanco-Amor o dramaturgo da súa xeneración e os eruditos ou os curiosos informados percurarán a súa prehistoria de dramaturgo galego no engado das súas "Farsas" en castelán, ou nas celmosas escenificaciós de acudidos populares que publicóu hai anos en "Galicia Emigrante". E tamén poderáse pescudar a raigaña desta vocación contida de home de teatro nestes diálogos maxistrales de *Os Biosbardos,* no seu senso matizadísimo pra potenciar estéticamente a lingoaxe da rúa —o arrabaldo vilego e non a aldea é o seu esceario— ou pra situar os persoaxes nunha perspectiva ambental coerente ca súa psicoloxía.

Cando Blanco-Amor escrebíu *A Esmorga,* tiña xa publicada a súa primeira novel aen castelán, *La catedral y el niño,* obra inicial da súa tetraloxía auriense, recreación do seu mundo de nenez, ciclo que no limiar de *Os Biosbardos* —tan crarificador— declara pecho xa pra sempre. *La catedral y el niño* foi unha novela de sorte esquiva. Editada en Buenos Aires, pesimamente distribuida, chegóu aos críticos mal e a destempo. Ou non chegóu. Eugenio de Nora, que fai o catálogo crítico de canta novela se publicóu en castelán ao longo de cincoenta anos, dí no seu estudo encol da "Novela española contemporánea" que non tivo ocasión de leela, e limítase a dar o tíduo poñendo ao lector na pista dunha obra que coida interesante.

No 1963 aparecéu outra novela do ciclo auriense, tamén en castelán, *Los miedos,* que a pique estivo de gañar o Nadal, e que si non conseguíu o premio foi polo embrullo inestricable das votaciós Goncourt. Voltaba Blanco-Amor en *Los miedos* ao mundo da nenez. Non da súa nenez, pois Blanco-Amor advirte que as obras deste ciclo son somentes autobiográficas no seu contesto ambental, non na anécdota nin nos persoaxes. A curiosidade polo mundo amorfo da nenez, presente todo ao longo do ciclo auriense e que centra os contos de *Os Biosbardos,* aparecía en *Los miedos* cunha aguilloante crueldade, pero tamén con toda a súa gracia escura, cos medos tráxicos, cos arrepíos de cada descobremento, paso a paso, das facetas dunha realidade que vai forxando ao home que está ao axexo, acochado no neno, teimando concretarse dende esta materia vagorosa, plástica e incerta que é a infancia. Había muito de pescuda dende supostos freudianos en *Los miedos,* como tamén o había nos símbolos de *La catedral y el niño.* Blanco-Amor é un home perfeitamente informado de todo canto no mundo asoma cun mínimo de suxestión inteleitoal, e dende moi cedo sentíuse atraguido polo análisis freudián. Non esquezamos que Buenos Aires foi un dos lugares do mundo onde a escola vienesa acadóu maior e máis inmediata audiencia. O mundo da nenez é pra Blanco-Amor unha caixa onde resoan os "medos", pero non a paura diante o que non se entende e se teme, senón a curiosidade amorfa poro que se vai albiscando paseniño cando a alma infantil síntese aberta ao arrepío dunha realidade que aínda se non enxerga no seu xogo de xustificaciós lóxicas. Máis que *medos* é a curiosidade punxente e insatisfeita. Os pequenos de *Los miedos* como os de *Os Biosbardos,* percuran ás apalpadelas algo que descobren de súpeto nun xesto, nunha frase, na toupada brutal ca actividade erótica. I entón sinten o medo, entón enxergan a realidade inxerida nun esquema de coordenadas lóxicas, aínda que a realidade sigue a ser absurda dende a súa perspeitiva infantil. É a claridade núa e abismal do pesadelo, incoerente pero cun perfil tan concreto en cada un dos seus elementos que chegan a convertirse nun mundo de fascinación. O mundo infantil de *Los miedos* —ou de *Os Biosbardos*— atópase moi lonxe do tópico anxélico.

Esto pode espaventar a algún improvisado moralista acougado no tópico, pero non solprende a ninguén que vexa aos nenos, como Pimentel os vía, "escondido o seu terror / antre os plegues do manto / das nais". *Los miedos* desapareceu dos alzadoiros das librerías dunha maneira artificiosa —e non por mans dos leitores, que apenas tiveron noticia da publicación do libro. Cumplíase así de novo esa especie de meigallo que semella perseguir á obra narrativa en castelán de Blanco-Amor. Tampouco tivo mellor fortuna outro libro, *Las buenas maneras,* onde está o mellor da prosa castelán de Blanco-Amor. A única nota crítica apareceu en "Insula" (número 131), e o comentarista amostrábase desconcertado diante deste libro inusitado, composto ao xeito dos vellos tratados de urbanidade, pero cun fondo de ironía que desmoucha a arista incómoda da moralexa. Libro de tan varia lección, de tan insólita e bulreira gravedade, non era certamente doado de valorar con senso.

A primeira visita distínguese un feitío moi diverso entre a prosa castelán e máis a galega de Eduardo Blanco-Amor. En castelán gosta Blanco-Amor das prosas demoradas, armadas en volutas proustiáns, carregadas de xiros arcaizantes, cun énfasis contido polo exercicio intelixente da ironía. Os arcaísmos na adxetivación, dan ás veces o perfil imprevisto do sustantivo cun aire *démodé* que Blanco-Amor cultiva cun esguince de gracia "camp". Ás veces gosta de marcar un ton de moralismo arcaico —sin escesiva confianza na moral— como un abade dazaoitesco, aforrándolle ao lector as acritudes do sermón, ou o que é o mesmo, cultivando un fondo de escepticismo pra resaltar a incomenencia da gravidade cerril e dogmatizante. Sobre a fórmula modernista, Blanco-Amor engade un elemento, o humor, que o modernismo coñecéu somentes no seu intre de desintegración esperpéntica. Prosa requintada, traballadísima no seu encadenamento de subordinaciós, cunha matización coidada hastra o requinte, que revela tamén o contacto fecundo ca ximnasia espresiva dos vangardistas líricos. Os neoloxismos, ca mesma percurada estridencia dos arcaísmos, teñen as veces algo de quevedesco, pero sin irada acedume, e cun fondo sempre de exemplar *politesse*. Pola contra, cando Blanco-Amor escribe en galego, afonda na gracia espresiva da fala popular, a ironía convírtese en tenrura, deleixa a perspeitiva alonxada, o tono bulreiramente maxistral, pra asentarse nun quenzor de humanidade viva, pra achegarse aos seus persoaxes e recrealos con vigor esperpéntico, cunha plasticidade rexoubeira. No traballo idiomático atópase cunha lingoa menos "establecida", con contornos semánticos máis vagos, cunha enorme gama de posibilidás á espera. O modismo carregado de vigor, o quebro vulgarizante, o acudido caricaturesco, toda a inmensa regalía de recursos estilísticos aínda vivos na fala popular, afloran na prosa de Blanco-Amor cunha libertade que en van percuraríamos na súa espresión castelán. A versión de *A Esmorga,* publicada en castelán baixo o tíduo de *La Parranda,* tan lonxe da aparente espontaneidade do orixinal galego, abonda pra demostración.

Cos contos de *Os Biosbardos* volta Blanco-Amor ao mundo infantil, que ten pra el tan gratas e fondas resoancias. Como en *Los miedos,* como en *La catedral y el niño,* aínda que con un aire ás veces vitalísimo e popular que as achega á humanidade pándiga e chorrusqueira de *A Esmorga.* Un destes contos, "O noxo", está máis perto da atmósfera de *Los miedos;* outro, "Primeira comunión", semella un anaco de *La catedral y el niño.* O libro é así como unha amostra da diversidade de perspeitivas de toda a obra de Blanco-Amor, tanto en galego como en castelán, ca vella Auria como esceario. Nesta segunda edición engade Blanco-Amor un conto máis sobre os sete da primeira, O conto engadido leva precisamente o tíduo de *Os Biosbardos,* e sirve de introdución a este clima de troula arrabaldeira e infantil que domina as narraciós, sin máis escepción que "Primeira comunión". No limiar do libro, que é unha peza importante pra a comprensión da obra de Blanco-Amor, un exemplo de crítica intelixente feita polo autor sobre unha parte importante da súa propia obra, fala Blanco-Amor do muito que estes contos, como *A Esmorga,* deben ao feito de teren sido recreados na lembranza, nos seus longos anos de emigrante. Hai neles, evidentemente, o aire intemporal de que fala o autor. Non se sitúan os contos, como tampouco *A Esmorga* nun tempo concreto, situado con detalles precisos, aínda que vagamente se refiran a unhas datas en que o automóvel era unha

rareza e non un pesadelo abafante, no que aínda as cidades remataban na solemnidade municipal dos fielatos, e voltaban os emigrantes con zapatos de charol e chapeos panamá. En gran parte estes contos están construidos sobre o engado do diálogo. O ambente, deseñado con trazos leves, sitúa con absoluta precisión aos persoaxes. Neles Blanco-Amor reconstruie un mundo ao que voltóu tamén físicamente pra atopalo diverso e poida que deturpado. Son contos escritos á percura do tempo perdido, ca imprecisión da lembranza, resaltando ás veces un detalle aparentemente secundario pero que dá senso á totalidade da narración. Neles Blanco-Amor recuperaba unha etapa vital. Por eso nótanse escritos con tanto amor e cun chisco de desespranza. Non son obra menor, si como obra maior coidamos *A Esmorga*. Á mesma altura que esta espléndida novela, e poida que máis soltos na fala, máis seguros no perfil dos persoaxes. Verdadeiras pezas clásicas da prosa galega deste século.

B. LOSADA CASTRO

EL FOLKLORE EN LOS CASTROS GALLEGOS, por José M. González Reboredo [1]

Entre os libros editados no presente ano pola Universidade de Santiago figura esta monografía do prof. González Reboredo. Trátase da súa tese de Licenciatura na Sección de Historia de aquela Universidade.

Inda que en Galicia contamos con certa tradición e abundancia de traballos etnográficos, non contabamos con unha recadádiva do folklore castrexo tan abondosa como a que o xoven investigador lugués nos ofrece neste libro, que recolle os materiáis anteriormente publicados e máis os percurados directamente polo autor nas súas xeiras de investigación polo campo.

Ao delimitar a metodoloxía do seu traballo fai un interesante análise das distintas posibilidades que se lle presentan ao investigador galego: un comparativismo xeralizador de feitos isolados á percura de arquetipos comúns a todos os pobos de cultura tradicional; un comparativismo, non cos demáis pobos de cultura tradicional senón cos nosos propios devanceiros máis primitivos, que nos levaría a interpretar as nosas xeneralizacións como formas de supervivencia de antergos estadios de relixiosidade; renunciar a todo comparativismo e percurar a significación dos elementos etnográficos dentro da sociedade en que se elaboraron, ora atendendo á súa integración na *estrutura* do contexto cultural; e aínda varios camiños máis. Ante tal complexidade, o autor considera axeitado cinguirse ás lendas castrexas dentro do material etnográfico; cinguirse á área lingüística galega dentro do ámbito da cultura castrexa, de seu máis amplio; e cinguirse a unha crasificación fenomenolóxica e a un comparativismo *puramente ilustrativo* no tratamento do material recolleito.

Dentro deste criterio metodolóxico, desenvolve o seu interesante traballo, no que nos vai amostrando cómo os "habitantes lexendarios" dos castros son ás veces o sufique da historia popular —"mouros", "franceses", "fauciosos", etcétera, representan un eco popular do pasado histórico esvaído como narración—, e outras veces son o sufique dunha mítica popular na que "mouros", "señores", "encantos", "xacios", etc., personifican un mundo máxico coesistente co noso, inda que oculto debaixo da terra. E amóstranos igualmente como os "tesouros" castrexos, que de seu fan debecer a cobiza dos homes, contan sempre con "gardadores" que, ao faceren impotente a cobiza, restablecen o equi librio moralizador, mentres que este fracaso acende no home unha rebeldía percuradora de poderes máxicos —"sabias", "meigas", "Ciprianillo". etc.— que o liberen dese equilibrio que o couta dentro da realidade concreta.

Ademáis deste elemento estuda os animáis no folklore castrexo, así como a supervivencia de primitivos cultos líticos, acuáticos, e dos astros, e tamén

[1] Universidad de Santiago de Compostela, 1971.

fai referencia ao proceso de cristianización do lexendario castrexo. Cada capítulo vai seguido dun apéndice no que se dan referencias concretas de numerosos castros nos que se localizan as lendas manexadas.

Nesta obra, e máis aínda no seu traballo encol do "Folklore dos castros do Incio" (GRIAL-31), González Reboredo amosa unha disposición mental propicia á revisión actualizadora das ideas vixentes encol da nosa etnografía e da nosa etnoloxía. Labor certamente necesario, porque a vida cultural requere anovación arrequecedora.

R. PIÑEIRO

O CABALIÑO DE BUXO. por Xosé Neira Vilas [1]

Saíu do prelo un novo libro do Neira Vilas. E van... ao pe dunha ducia de tiduos, firmados co mesmo nome, nuns dez anos.

Autor fecundo, con obra de calidade literaria reconocida, de raigaña enxebremente popular, é sabido que Xosé Neira Vilas é un valor da nosa literatura. (Por certo, ¿non estaría ben que algunha persoa das que andaban ao tanto das cousas galegas aló polos anos vintetantos nos contara agora se ela atopa semellanzas antre o Castelao daquel entón e o Neira Vilas de hoxe?). De calquera xeito, non se discute que o Neira Vilas ten conquerido polo seu propio esforzo un posto sobranceiro na historia da literatura galega.

O cabaliño de buxo é un libro narrativo, na mesma liña que o libro *Memorias dun neno labrego*. Un e outro teñen de común que os protagonistas son cadaséu neno galego, aldeán e labrego. Se ben, *o cabaliño* é un libro máis breve que as *Memorias*. Cecáis sexa porque o neno *Ruliño* tamén é máis pequecho que o neno *Balbino*. Mesmo semella que o autor recúa no tempo pra escolmar o protagonista da súa obra, e axusta a dimensión de cada libro á medida do mundo que abrangue o seu protagonista. ¿E el daranos unha peza exemplar pra cada edá da nenez?

Escrito nunha prosa sinxela, cinguida e xusta, con naturalidade engaioladora, en *O cabaliño de buxo* tracéxanse nidiamente dez anacos —en dez capítulos— que son dez istantes da vida dun neno, natural dunha aldea nunha bisbarra de cara as Rías Baixas, que anda polos cinco ou seis anos de edade; por máis que algúns destes estremos non se precisan espresamente no libro. E resulta que con eses dez retrincos da andaina dun neniño pequecho, espostos cunha madurecida economía de medios, ilumínase de cheo o vivir enteiro do tal rapaz.

¿Quén non ten soñado arreo, e mesmo desperto, por mor dos contos pantásticos que se contan a carón do lume nas noites de invernía? ¿Quén se non ten solprendido de que os demáis non se decaten de que a un lle ten acontecido algo importante como pode ser recibir unha carta co seu nome no sobre, acodir a unha romaría lonxana, retratarse por primeira vez, ou ter apalpado por entremedias dos homes que unha noite sin dormir é un tempo moi longo? ¿Quén non ten enchido moito tempo con matinacións e verbas encol dalgún sucedido estraordinario como pode ser a actuación dun circo na aldea?. E, sobor de todo, ¿quén é o neno que non acusóu o trauma sicolóxico de bater na escola con un mestre que lle fala nunha lingua allea? Todas estas cousas sucédenlle ao *Ruliño* de *O cabaliño de buxo*. E atópanse eiquí tan doadamente retratadas que lle fan preguntar a un se o Ruliño é unha creación literaria ou, pola contra, el é unha persoa de carne e óso, ben conocida e ben querida polo autor. En calquera dos supostos, *O cabaliño de buxo* é unha obra de testemuña. Rural, como é unha boa parte da nosa literatura, porque rural é a máis grande camada da poboación galega. E esto non é un demérito, senón todo o contrario.

[1] Edicións do Castro, 1971.

Unha ouservación, non máis. Non sabemos se *O cabaliño de buxo* foi concebido con fins didácticos. Mais, o certo é que este libro axéitase pra ser usado na escola. Persoalmente témolo utilizado con rapaces de sete a oito anos. E entendéronse tan ben co mesmo que os máis nenos remataron por mercar cada seu exemplar. O que sí, neste senso cando menos, coidamos que o libro desmerece unha miga polas súas ilustracións: entendemos que éstas sitúanse a nivel de emoción desacorde coa narración literaria.

V. A. L.

GALICIA, GUIA ESPIRITUAL DE UNA TIERRA, por José María Castroviejo [1]

Achegar Galicia á ialma do viaxeiro, ou a ialma do viaxeiro a Galicia. Velahí o que Castroviejo se propón na fermosa guía espiritual do noso país, que remata de aparecer en segunda e ben coidada edición, cunha fina tapa do pintor Manolo Prego. Pra tracexar o agudo e documentado itinerario polo mundo galego, o autor mergullase nas esencias da súa terra, e dá unha axeitada versión dela na súa xeografía, na súa historia, no seu arte, e mesmo nas súas lendas e poesía. A traveso de sustanciosas páxinas vai amosando ao leitor, as impresións que a terra nutricia lle suxire; vai contando os feitos do pasado e a realidade de arestora, ao longo dunha andadura moi ben concebida. Ponse a sinalar os rasgos diferenciadores das bisbarras, das cidades, das vilas e da paisaxe, pra así compoñer un retrato de Galicia, comprido e emocionado. Propúxose Castroviejo ofrecernos unha visión da esistencia histórica, xeográfica i espiritual do país, e destacar, ao propio tempo, ese ou eses rasgos diferenciadores para acadar a síntese definitoria.

Botarse a andar por Galicia adentro é abrir un diálogo co pasado e coa realidade de hoxe. Decir Santiago, Pontevedra, Lugo, Ourense, ou simplemente Betanzos, Ribadavia ou Tui —fermosas vilas ergueitas nas beiras do Mandeo, do Avia e do Miño— é como afundírese na lembranza, que ven ser decote poesía; é como se internar nos camiños da ialma dun pobo real, dentro dun tempo que semella ter crebado, ás veces, as mauciñas do reló.

Sin dúbida, Castroviejo contrastóu nos seus vagares, que Galicia emprincipia a traballar cara o porvir. Pero tamén que hai algo de séculos fadigados na teima opaca da faena cotiá das súas xentes. Nestas páxinas presenta descricións cheas de coorido, notas de supervivencia histórica do noutrora mundo vivido, interpretacións atinadas dunha realidade presente. E con todo eso compón os capítulos do seu libro, antre os que os máis felices, ao noso ver, son os adicados a Santiago, Pontevedra e Lugo.

Cronista ameno, coa soltura do narrador afeito ao oficio, Castroviejo enceta a súa andadura na paisaxe compostelá. Situado na ecuménica cidade vai desplegando as perspectivas todas que a singularizan. Vive eiquí a pedra abalada por altas campás, cinguida pola campía e dominada pola lembranza dos tempos creadores. Foi neste lugar onde nacéu, a traveso dos camiños que a ela chegaban, a conciencia de Europa: a que, en frase de Goethe, xurdíu mesmamente pelengrinando. Santiago é romería e tamén eternidade. Dende a Ferradura, antre carballos centenarios, eucalitus, araucarias e macizos de roseiras, albíscase, nidio, o bosque de pedra, co Pedroso como fondo. Percorrer a cidade é descobrir un maravilloso mundo de eirexas, de conventos, de vellas casonas ou de antergos pazos seculares; é paseárese por un universo fantasmal de granito labrado. A Torre do Reló, ergueita polo xenial alarife Domingo de Andrade, guinda a súa inmensa e fermosa sombra sobre da praza da Quintá. Aló, un algo ao lonxe, asoma a eirexa do convento de Belvís. Aquí consuma a súa gracia barroca a fachada do Obradoiro, e case ao seu carón a do Hospital Real, unha das máis espléndidas amosas do plateresco. Na banda de atrás a mole de

[1] Espasa-Calpe. 2.ª edición. Madrid, 1970.

San Martiño Pinario, e moi perto, o couso enlousado da Quintá dos Mortos desenvolve unha esacta inmensidade. No interior da catedral, a maravilla escultural do Pórtico da Groria ven ser como un adianto en pedra do eterno.

Rúas, eirexas, pazos, moimentos compoñen un escenario pétreo sin parello. Mesmo o ecoar dos bronces que noutrora concitaran a históricas ou lexendarias lides, sonan a pedra ao rebotar nelas. Feita pra meditar no meio dunha paz que se marmela, Compostela é pra Castroviejo unha cidade nova e eterna. Trátase dunha Galicia pura, vestida con xeitos románicos e barrocos. Nela, o escritor móvese ao seu gosto: xa se afunda nos séculos pra espricar o seu mostrario de estilos, xa se distraía nas beiras do río que Rosalía cantóu.

E dende alí arrinca o viaxe cara as terras da Ulla. Nas abas do Pico Sagro érguense aínda as ruinas feudáis do castelo de Cira, que xogóu importante papel nas loitas de Xelmírez con Dona Urraca. Na mesma paisaxe, un algo distante, está o Pazo de Oca, un pequeno Versalles arrodeado de vellos castiñeiros e doutros albres seculares. O camiño vai agora cara a Noia, cuias rúas se ornan con nobres e garridos soportáis e fiestras de oxiva. E por outros andares, nas altas terras do Tambre, asoma o grande mosteiro cisterciense de Sobrado dos Monxes. De volta, rumbo a terras pontevedresas, Padrón, onde atracóu a barca do Apóstolo.

Castroviejo describe agora a groria das rías, o Salnés, Cambados, A Lanzada, A Toxa... E a seguido entramos da súa man na vella "Helenes": cuncha espléndida antre montes albiscadores de horizontes. Parámonos nas súas prazas blasonadas, de nomes evocadores que falan de gremios e linaxes. Temos dediante de nós a graciosa eirexa da Peregrina. Contemplamos a de Santa María a Maior, representativa do chamado estilo dos mestres da obra do derradeiro tercio do século XVIII: templo dos antigos mareantes, cando Pontevedra era bó porto trafegante e mariñeiro. Nas fachadas das eirexas e dos casales antergos —douradas logo polos anos— amosan ao asombro do viaxeiro, prodixioso labor. E como a pedra é loira e celmosa, e a luz mollada, semella brillar cunha vibración decorando a paisaxe co acougo dun grande acorde musical.

De Pontevedra conduce o escritor a quen o lee, polos camiños que levan a Lalín, pasando pola Estrada. E logo amóstralle, gozoso, os itinerarios que beirean a península do Morrazo.

Estamos agora en Vigo, o grande porto puxante. O panorama que del dibuxa o autor da *Guía,* xa non é un panorama de pretéritos. Hai sí referencias a horas que foron. Pero a norma definidora da cidade atlántica céntrase nos deseños do seu pulo industrial presente, inda que conxugados cos dunha vizosa paisaxe circundante. Despóis xurden, outravolta, os itinerarios: a Baiona, a antiga Erizana, a Á Guardia, a Tui. En Tui, sobre o Miño, a catedral-fortaleza reina, vixía e preside. Coa Corredeira é alfa e omega da ordenación cara o relanzo, silandeiro e veloz a un tempo, do meirande dos ríos galegos. De Tui, por Porriño, a Mondariz, cunha lembranza aos balnearios. Ven logo unha evocación do histórico castelo do Sobroso, ergueito na paisaxe. E rebordadas as alturas da Fonfría, a baixada a Ourense. Antes, no camiño cara a vella Auria, preséntase Ribadavia, moi asentada no Ribeiro. Hai un grande feitizo nas súas rúas antergas e nos seus moimentos. As casas da vila penduradas sobre do río, as torres e tellados, o evocador castelo, as eirexas e o barrio xudeu baixo da lúa, compoñen un cadro de singular enlevo. San Xoan, con boa fachada románica, Santiago, Santa María de Oliveira... falan dunha antiga e protagonizadora historia eclesiástica.

E xa, a pouca andadura, o dourado Ourense. A catedral prologa, preside e tutela o conxunto urbán. Son moitos os feitos do pasado que gravitan sobre do ser da cidade. Viven aínda hoxe nos vestixios moimentáis e no trazado dos antigos barrios. Fora da catedral e da ponte romá, persevera unha chea de notas lembradoiras: A proporcionada Praza Maior, o vello pazo episcopal, o pórtico de Santa María... Mais non é soio pretérito o que en Ourense alenta. Á beira das benqueridas e vedrais rúas de sempre, a cidade en franco crecemento vólcase hoxe en novos xeitos con forza e rebumbio.

Os camiños enderéitanse agora pola Arnoia cara Padrenda. Son variegadas e incitantes as roitas viaxeiras: A Celanova, por Barbadáns e Loiro; ás terras de

Zamora, pasando pola Antela; aos Mosteiros do Sil, a Trives e a Viana, a Valdeorras e o seu val; a Cea e á bisbarra do Carballiño...

Un outro vieiro leva arestora á anterga terra luguesa, feudal e romá. Inda que Castroviejo tense aficionado á historia de cada lugar do país, Lugo, a ben murada, señora de bretemosa antigüedade, cunha cárrega nada común de acontecementos, semella espertar un especial interés no escritor. Compostela primeiro, e quezáis Lugo despóis, son as cidades máis morosamente tratadas na súa *Guía*. A muralla romá xoga en todo o decorrer dos séculos lugueses un importante papel de bastión histórico. O autor das páxinas que comentamos detense aquí pra espricar o siñificado do cerco de laxes que envolve á cidade. E conta despóis, como a extramuros, medra un ritmo novo de edificación, ao mesmo tempo que polas portas do recinto amurado métese toda a enxurrada auténtica e campesiña que é vida da terra luguesa. Lugo ten pequenas rúas entrañábeles, ten soportáis, e ten as dúas grandes prazas de Santo Domingo e Maior. Na catedral domina o románico na súa estructura, na súa planta e nos seus motivos ornamentáis. Lucus román é, ao cabo, pra Castroviejo, un centro agrario e acolledor.

De alí arrinca outravolta a súa andadura. De primeiras cara a Cervantes e a alta montaña. Despóis a Sarria e Samos, a Chantada e Quiroga, e ás boas terras de Lemos. Aquí Monforte, alzado sobre do Cabe e do val, capitana do vello condado. E logo a Fonsagrada. A seguido pola Terra Chá, a Villalba e Mondoñedo. Na recollida cidade episcopal, o paseo polas estreitas rúas, polas antigas Rondas, por Batitales ao pe do antigo pazo de Luaces. As casas cos seus tellados grisallos, apértanse cara a catedral, cuia porta principal é románica, e oxival no fermosísimo rosetón que a preside.

O leitor é levado agora camiño de Ribadeo, pasando por Lorenzana, achegándose despóis a Viveiro, tamén na costa. Recúa logo varias leguas, pra entrar nesa pequena cidade, frol de aristocracia e ensoño, que se chama Betanzos. Na *Guía* evócase a lembranza dos pazos das Mariñas, dos nobres enterramentos de San Francisco e dunha vida social refinada e cortés que duróu varios séculos. E esprícase tamén cómo Betanzos se apiñoa e se verte dende o castro de Unta, bela e ordeadamente sobre do Mandeo. As rúas baixan deica os vellos barrios pescadores; e os paseos, os cantós, os soportáis, a praza do Consistorio, Santa María de Azogue, forman un cadro urbán de singular feitío.

Da antiga Brigantium, a Pontesdeume cos Andrades, ao Ferrol, a Santa Marta de Ortigueira, á Coruña. Esta cidade é unha cidade fina como o seu aire e a súa luz encristalada. Na parte vella un silencio de séculos aniña nas grandes lousas agrisalladas, nas súas eirexas aberxidas, nas súas casas con blasón e nas súas praciñas. Pero na parte nova, venteada polos aires do Orzán, a Coruña é tamén dinamismo actuante.

A pelerinaxe que Castroviejo foi deseñando nas páxinas de *Galicia, guía espiritual de una tierra* chega ao seu cabo polos vieiros que van cara a costa da morte, cara as grandes pedras e o grande mar, e cun emotivo adéus ao Fisterre. Pero o libro non remata ahí, pois amécese unha coda na que se fala do beber e do comer en Galicia, das romarías e das danzas, e dunha sucinta pero espresiva fisonomía actual do país.

Ten sido fermosa a ilusión deste longo viaxe de máis de seiscentas páxinas a traveso da xeografía e da historia galegas. Ten sido atraínte, de certo, o film acadado polo escritor, no que os textos literarios se conxugan con abondosas e reveladoras ilustracións gráficas. Ahí, pechado no mesto volumen, quedóu ese mundo noso de ontes, e ¿por qué non?, de porvires, que ao igual que nos días de brillante europeismo ha presidir outravolta a andadura dos viaxeiros que a el se acheguen.

S. LORENZANA

LOS GALLEGOS, por Xavier Costa Clavell [1]

Na mesma medida en que vai afirmando e desenvolvendo a súa persoalidade, Galicia vai despertando interés fora dos seus lindeiros. Durante moito tempo, esa curiosidade limitábase á contemplación gozosa da paisaxe e á non menos gozosa degustación do marisco, que tiveron ao seu cárrego a representación de Galicia como o flamenco ou os touros a de Andalucía. Pouco a pouco vai medrando a conciencia de que Galicia é algo máis que paisaxe ou marisco, de que é, como todos os pobos, unha realidade problemática. E segundo vai medrando esta concencia medra tamén a curiosidade por conocer á Galicia verdadeira.

Dende hai anos, algunhas "Guías" foron dando a conocer a imaxe xeográfico-histórico-artística da nosa terra. Entre elas, sobrancea como modelo crásico a de Otero Pedrayo, aínda non superada e difícil de superar. Máis recentemente, libros de X. M. Beiras, V. Paz Andrade, X. Cambre Mariño, D. García-Sabell, J. M. Franco García, A. Míguez e varios máis, deron a conocer problemas vivos da realidade galega. Paralelamente fóronse editando libros descriptivos da imaxe actual de Galicia, entre os que habería que destacar o escrito por Basilio Losada.

Agora, Xavier Costa Clavell, escritor galego afincado en Cataluña, ven de publicar un novo libro "introductorio" á realidade galega. Nel, o autor prescinde de nos decribir a corporeidade xeográfica de Galicia, ou o seu estraordinario patrimonio artístico-monumental, para centrarse máis directamente no pobo galego. Divide o libro en tres partes. Na primeira, que titula "Perfil histórico" vai trazando as vicisitudes do pobo galego ao longo dos tempos. Na segunda, que titula "Condicionamientos socio-económicos", trata de problemas tan fundamentáis na vida da comunidade galega como a fame, o minifundio, o desenrolo, a emigración, o conservadurismo do clero e a esclerose da burguesía. Na terceira, que titula "Raíz y presencia del hombre gallego", trata de temas como a saudade, o idioma, as claves literarias, as claves artísticas e a psicoloxía do galego.

En realidade o libro está inspirado nunha intención reveladora da realidade problemática da Galicia actual. Pretende que o lector, unha vez informado do contido do libro, estea en condicións de comprender as mágoas, as arelas e mesmo as rebeldías dos galegos. A sinceridade deste propósito bótase de ver no feito de renunciar o autor —escritor, poeta— a todo recurso literario no desenvolvemento dos temas. Quer que falen por sí mesmos, que impresionen coa súa dramática patencia á mente do lector.

Ao longo do libro manéxase unha bibliografía abundante e actual. En todo el vibra unha fonda preocupación social, unha radical solidaridade co pobo galego traballador. Na presentación e valoración de feitos ou persoas domina, naturalmente, o criterio dictado por esa actitude íntima. Mais sin sectarismos e sin cativeces. Pola contra, máis ben con xenerosidade.

G.

PENSAMENTO E SEMENTEIRA. de Antón Villar Ponte *

O Centra Gallego de Buenos Aires, co que tan fonda débeda ten a cultura de Galicia, ven de publicar unha recolleita de artigos xornalísticos de Antón Villar Ponte, baixo o rubro de *Pensamento e Sementeira*. A oportunidade desta recolleita é evidente. Villar Ponte é un dos ensaístas galegos menos e peor co-

[1] Ediciós "Nós", Buenos Aires, 1970.

* Ediciones Galicia, del Centro Gallego de Buenos Aires. Instituto Argentino de Cultura Gallega. Buenos Aires, 1971.

ñecidos da anteguerra, i é tamén unha das figuras sobranceiras do grupo das "Irmandades da fala". A súa actividade política, a súa laboura xornalística son hoxe cáseque absolutamente descoñecidas. O libro editado baixo os auspicios do recén nado Instituto Argentino de Cultura Gallega, ven agora —e nunca máis xustificada a frase tantas veces tópica— a encher un oco na bibliografía galega.

Esta recolleita de artigos ven ser crónica da cultura galega a traveso de quince anos. Lamentablemente, non se consigna ao pe dos artigos a data da súa publicación —aínda que sí o xornal ou revista onde apareceron— i ésta é a única tacha que se lle pode apoñer á edición. A recolleita é abondosa e siñificativa dabondo. A distribución en diversos epígrafes —"Temas políticos", "Glosas literarias e artísticas", "Traballos doctrinás", "Traballos polémicos"— está feita con senso, por máis que, como resulta inevitable neste caso, algúns destes traballos póidanse inxerir doadamente en dous dos apartados. Muitos destes artigos refírense a episodios circunstanciales da vida cultural galega da preguerra, outros espoñen, con rigor e claridade, o pensamento político do autor. Todos están escritos nunha espléndida prosa xornalística, crara, precisa, cun senso matizado da esposición e sempre cunha sorprendente vivacidade e galanura de estilo, ás veces con ironía, outras con ira, non poucas con sarcasmo. Tras da lectura destes traballos, queda ben claro que Villar Ponte foi unha das grandes figuras dunha etapa escintilante do xornalismo galego. Foi tamén un dos máis rigorosos espositores do galeguismo político, por máis que a súa morte, nos primeiros días de marzo do 1936, non lle permitíu adoptar unha posición terminante nos intres clave da escisión do galeguismo e da guerra. No caso dalgúns xuicios encol de persoaxes políticos do seu tempo bótase aínda máis de menos a falla da data na que o artigo foi publicado. Ás veces a súa posición semella dende hoxe un chisco inxenua ou anecdótica, no caso das súas reivindicacións alporizadas diante os aldraxes castelanistas por exemplo. A súa visión da convivencia peninsular podería someterse a revisión dende prantexamentos novos tras da guerra civil. Pero en conxunto a obra —e de xeito especial a obra política— de Villar Ponte compre considerala como a dun clásico de pensamento galeguista, con muitos puntos aínda vixentes a cunha claridade de esposición, cun vigor de polemista, que atrae de inmediato ao lector. Os artigos adicados á vida cultural galega son realmente a crónica cabal dunha etapa de sorprendente madurez, con datos esquecidos e importantes, e comentos asisados que en nada perderon o seu vigor, moi lonxe da gacetilla circunstancial.

Inclúise no libro un traballo longo, "O sentimento liberal na Galiza", que é o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega. Benvida sexa pois esta recadádiva de traballos soltos que veñen darnos o perfil real dunha das máis rexas persoalidades da Galicia da anteguerra, hastra o dagora lamentablemente esquecida. E compre tamén sinalar a gratitude que merez o Centro Gallego de Buenos Aires polo seu esforzo na recolleita i edición destas prosas que encetan con tan bon pe a laboura editora do Instituto Argentino de Cultura Gallega. O libro leva un limiar de "Salvador Lorenzana", que acerta a situar a persoalidade de Antón Villar Ponte no seu tempo. O limiar, verdadeiramente maxistral, era inescusable visto o esquecemento en que caira esta figura hoxe recuperada. A mágoa —e temos que repetilo unha vez máis— é que non se fixera constar ao pe dos artigos inxeridos a data da pubricación de traballos xornalístcios, e míis nunha etapa tan confusa doctrinalmente e tan cambiante como foron os dous anos inmediatamente anteriores á guerra, resultaba moi comenente esta constancia.

BASILIO LOSADA CASTRO

IDIOMA I PREJUDICI [1]

Rafael Lluís Ninyoles ven adicando, dende hai algún tempo importantes estudos á problemática sociolingüística de Valencia. Hai dous anos aparecéu da súa autoría un libro fundamental: *Conflicte lingüistic valenciá,* muitas de cuias consideraciós podíanse apoñer tamén a realidade galega. Aparece agora *Idioma i prejuici,* estudo centrado de xeito básico nos problemas de contacto conflictivo antre o castelán e máis o catalán en Valencia, manifestación dunha superposición de clases e culturas que ten muita semellanza ca problemática sociocultural de Galicia. No comenzo de *Conflicte lingüistic valenciá,* decía Ninyoles: "O uso de dúas língoas no País Valencián, amostra ben claramente un conflicto que sólo pode ser enunciado e resolto enfrontando os problemas sociales, económicos e políticos implicados na súa estructura". A base dos estudos de Ninyoles atopámola no concepto de *diglosia* definido por Charles A. Fergusan. A diglosia supón a coesistencia conflictiva de dúas língoas, nunha diversificación de funciós vencelladas a un *status* cultural político, de xeito que unha destas língoas úsase nos niveles de comunicación "formal", no insino, a literatura, a Administración; e a outra, "subordinada", é tida por baixa e familiar. O concepto de diglosia supón pois un matiz de enriquecimento diante da conceición habitual do bilingüismo. Seguindo a Joshua A. Fishman, distingue Ninyoles o bilingüismo, propio do comportamento lingüístico individual, da diglosia, que corresponde a un nivel socio-cultural da orgaización lingüística.

A comprensión cabal dos fenómenos de *bilingüismo* e *diglosia* é fundamental, na opinión de Ninyoles, pra entender todo o conxunto de motivacións ideolóxicas que influen no conflicto lingüístico de Valencia, que tantas semellanzas ten co de Galicia. Fenómeno característico das dúas comunidades é a castelanización das clases medias urbanas. E tamén un retorno, dende perspectivas conscentes, á consideración actual destes problemas e ao seu replantexamento. Esta situación nova apunta cara unha superación da situación diglósica, pero paralelamente a ela sigue actuando, nos niveles non ilustrados do país, o proceso de acentuación do enfrentamento lingüístico. É decir, e xa no contesto galego —e tamén, pra o caso, no valencián— que a língoa tida por inferior vai recobrando o seu prestixio a nivel culto mentras sigue a perderse nos terreos en que, hastra o dagora, mantíñana viva e actuante. O problema poidera ser que a nivel culto e urbán chegárase á simple aceptación da língoa vernácula como unha segunda língoa, apta xa pra a laboura cultural e con todas as súas posibilidades espresivas aínda virxes, namentras que no pobo perdíase na súa condición de fala única de resposta —é decir de cultura no seu senso máis integral— aos problemas do seu mundo.

Estudia Ninyoles de xeito especial o problema da folklorización da língoa, aceptada neste nivel pola ideoloxía máis conservadora, que tolle deste xeito todo o contido polémico que podía ter o prantexamento da custión lingüística na súa másima acuidade. A fala pasaría a ser pois un elemento decorativo —como no noso nivel a gaita ou o traxe folklórico ou a muiñeira— acougante e desprovisto de perfiles conflictivos. Unha das manifestacións máis peligrosas desta actitude sería a gabanza dos valores líricos —esclusivamente líricos— da língoa, posición á que Ninyoles fai abondosa referencia. "A atribución dunha aptitude innata, dun "xenio", ao idioma, perteñece ao dominio da mitoloxía máis que ao reino da esperencia real", dí Ninyoles. Pra o ensaísta valención "é unha parvada afirmar a esistencia de "pobos" bilingües. Hai somentes individuos bilingües, do mismo xeito que non podemos falar de pobos hepatíticos, e sí de individuos hepatíticos, a non ser que queiramos maxinar un fígado coleitivo". Badía Margarit tiña distinguido antre un "bilingüismo natural", que é o que se dá nos fillos de pai e nai de fala diferente, ou dos que por unha razón semellante atópanse en contacto con dúas língoas denantes xa do comenzo da súa vida conscente; e "bilingüismo ambiental", que é o que ofrecen en xeneral as língoas minoritarias

[1] Biblioteca "Raixa". Editorial Moll. Palma de Mallorca, 1971.

no seu contacto ca língoa oficial do Estado. O concepto de "bilingüismo ambiental" equival pois pra Ninyoles ao concepto de diglosia, caracterizado polo feito de que unha destas língoas ten o carácter de "contra-língoa" diante da outra, que teríase pola língoa por escelencia. Aguda é a observación —doutra banda ben doada de comprobar— da menor rixidez con que actúan os controles lingüísticos cara a língoa subordinada, siñalada polo feito de que sexan admitidos na língoa "inferior" espresiós hilarantes ou gallofeiras que non o serían na fala "superior". Esta reducción de funciós, orixinada da situación de anormalidade, remata por ser atribuida a unha aptitude especial da fala. Un sofisma máis, un prexuicio, que no noso caso pode chegar a pesar de maneira decisiva cara a recuperación da conscencia lingüística no galego-falante e á solución da súa concencia de inferioridade. Diante desta situación de diglosia, a aceptación do "bilingüismo" é pra Ninyoles un xeito máis de ocultar o problema perpetuando a situación de anormalidade.

Dun xeito especial detense Ninyoles no estudo dos mecanismos sociales e individuales que rexeitan a fala nativa ao nivel que o autor define "entre el xaronisme i la bufonería" é decir na súa espresión paródica ou bufa. O estudio da tradición vulgarista, do "xaronisme lingüistic", é revelador. Tamén algún día terase que facer o estudo da tradición bufa no galego literario, tan abondosa no XIX.

Manexa Ninyoles un abastado caudal bibliográfico, verdadeiramente escolleito e orientador. Leva o libro un limiar de Joan Fuster, inciso, dunha ferinte precisión, partindo do feito de que "os conflictos lingüísticos son máis ou menos semellantes en todas partes: teñen unhas leises e unha dinámica idénticas". Tamén pra Fuster o conflicto lingüístico é "un epifenómeno da loita de clases".

B. LOSADA CASTRO

PROVIÇO E PROVISO

Se temos de creer a Serafim da Silva Neto, o vocábulo *proviço* é un *hapax* na niteratura portuguesa. Aparez, en efecto, unha vez soa, en André de Resende, *A santa vida e religiosa conversação de Frei Pedro*. Ao esconxurar este relixioso aos demos que o atormentaban en forma de arripiantes visións, chámalles *proviços*. O falecido filólogo brasileiro, interpreta *proviço* como 'perverso, maldito, destinado para o inferno. Canto á etimoloxía, amósase indeciso. Comunícanos que, secomasí, inclínase a considerar probábei que o núcleo semántico é a palabra arcaica *provinco* < PROPINQUU. De feito, na Beira-Alta dase o nome de *probinco* ao demo. A forma *proviço* sería unha deformación como resultado dun cruzamento con outra voz de sinificado análogo, se cadra *praviço*. Do valor primitivo de 'parente', pasaría a especializarse como designativa de 'parente de Satán', para rematar designando ao demo en persoa (Serafim da Silva Neto, *Ensaios de Filología portuguesa*, São Paulo, 1956, páx. 173-176).

O curioso é que en galego moderno, *proviso* ou *porviso*, que parez o proprio *proviço* conformado á fonética ou á ortografía actual, ese *hapax* do portugués, é voz viva e moi viva, polo menos en certas áreas da nosa terra. Dieste emprégaa na súa *Fiestra valdeira* coa sinificación de 'diaño'. Sexa o demo maior ou calquer demachiño ou trasno menos distinguido, o nome é común na comarca arousá. Tamén o teño rexistrado na Maía, e no Ullán. En Ribasar oise: "Dixo que traguía unha muller moi feita, e aquelo era un porviso". Aquí, pois, sinifica visión espantábel, algo témero ou laido. En Rianxo, á beira do mar, na fala dos mariñeiros, dise *porviso;* pero ao nos afastar da ribeira, ouvimos aos labradores *proviso*. Non me consta que a verba viva noutras terras moi alonxadas, como nalgunha comarca do oriente da provincia de Lugo, onde informadores respetabeis dinme ter noticias do seu uso. Outras persoas daquela zona a quenes interroguéi, descoñécena totalmente.

Semella craro que o sinificado primitivo da voz galega foi visión, visión de outro mundo, visión témera, visión arripiante, espírito maléfico, demancho, diaño, e chegóu a usarse metafóricamente para designar unha persoa fea. Nalgúns puntos, a metáfora lesicalizóuse, e perdéu o sentido orixinario. *É unha visión,* oise a cada momento, querendo decir sinxelamente 'é moi feo'. Así que semella que a etimoloxía ten por base o participio de VIDEO.

O *hapax* portugués, que tamén o é do galego anitgo (*Crónica Troyana,* páxina 183), non ten aparencias de ser outra cousa que a viva voz galega. A semántica une ambas formas. A distinción hoxe é meramente ortográfica. Ao perder as africadas o elemento oclusivo en galego-portugués, produxéronse moitas confusións na grafía. Africadas e fricativas, sonoras e xordas, as sibilantes enguedelláronse amiude. Pero pode haber outra esplicación, mesmo un cruce. Non imos afondar agora na custión. Mesmo iñoramos se os dialectólogos portugueses terán detectado esa voz nalgúns falares do seu país con posterioridade á pubricación do traballo de Silva Neto. No *Elucidario* de Viterbo, edición crítica de 1966, foi incluido *proviso*. ¿Realmente será o vocábulo estincto na fala viva en Portugal, en todo Portugal, cando en Galicia goza de tan boa saúde?

Val a pena un estudo completo de tipo lingüístico e etnográfico sobre a materia. Non é a nosa intención facelo nesta nota. *Forsi altri canterá con miglor plettro.*

Algunhas noticias interesantes sobre a mitoloxía do proviso en Rianxo, espostas en amena forma literaria, son oferecidas aos leitores de GRIAL por unha estudante universitaria noutro lugar deste mesmo número.

R. C. C.

CENTENARIO DE SAID ARMESTO

Sáid Armesto, visto por Castelao

O día 13 de agosto deste ano cumplíuse o centenario do nacimento de Said Armesto. Foi Víctor Said Armesto un home que soupo moitas cousas e que soupo decilas con beleza, con gracia, con sinxeleza e con emoción. Poucos homes en Galicia souperon coma el: de folklore, de epigrafía, de historia, de arqueoloxía, de paleografía, de literatura, de filoloxía, de costumismo, de indumentaria, de sicoloxía e de idiosincrasia galegas... A súa breve vida, vida austera, de cenobita, pode condensárese en tres palabras: estudóu, traballóu, penóu.

Si a obra enciclopédica deste grande polígrafo non ficase inédita, causaría asombro. Escribíu uns *Comentarios críticos a la obra del Padre Martín Sarmiento*, e *Comentarios sobre el "Teatro Crítico" del P. Feijóo*. Foi autor doutros estudos, dos que algún publicóuse e outros se non deron ao prelo: *Historia y evolución de la lengua galaico-portuguesa, Los orígenes de Don Juan, Las leyendas del Rin y del Sil, Origen vasco de la raza gallega autóctona, Estudio crítico e histórico de los poetas gallegos de los Cancioneros de la Vaticana, Baena y Ajuda, Biografía de Rosalía Castro y análisis de su obra, Los poetas gallegos del siglo XIX*, etc.

¿E cál foi a vida do escritor? Víctor Hipólito Said Armesto nacéu en Pontevedra. A súa nenez decorréu na vila de Bueu, no pazo de Casal. Logo, na cidade natal, foron os seus mestres o filósofo Indalecio Armesto, seu parente, e o catedrático Xesús Muruáis. Licencióuse en Filosofía e Letras na Universidade compostelá. Despóis esplicóu historia no Instituto pontevedrés. Xa doutorado marchóu a Madrid, a loitar. De Madrid voltaba a Galicia todos os anos pra facer escursións pola montaña, pola beiramar e polos arquivos. Eran escursións que duraban tres meses; de aldea en aldea, de feira en feira, de romería en romería.

Dunha das súas longas e derradeiras andaduras por ambas ribeiras do Sil xurdíu unha interesante conferencia, pronunciada en varias sesóns no Ateneo de Madrid, que se trocóu despóis no curioso libro, xa citado, *Las leyendas del Rin y del Sil*. Demostróu nel a identidade que as lendas do sagro río alemán gardan coas do sagro río galego: si ouro hai no Rin, ouro hai no Sil. E ate o Santo Graal está aquí, en Galicia, no bico ergueito do Cebreiro.

Por este tempo, Victor Said gañóu en rifadas oposicións unha cátedra no Instituto de León, e alí rematóu as belas e eruditas páxinas de *Los orígenes de Don Juan*, libro tan reiteradamente louvado por Unamuno. Xa doente, voltóu a Madrid pra opositar á cátedra de Lingua galaico-portuguesa, do doutorado de Letras da Universidade Central. Outívoa, por saber e por xusticia. E finóuse na mesma noite na que se estreaba no Teatro da Zarzuela, con grande éxito, a súa comedia *La flor del agua* e cando o público chamaba á escea ao autor.

SERIGRAFIAS DE ARTE

Serigrafías de Arte ven de realizar, por primeira vez no noso país, a esperiencia de ofrecer ao público unha mostra do traballo artístico dun grupo esgrevio de pintores da hora actual de Galicia, a traveso das reprodución feitas coa ausoluta fidelidade conquerida polo procedimento serigráfico. A mostra, que foi presentada en varias cidades galegas, inxeríu obras de dazaoito artistas calificados: Virxilio, Seoane, Mercedes Ruibal, Pérez Bellas, María Antonia Dans, Díaz Pardo, Xaime Quesada, Antonio Quesada, Ventura Cores, Xulio Maside, X. Luis de Dios, Vidal Souto, Sesto Novás, Ánxel Sevillano, Manuel Prego, Bo-

fill, María Victoria Lafuente e Rafael Alonso.

Nun fermoso catálogo, con tapa de Luis Seoane, os orgaizadores e realizadores, despóis dun axeitado limiar bilingüe firmado por Álvaro Álvarez Blázquez, ofrece unha breve nota de presentación de cada artista, encabezada por unha reprodución serigráfica en color dun dos cadros dos respectivos pintores.

Álvaro Álvarez Blázquez, ao se referir ao labor que amosa ao público galego, dí: "Sentimos unha grande ledicia ao presentar arestora un fato tan esteso de artistas, vencellados no común rigor dunha mesma técnica —sin míngoa, naturalmente, do libérrimo lingoaxe de cada quén— e brindar así a súa obra dun xeito facedeiro e popular".

OS CRÍTICOS DIANTE DA LITERATURA CATALANA

Vai pra sete anos, a revista catalana "Serra d'Or" pubricaba os resultados dun inquérito a dazanove dos críticos máis relevantes do ámeto lingüístico catalán, á percura das mellores obras pubricadas na súa lingoa nos vintecinco anos antecedentes. O resultado desta enquisa foi resumido no número 7 de GRIAL. No seu número de abril 1971, repite "Serra d'Or" o inquérito aos mesmos críticos, con sólo seis variantes, pra que sinalaran os mellores tíduos pubricados en catalán e nos diversos xéneros dende 1964 a 1970. O resultado pode ser orientador pra cantos siguen de lonxe e sin unha cabal información, o desenrolo das letras de Cataluña, Valencia e as Baleares. En NOVELA acadóu once votos *El día que va a morir Marilyn*, de Terenci Moix, seguida de *Totes les bésties de cárrega*, de Manuel Pedrolo e *Un lloc entre els morts* de María Aurelia Campmany. No CONTO, en primeiro lugar dúas obras, con 11 votos cada unha: *La meva Cristina*, de Mercé Rodoreda, e *El Balcó*, de Jordi Sarsanedas. POESIA: 11 votos pra *Les dones i els dies*, de Gabriel Ferrater, seguido de *Circunstáncies*, de Pere Quart, e *Els miralls*, de Pere Gimferrer. No ENSAIO tropezóuse cunha dificultade básica, a de fixar os límites e máis o contido do ensaismo. *Teoría de la sensibilitat*, de X. Rubert de Ventós acadóu 11 votos; seguiron *L'Art catalá contemporani*, de Cirici Pellicer, *La cultura catalana del Reinaxement a la Decadència*, de Rubió, *Catalanisme i revolució burgesa*, de Jordi Solé-Tura, *Heretgies, revoltes i sermons*, de Joan Fuster e o *Diari* 1952-1960, tamén de Joan Fuster. TEATRO: 7 votos pra *Ronda de mort a Sinera*, de Espriu e Ricard Salvat; 5 pra *Teatre*, de Joan Brossa, e 4 pra *Desbarats*, de Lloreç Villalonga. Tamén no xénero BIOGRAFIA-MEMORIAS houbo dificultades de precisión: *Quadern gris*, de Josep Pla, acadóu 13 votos; *Diari* 1952-1960, de Joan Fuster, 10 votos (e tres máis no apartado "Ensaio") *Josep Carner i el Noucentisme*, de Albert Manent, 6 votos (e tres máis coma Ensaio).

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Foi adicado este ano ao escritor Gonzalo López Abente. Celebróuse con diversos actos en diversas cidades galegas. O principal tivo lugar na vila de Muxía, lugar de nacemento do escritor, orgaizado pola Academia Galega. Esta entidade editóu, ademáis, un coidado folleto, cun ramallo de poemas inéditos, presentado por Sebastián Martínez-Risco, presidente da institución. Pola súa parte, a Editorial Galaxia, publicóu a noveliña de intención social, da autoría do homenaxeado, tiduada *O novo xuez*. E a Universidade de Santiago sumóuse á festa coa edición dun volumiño escrito por Ricardo Carballo Calero baixo do epígrafe *Lembranza de Don Gonzalo López Abente no Día das Letras Galegas*.

Neste sumario estudo, ocúpase o autor da persoa, da poesía e da prosa do escritor. E como remate, reprodúcese unha escolma de testos, na que figuran poemas de *Escumas da ribeira*, de *Alento da raza*, de *De outono*, de *Nemancos*, de *Centileos nas ondas*, e de *Decrúa;* e anacos en prosa de *O novo xuez*, de *Buserana*, de *Vaosilveiro*, e de *A terra e a poesía de Pondal*.

CASTELAO NA VOZ DOS POETAS

Con este tíduo e co de *Aportación pra unha bibliografía de Castelao,* tiraron do prelo Alonso Montero, Epifanio Ramos e Ricardo Palmas, en Ediciós do Castro, un volume de homenaxe ao grande artista de Rianxo.

Na primeira parte inxírense poemas de Cabanillas, Iglesia Alvariño, Avelino Díaz, Nieto Pena, Paz-Andrade, Ángelo César, Blanco-Amor, Neira Vilas, López Casanova, Lorenzo Varela, Darío Xohán Cabana, Manuel María, Lueiro Rei e Rafael Dieste.

Na segunda, despóis dun limiar xustificativo, publícanse, unha clasificación da obra de Castelao, unha relación dos ilbros e traballos déste, unha serie de artigos relativos ao autor de *Sempre en Galiza,* e uns apéndices complementarios.

O volume reproduce na súa cuberta un autorretrato inédito de Castelao, feito en Bruselas no ano 1921.

NOTAS

O "SEPPUKU co que Yukio Mishima puxo fin á súa vida aos corenta e cinco anos producíu apampamento e volvéu chamar a atención sobre da rexa persoalidade deste gran escritor, tan occidental en certos aspectos e tan fondamente xaponés, polo seu apego ás tradicións máis rigurosas da literatura do seu país. O 25 de novembro do pasado ano —data do seu suicidio— tiña rematado *O mar da ubedade,* tres milleiros de follas manuscritas, que constitúen a súa novela máis estesa e cubizosa. Consta de catro volumes, dos cales pubricáronse xa tres. Dende facía cinco anos Mishima andaba a traballar nesa obra: a historia dun xaponés denantes, durante e após da segunda guerra mundial, a súa propia historia.

POLO conxunto da súa obra literaria, o poeta brasileiro Murilo de Araújo conquistóu o Premio "Machado de Assis", da Academia das Letras do seu país. O poeta, un dos iniciadores do movimento modernista brasileiro, recibíu o galardón nun solene festival que tivo lugar na ABI, antre os seus libros. Destácanse déstes, *A cidade de ouro, A luz perdida, Estrela Azul, A escada acesa,* e *Iluminação da vida.* Ademáis da poesía Murilo de Araújo adícase tamén á crítica literaria.

NO 1960 os sete editores máis importantes da Alemaña Federal publicaban seis novelas por cada catro outros libros de ensaio, historia, etc. No 1970, a relación foi do corenta por cento pra as novelas e do sesenta por cento pra os outros tipos de obra. No 1972, os editores estiman que a proporción será do trinta e cinco contra do sesenta e cinco por cento. ¿Cifras de venda? *Aniversarios* de Uwe Johnson cinco milleiros de exemplares por oito milleiros de impresos; *Mamái* de Augustín, oito milleiros de exemplares vendidos por trece milleiros impresos... Cifras miudas en comparanza coas dos best-sellers, verbigratia as memorias da actriz Hildegarde Knef: douscentos oitenta mil exemplares dende o outono do 1970.

JOHN Osborne promovéu unha especie de revolución ao estrenar no 1956 *Lembrando con asaño.* Trocóuse no voceiro dos mozos irados, impuñadores da xeneración anterior. A sonada peza nembargante, non somella conservar hoxe máis que o seu merecemento histórico. As obras posteriores de Osborne foron estimábeles nada máis, pero beneficiáronse daquela primeira, tan cara á xeneración de "angry men". O autor non deixóu de escribir, e o teatro e máis o cine déronlle moito diñeiro e notoriedade. A súa derradeira obra, destinada á televisión, é un drama tiduado *The Right Prospectus.*

O AUTOR máis traducido de Portugal arestora é, sin dúbida, o novelista Ferreira de Castro. Por orde alfabética a súa obra foi divulgada nos seguintes países: Alemaña, Arxentina, Bélxica, Bulgaria, Canadá, Checoeslovaquia, España, Estados Unidos, Francia, Holanda, Hungría, Inglaterra, Italia, Iugoslavia, Noruega, Polonia, Rumanía, Rusia, Suecia e Suiza. En total, sesenta e dúas traducións. A máis recente novela de Ferreira de Castro tivo dúas edicións simultáneas: Unha en Portugal e outra no Brasil. Neste país vénselle de tributar

unha serie de homenaxes por parte dos meios literarios e universitarios ao popular autor de *A Selva*.

MOITOS homes de letras coinciden en estimar que, mentres a poesía e a narración denuncian en xeneral certo cansacio e desgaste, a crítica metódica atravesa un período baril. Exemplo delo é o recente libro de Jean Starobinski, doutor en mediciña e en letras, e profesor de literatura na Universidade de Xinebra. O libro, que suscitóu comentos ademirativos, contén unha serie de ensaios sobre do emprego comenente das "leituras". Ou seña, dos diversos xeitos de lér un texto literario: leitura estilística, leitura estructuralista e leitura sicoanalítica, e os abusos que se deben evitar. Starobinski distingue en toda crítica tres tempos: o da simpatía espontánea, o do estudo ouxetivo e o da reflesión ceibe e escolla interpretativa, sin as cales é imparcial e incompreta.

CON motivo de se celebrar o centenario do científico coruñés D. Ramón de la Sagra adicóuselle un homenaxe na Habana, por iniciativa da Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística. O acto central do mesmo tivo lugar no paraninfo do Museu Finlay. Encetóuse coa apertura dunha mostra bibliográfica ordeada por temas. Foi descoberto un retrato ao óleo de La Sagra, de grande tamaño, obra do pintor Juan Martí. De remate, o historiador, científico e direitor do Museu Dr. López Sánchez, pronuncióu unha conferencia encol da persoalidade e da obra de Ramón de la Sagra, centrada fundamentalmente no seu labor sobre Cuba.

PARA o primeiro cabodano do pasamento de Agnon, Premio Nobel, xudeu de raza, grande escritor "nun hebreo arcaico e sabroso coma pan fresco", o editor Schecken publica —coa axuda dunha filla daquél— unha novela inacabada de máis de cinco centos de páxinas, tiduada *Shira*. Shira é o nome dunha enfermeira. O persoaxe principal do libro, Manfred Herbs, é un universitario de orixe alemán que ensina na Universidade de Xerusalén na víspera da segunda guerra mundial, terque en xuntar cantas fichas pode sobre da historia de Bizancio: namentras os seus están en campos de concentración hitleriá, os ingleses non deixan entrar na Palestina aos xudeus, os coitelos e as balas dos árabes prohíbenlles Xerusalén... Shira, o nome da enfermeira quer decir "poesía".

FAI uns meses, con ocasión de se cumplir os oitenta e cinco anos de Ezra Pound, aparecéu un volume tiduado *Pound in Italy*, con fotos, textos e unha presentación escrita polo poeta. Este vive en Venecia dende hai varios lustros, silandeiro, arrodeado de certo misterio, asistido por Olga Rudge e renuente ás visitas. O volume refírese aos lugares que aparecen nos *Cantos* de Pound: Rapallo, Venecia, Pisa e Siena.

BAIXO o tíduo de *Castelao. Notas periodísticas*, recolle Eduardo Blanco-Amor nun folleto, artigos sobre da figura do grande artista publicados en xornáis e revistas. Ofrece neles o autor unha imaxe moi precisa, e moitas veces unha inquisición fonda, dos días e dos traballos de Castelao. A mesma brevedade dos artigos de Blanco-Amor sírvelle a éste pra "amoedar" os xuicios e fixar, nun bó e económico deseño, as horas máis avivecidas do mensaxe do xenial rianxeiro.

PASARON uns trinta anos dende que Jean-Paul Sartre anunciaba un traballo seu encol de Flaubert. Agora saíron os dous primeiros volumes da obra co epígrafe de *O idiota da familia*. O estudo de Sartre chega deica as vísperas da saída de *Madame Bovary*. ¿E por qué o "idiota da familia"? Porque Flaubert non adeprendéu a lér até os oito anos. Sartre fai un análise ao por miúdo dende o punto de vista do "psicoanálisis esistencial". Jean-François Revel di que "o psicoanálisis esistencial constitúi un certo retorno á crítica biográfica e histórica, no mesmo intre no que a crítica estructuralista e lingüística quere arrincar o inventario da literatura a todo biografismo e a todo historicismo". Revel cita algús párrafos de Sartre relativos á idocia de Flaubert: "Durante os dous primeiros anos, nas mans da súa nai, Gustavo é unha herba tola: vive ao azar; sin saber o por qué, síntese escuramente supernumerario". Ou, "aos cinco anos, Gustavo se non formula craramente esta contradición, tanto que, resiñado a morrer, non se lle pasa polo max'n o se matar". Aos cinco anos, le petit Gustave!

GRIAL

revista galega de cultura

Precios de venda e suscrición

Número solto	70	ptas.
Estranxeiro	85	"
Suscrición anual, 4 números ..	240	"
Estranxeiro	280	"

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Imp. nos Talleres Gráficos de "Faro de Vigo"
Colón, 30 - Vigo — Dep. Leg.: VG - 99 - 1963

TIP. FARO DE VIGO